



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI legislatura
Número 361
17 de agosto de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

■ 37918 (11/PNP-003343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

[140139](#)

■ 37919 (11/PNP-003344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a presentación e revisión por parte da Xunta de Galicia das resolucións de grao de discapacidade que baixaron a súa porcentaxe tras unha valoración ou revisión telemáticas dende 2020, así como, sobre a súa repetición presencial e con garantías

[140142](#)

■ 37942 (11/PNP-003345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central de incluír no seu proxecto de Lei de Diversidade Familiar, todos os cambios e actualizacións necesarios da Lei de 2003 para garantir a seguridade xurídica das familias numerosas e uniformidade na aplicación

[140145](#)

■ 38085 (11/PNP-003353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para manter unha educación de calidade, inclusiva e equitativa no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha

[140148](#)

■ 38179 (11/PNP-003347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados e reducir o número de alumnado por aula para facilitar unha atención máis individualizada

[140151](#)

■ 38258 (11/PNP-003348)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para seguir impulsando os distintos programas de apoio ao acollemento familiar e ampliar o investimento destinado a este ámbito [140155](#)

I 38276 (11/PNP-003349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único [140158](#)

I 38335 (11/PNP-003350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a realización dunha auditoría ao hospital POVISA [140162](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 37917 (11/PNC-003457)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución [140166](#)

I 37920 (11/PNC-003458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a presentación e revisión por parte da Xunta de Galicia das resolucións de grao de discapacidade que baixaron a súa porcentaxe tras unha valoración ou revisión telemáticas dende 2020, así como sobre a súa repetición presencial e con garantías [140169](#)

I 37941 (11/PNC-003459)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central de incluír no seu proxecto de Lei de Diversidade Familiar, todos os cambios e actualizacións necesarios da Lei de 2003 para garantir a seguridade xurídica das familias numerosas e uniformidade na aplicación [140172](#)

I 38086 (11/PNC-003471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para manter unha educación de calidade, inclusiva e equitativa no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha [140175](#)



I 38180 (11/PNC-003461)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados e reducir o número de alumnado por aula para facilitar unha atención máis individualizada

[140178](#)**I 38257 (11/PNC-003462)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para seguir impulsando os distintos programas de apoio ao acollemento familiar e ampliar o investimento destinado a este ámbito

[140182](#)**I 38277 (11/PNC-003463)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único

[140185](#)**I 38336 (11/PNC-003464)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a realización dunha auditoria ao hospital POVISA

[140189](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.3. Interpelacións****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 38433 (11/INT-001939)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**

Sobre a sanidade pública galega

[140193](#)**Admisión a trámite e publicación****I 37916 (11/INT-001935)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre a atención telefónica en empresas de servizos

[140200](#)**I 37921 (11/INT-001936)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política social da Xunta de Galicia en relación co recoñecemento do grao de discapacidade

[140203](#)

I 38280 (11/INT-001937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de emerxencias

[140205](#)**I 38337 (11/INT-001938)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a calidade asistencial na sanidade pública

[140209](#)**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite e publicación****I 37914 (11/POP-005523)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as posibles medidas do goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

[140213](#)**I 37922 (11/POP-005524)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a cantidade de expedientes revisados dende o ano 2020 que resolvesen unha diminución na porcentaxe de grao de discapacidade

[140215](#)**I 37926 (11/POP-005525)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego sobre o nivel de execución do Plan anual de 2021 de cooperación galega

[140217](#)**I 37928 (11/POP-005526)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a intervención en posibles situacións de desprotección de menores do instrumento denominado Valora-Galicia

[140219](#)**I 37929 (11/POP-005527)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as novidades fundamentais do novo decreto de dependencia

[140221](#)**I 37930 (11/POP-005528)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as novidades fundamentais do novo decreto de dependencia

[140224](#)**I 37932 (11/POP-005529)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do Bono Coidado desde a súa posta en marcha

[140227](#)**I 37934 (11/POP-005530)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

sobre a tenencia por parte da Xunta de Galicia dos datos das solicitudes para o vindeiro curso coincidindo coa posta en marcha da gratuidade das escolas infantís

[140229](#)**I 37936 (11/POP-005531)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre a valoración desde a Xunta de Galicia a proposta do Goberno central sobre o novo modelo de residencias en España

[140231](#)**I 37938 (11/POP-005532)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Consellería de Política Social do incremento das casas niño

[140233](#)**I 37940 (11/POP-005533)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto das medidas destinadas á atención da infancia e ás familias galegas

[140235](#)**I 37987 (11/POP-005534)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre o informe do Consello de Contas respecto da contratación de persoal da Xunta e das entidades dependentes descentralizadas

[140237](#)**I 37989 (11/POP-005535)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de modificar as paradas do autobús do transporte escolar na estrada N-120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnosos, no concello de Pontearreas, para mellorar a seguridade viaria dos escolares

[140239](#)**I 37991 (11/POP-005536)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de cubrir as prazas de persoal nos servizos sanitarios do concello de Pontearreas e na comarca [140241](#)

I 37993 (11/POP-005537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa continuidade do Complexo Medioambiental de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Lousame tras a fin da concesión no ano 2023

[140244](#)

I 37995 (11/POP-005538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre o acondicionamento da nova senda, situada na PO-225, ao seu paso polo núcleo de San Caetano, na parroquia de Alba, no concello de Pontevedra

[140246](#)

I 37997 (11/POP-005539)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implantación de sistemas de aviso eficientes para evitar accidentes de vehículos pesados na ponte ferroviaria de San Caetano, na parroquia de Alba, no concello de Pontevedra

[140249](#)

I 37999 (11/POP-005540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia das competencias da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra

[140251](#)

I 38001 (11/POP-005541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as deficiencias e as carencias do Centro de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas

[140253](#)

I 38003 (11/POP-005542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co futuro da empresa ENCE en Galicia

[140255](#)

I 38005 (11/POP-005543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

[140257](#)

I 38007 (11/POP-005544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

[140260](#)**I 38009 (11/POP-005545)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do contido do informe sobre ENCE elaborado pola Universidade de Vigo

[140262](#)**I 38011 (11/POP-005546)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre o desenvolvemento da tarefa de seguridade nos centros de menores

[140265](#)**I 38013 (11/POP-005547)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para executar o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro e Combarro-Chancelas

[140267](#)**I 38015 (11/POP-005548)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as medidas que prevé o Goberno galego para cumprir os obxectivos de reciclaxe de residuos urbanos que marca a Unión Europea para 2025

[140269](#)**I 38017 (11/POP-005549)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a insuficiencia de oito puntos de encontro familiar para cubrir a demanda existente en todo o país

[140271](#)**I 38021 (11/POP-005550)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do esclarecemento dos abusos sexuais a menores por parte de membros da Igrexa católica

[140273](#)**I 38023 (11/POP-005551)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as diferenzas na cobertura do servizo de hospitalización domiciliaria entre as distintas áreas sanitarias

[140276](#)**I 38025 (11/POP-005552)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a implantación dos servizos de garda de vinte e catro horas nos partidos xudiciais da Coruña e Vigo [140278](#)

I 38027 (11/POP-005553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto do incremento dos niños de velutina [140280](#)

I 38029 (11/POP-005554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de manter, no centro escolar Nosa Señora do Carme, de Marín, as tres aulas de infantil [140283](#)

I 38031 (11/POP-005555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para buscar unha localización alternativa para a empresa Ence [140285](#)

I 38033 (11/POP-005556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da praza vacante do Punto de Atención Continuada da Cañiza [140288](#)

I 38036 (11/POP-005557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para repoñer as vacantes de persoal sanitario no Centro de Saúde de Monteporreiro, en Pontevedra [140290](#)

I 38038 (11/POP-005558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento da atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Mondariz, en Pontevedra [140292](#)

I 38040 (11/POP-005559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para rematar o proxecto de ampliación do Instituto de Educación Secundaria Pedras Rubias, no concello de Salceda de Caselas [140294](#)

I 38042 (11/POP-005560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas para avanzar cara á recuperación e á reciclaxe dos metais secundarios [140296](#)

I 38044 (11/POP-005561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os resultados do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

[140298](#)

I 38046 (11/POP-005562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento do acordo plenario do 26 de marzo de 2008 respecto da aplicación do establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, de memoria histórica

[140300](#)

I 38048 (11/POP-005563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implantación da vacinación antirrábica obrigatoria para animais domésticos

[140302](#)

I 38050 (11/POP-005564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta de estudos de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato no Instituto de Ensinanza Secundaria Frei Martín Sarmiento, de Pontevedra

[140304](#)

I 38052 (11/POP-005565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se anula o cesamento do xefe de servizo de CardioloXía do Centro Hospitalario Universitario de Pontevedra e se condena o Servizo Galego de Saúde á súa readmisión e aboamento das retribucións devindicadas durante este tempo

[140306](#)

I 38054 (11/POP-005566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implementación de medidas desde a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza gratuíta das vítimas de violencia de xénero

[140308](#)

I 38056 (11/POP-005567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario de Administración de xustiza 2019-2021

[140311](#)



I 38058 (11/POP-005568)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dun estudo sobre o tempo de atraso dos informes do Imelga

[140313](#)**I 38060 (11/POP-005569)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a execución das obras de acondicionamento pendentes no antigo edificio dos xulgados da Parda, en Pontevedra

[140315](#)**I 38062 (11/POP-005570)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado das dependencias do Instituto de Medicina Legal de Galicia de Pontevedra ao edificio vello da Parda

[140317](#)**I 38064 (11/POP-005571)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a avaliación de impacto ambiental do proxecto da planta de transferencia de Sogama situada no concello de Arbo

[140319](#)**I 38066 (11/POP-005572)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a resolución das alegacións presentadas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas

[140323](#)**I 38068 (11/POP-005573)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación e formación do persoal da escola infantil O Toxo, de Pontevedra

[140326](#)**I 38070 (11/POP-005574)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre o grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos compromisos asinados no Pacto galego contra a pobreza do ano 2010 e as previsións para a súa renovación

[140329](#)**I 38072 (11/POP-005575)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre os motivos polos que non se levou a cabo a avaliación do IV Plan director de cooperación no ano 2021

[140331](#)

I 38074 (11/POP-005576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre o atraso nos compromisos de rexeneración e conservación da ría de Pontevedra e a súa contorna [140333](#)

I 38076 (11/POP-005577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as razóns do Goberno galego para a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos [140336](#)

I 38088 (11/POP-005579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a supresión dunha mestra e dunha aula de educación infantil no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha [140339](#)

I 38105 (11/POP-005580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre proxectos apoiados na convocatoria do programa de Unidades Mixtas de Investigación resolta este mes de xullo [140341](#)

I 38183 (11/POP-005581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para tomar a decisión de eliminar profesorado nos centros educativos de Cambados no vindeiro curso [140345](#)

I 38199 (11/POP-005582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimeto no ano 2021 e as previsións para o 2022 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro promovidas pola Consellería de Emprego e Igualdade [140348](#)

I 38202 (11/POP-005583)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimento no ano 2021 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego e a previsión orzamentaria da Consellería de Emprego e Igualdade para o ano 2022 [140351](#)

I 38204 (11/POP-005584)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o apoio da Consellería de Emprego e Igualdade á economía social en Galicia e as medidas previstas para o ano 2022 [140354](#)

I 38206 (11/POP-005585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o orzamento que destinará a Consellería de Emprego e Igualdade no ano 2022 a apoiar a actividade das empresas de inserción laboral e as outras accións previstas para promover o emprego de persoas en situación ou risco de exclusión social [140357](#)

I 38208 (11/POP-005586)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance da primeira edición do Programa de *mentoring* de apoio ao emprego das persoas autónomas [140360](#)

I 38216 (11/POP-005587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais [140363](#)

I 38220 (11/POP-005588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos [140366](#)

I 38224 (11/POP-005589)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as actuacións concretas dos plans Emprega da Consellería de Emprego e Igualdade [140368](#)

I 38226 (11/POP-005590)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre os obxectivos e as actuacións do plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social 2022 [140371](#)

I 38229 (11/POP-005591)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego [140374](#)

I 38230 (11/POP-005592)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento [140377](#)

I 38231 (11/POP-005593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022 [140380](#)

I 38232 (11/POP-005594)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas [140383](#)

I 38233 (11/POP-005595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais [140385](#)

I 38237 (11/POP-005596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social [140387](#)

I 38239 (11/POP-005597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as razóns da realización pola Xunta de Galicia de queimas controladas [140390](#)

I 38241 (11/POP-005598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis

Sobre a construción do parque acuático de Monterrei [140394](#)

I 38243 (11/POP-005599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022 [140397](#)

I 38245 (11/POP-005600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a incidencia da silicose na comunidade autónoma galega

[140401](#)

I 38246 (11/POP-005601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a necesidade de prolongación da contratación do persoal discontinuo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF)

[140404](#)

I 38250 (11/POP-005602)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 7 máis

Sobre o balance fai a Xunta de Galicia da Campaña de Verán 2022 baixo o lema *O verán que queres contar*

[140407](#)

I 38256 (11/POP-005603)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 7 máis

Sobre as previsións ten a Xunta de Galicia en relación á nova estratexia de voluntariado

[140409](#)

I 38263 (11/POP-005604)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre actuacións concretas contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe

[140411](#)

I 38266 (11/POP-005606)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a cantidade á que ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultaron gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero

[140414](#)

I 38267 (11/POP-005607)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a cantidade do seu importe

[140417](#)

I 38268 (11/POP-005608)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas coas que conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas

[140420](#)



I 38269 (11/POP-005609)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o fomento da conciliación, a corresponsabilidade e a igualdade laboral das traballadoras e traballadores galegos

[140423](#)**I 38270 (11/POP-005610)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais

[140426](#)**I 38272 (11/POP-005611)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos

[140428](#)**I 38274 (11/POP-005612)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

[140430](#)**I 38281 (11/POP-005613)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos horarios e os custos das liñas de transporte público do alumnado dalgunhas parroquias dos concello de Outes e Muros, para acudir aos seus centros de ensino

[140433](#)**I 38282 (11/POP-005614)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único

[140435](#)**I 38283 (11/POP-005615)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a atención sanitaria á veciñanza de Ordes

[140438](#)**I 38284 (11/POP-005616)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 4 máis**

Sobre o plan de restauración da canteira da Casalonga, no concello de Teo, e a expropiación dunha pista

[140440](#)

I 38285 (11/POP-005617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o estado das instalacións e dos espazos de formación profesional do Instituto de Educación Secundaria Lamas de Abade, de Santiago de Compostela

[140442](#)

I 38286 (11/POP-005618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución

[140444](#)

I 38287 (11/POP-005619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as razóns do atraso na publicación do decreto que creará o rexistro de familias monomarentais e monoparentais

[140446](#)

I 38288 (11/POP-005620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da utilización, no ordenamento xurídico, dunha linguaxe igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica e libre de estereotipos sexistas

[140448](#)

I 38290 (11/POP-005621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da tramitación do expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no concello de Noia

[140450](#)

I 38291 (11/POP-005622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a obriga de conservar o patrimonio histórico-arquitectónico

[140451](#)

I 38292 (11/POP-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a utilización dos datos- privados de persoas solicitantes dunha subvención pública para convidar a un acto lúdico

[140454](#)

I 38294 (11/POP-005624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os abusos sexuais contra varias pacientes por parte dun médico do Centro de saúde de Padrón

[140456](#)



I 38295 (11/POP-005625)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre a necesidade de implementar máis medidas desde a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero

[140458](#)**I 38297 (11/POP-005626)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as previsións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da declaración de ben de interese cultural do Museo Carlos Maside de Sada

[140461](#)**I 38298 (11/POP-005627)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun centro sociosanitario de carácter público para Pontevedra

[140463](#)**I 38300 (11/POP-005628)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as accións da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

[140465](#)**I 38301 (11/POP-005629)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as deficiencias materiais das instalacións do Xulgado de Garda da Coruña

[140467](#)**I 38302 (11/POP-005630)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a localización do futuro centro de saúde de Teo

[140469](#)**I 38304 (11/POP-005631)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a modificación do plan de restauración da explotación de Miramontes, en Santiago de Compostela

[140471](#)**I 38305 (11/POP-005632)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre o estado no que se atopa o expediente de restauración da antiga canteira de Niveiro, en Val do Dubra

[140473](#)

I 38306 (11/POP-005633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da construción dun novo centro de saúde en Negreira

[140475](#)

I 38307 (11/POP-005634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o investimento previsto para o Sistema de arquivos de Galicia

[140478](#)

I 38309 (11/POP-005635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a discriminación que supón para o alumnado rural galego no acceso á educación superior non permitir impartir determinadas materias optativas en bacharelato

[140480](#)

I 38310 (11/POP-005636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do informe Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos, do Observatorio da Cultura Galega, do Consello da Cultura Galega

[140482](#)

I 38312 (11/POP-005637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade para que os servizos públicos ou as entidades sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual

[140484](#)

I 38313 (11/POP-005638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento e desenvolvemento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

[140486](#)

I 38314 (11/POP-005639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais

[140488](#)

I 38315 (11/POP-005640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o grao de execución da Estratexia da cultura galega (ECG21) que tiña o horizonte no ano 2021

[140490](#)



I 38316 (11/POP-005641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os problemas de transporte que afectan o alumnado dos concellos de Outes e Muros

[140493](#)

I 38317 (11/POP-005642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o incremento de casos de submisión química a mulleres advertidas polo persoal sanitario

[140495](#)

I 38318 (11/POP-005643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que reciben subvencións para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

[140497](#)

I 38320 (11/POP-005644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as inspeccións e medidas de control que realiza a Xunta de Galicia en relación coa seguridade e as condicións laborais dos eventos que patrocina baixo a fórmula do Xacobeo

[140500](#)

I 38321 (11/POP-005645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para garantir a axeitada atención pediátrica dos nenos e nenas do concello de Porto do Son

[140501](#)

I 38323 (11/POP-005646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a garantía por parte do Sergas da cobertura total do cadro de persoal sanitario do Centro de Saúde de Palmeira

[140503](#)

I 38324 (11/POP-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da creación dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro

[140505](#)

I 38325 (11/POP-005648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o dimensionamento do cadro de persoal do Hospital da Barbanza

[140507](#)



I 38338 (11/POP-005649)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 4 máis**

Sobre a valoración por parte do Sergas da situación sanitaria desigual que se da no área sanitaria de Vigo mediada pola presenza de empresas privadas

[140509](#)**I 38364 (11/POP-005650)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta xente nova

[140513](#)**I 38388 (11/POP-005651)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos datos referidos ao uso problemático das novas tecnoloxías por parte da mocidade recollidos no informe realizado por Unicef España

[140515](#)**I 38389 (11/POP-005652)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 3 máis**

Sobre as causas dos atrasos na apertura do Centro de Saúde de Bouzas

[140518](#)**I 38390 (11/POP-005653)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre os informes elaborados polo Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación

[140520](#)**I 38391 (11/POP-005654)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de activar o mecanismo dos xestores de rehabilitación

[140523](#)**I 38402 (11/POP-005655)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da diferenza na cobertura do servizo de hospitalización a domicilio entre as distintas áreas sanitarias

[140525](#)**I 38403 (11/POP-005656)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan galego de conciliación e corresponsabilidade

[140527](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de agosto de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 37918 (11/PNP-003343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

- 37919 (11/PNP-003344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a presentación e revisión por parte da Xunta de Galicia das resolucións de grao de discapacidade que baixaron a súa porcentaxe tras unha valoración ou revisión telemáticas dende 2020, así como, sobre a súa repetición presencial e con garantías

- 37942 (11/PNP-003345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central de incluír no seu proxecto de Lei de Diversidade Familiar, todos os cambios e actualizacións necesarios da Lei de 2003 para garantir a seguridade xurídica das familias numerosas e uniformidade na aplicación

- 38085 (11/PNP-003353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para manter unha educación de calidade, inclusiva e equitativa no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha

- 38179 (11/PNP-003347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados e reducir o número de alumnado por aula para facilitar unha atención máis individualizada

- 38258 (11/PNP-003348)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para seguir impulsando os distintos programas de apoio ao acollemento familiar e ampliar o investimento destinado a este ámbito

- 38276 (11/PNP-003349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único

- 38335 (11/PNP-003350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a realización dunha auditoría ao hospital POVISA

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 37917 (11/PNC-003457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 37920 (11/PNC-003458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a presentación e revisión por parte da Xunta de Galicia das resolucións de grao de discapacidade que baixaron a súa porcentaxe tras unha valoración ou revisión telemáticas dende 2020, así como sobre a súa repetición presencial e con garantías

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37941 (11/PNC-003459)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno central de incluír no seu proxecto de Lei de Diversidade Familiar, todos os cambios e actualizacións necesarios da Lei de 2003 para garantir a seguridade xurídica das familias numerosas e uniformidade na aplicación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38086 (11/PNC-003471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para manter unha educación de calidade, inclusiva e equitativa no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38180 (11/PNC-003461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados e reducir o número de alumnado por aula para facilitar unha atención máis individualizada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38257 (11/PNC-003462)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para seguir impulsando os distintos programas de apoio ao acollemento familiar e ampliar o investimento destinado a este ámbito

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38277 (11/PNC-003463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38336 (11/PNC-003464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a realización dunha auditoria ao hospital POVISA

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 38433 (11/INT-001939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a sanidade pública galega



Admisión a trámite e publicación

- 37916 (11/INT-001935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a atención telefónica en empresas de servizos

- 37921 (11/INT-001936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política social da Xunta de Galicia en relación co recoñecemento do grao de discapacidade

- 38280 (11/INT-001937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de emerxencias

- 38337 (11/INT-001938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre a calidade asistencial na sanidade pública

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 37914 (11/POP-005523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as posibles medidas do goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

- 37922 (11/POP-005524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a cantidade de expedientes revisados dende o ano 2020 que resolvesen unha diminución na porcentaxe de grao de discapacidade

- 37926 (11/POP-005525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre o balance do Goberno galego sobre o nivel de execución do Plan anual de 2021 de cooperación galega



- 37928 (11/POP-005526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre a intervención en posibles situacións de desprotección de menores do instrumento denominado Valora-Galicia

- 37929 (11/POP-005527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as novidades fundamentais do novo decreto de dependencia

- 37930 (11/POP-005528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as novidades fundamentais do novo decreto de dependencia

- 37932 (11/POP-005529)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do Bono Coidado desde a súa posta en marcha

- 37934 (11/POP-005530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

sobre a tenencia por parte da Xunta de Galicia dos datos das solicitudes para o vindeiro curso coincidindo coa posta en marcha da gratuidade das escolas infantís

- 37936 (11/POP-005531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a valoración desde a Xunta de Galicia a proposta do Goberno central sobre o novo modelo de residencias en España

- 37938 (11/POP-005532)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o balance que fai a Consellería de Política Social do incremento das casas niño

- 37940 (11/POP-005533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto das medidas destinadas á atención da infancia e ás familias galegas

- 37987 (11/POP-005534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre o informe do Consello de Contas respecto da contratación de persoal da Xunta e das entidades dependentes descentralizadas

- 37989 (11/POP-005535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de modificar as paradas do autobús do transporte escolar na estrada N-120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnoso, no concello de Pontearreas, para mellorar a seguridade viaria dos escolares

- 37991 (11/POP-005536)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de cubrir as prazas de persoal nos servizos sanitarios do concello de Pontearreas e na comarca

- 37993 (11/POP-005537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa continuidade do Complexo Medioambiental de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Lousame tras a fin da concesión no ano 2023

- 37995 (11/POP-005538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre o acondicionamento da nova senda, situada na PO-225, ao seu paso polo núcleo de San Caetano, na parroquia de Alba, no concello de Pontevedra

- 37997 (11/POP-005539)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implantación de sistemas de aviso eficientes para evitar accidentes de vehículos pesados na ponte ferroviaria de San Caetano, na parroquia de Alba, no concello de Pontevedra

- 37999 (11/POP-005540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a asunción por parte da Xunta de Galicia das competencias da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra

- 38001 (11/POP-005541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as deficiencias e as carencias do Centro de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas



- 38003 (11/POP-005542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co futuro da empresa ENCE en Galicia

- 38005 (11/POP-005543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

- 38007 (11/POP-005544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

- 38009 (11/POP-005545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do contido do informe sobre ENCE elaborado pola Universidade de Vigo

- 38011 (11/POP-005546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o desenvolvemento da tarefa de seguridade nos centros de menores

- 38013 (11/POP-005547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para executar o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro e Combarro-Chancelas

- 38015 (11/POP-005548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas que prevé o Goberno galego para cumprir os obxectivos de reciclaxe de residuos urbanos que marca a Unión Europea para 2025

- 38017 (11/POP-005549)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a insuficiencia de oito puntos de encontro familiar para cubrir a demanda existente en todo o país

- 38021 (11/POP-005550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do esclarecemento dos abusos sexuais a menores por parte de membros da Igrexa católica

- 38023 (11/POP-005551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as diferenzas na cobertura do servizo de hospitalización domiciliaria entre as distintas áreas sanitarias

- 38025 (11/POP-005552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a implantación dos servizos de garda de vinte e catro horas nos partidos xudiciais da Coruña e Vigo

- 38027 (11/POP-005553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto do incremento dos niños de velutina

- 38029 (11/POP-005554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de manter, no centro escolar Nosa Señora do Carme, de Marín, as tres aulas de infantil

- 38031 (11/POP-005555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para buscar unha localización alternativa para a empresa Ence

- 38033 (11/POP-005556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da praza vacante do Punto de Atención Continuada da Cañiza

- 38036 (11/POP-005557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para repoñer as vacantes de persoal sanitario no Centro de Saúde de Monteporreiro, en Pontevedra

- 38038 (11/POP-005558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento da atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Mondariz, en Pontevedra

- 38040 (11/POP-005559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para rematar o proxecto de ampliación do Instituto de Educación Secundaria Pedras Rubias, no concello de Salceda de Caselas

- 38042 (11/POP-005560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas para avanzar cara á recuperación e á reciclaxe dos metais secundarios

- 38044 (11/POP-005561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os resultados do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

- 38046 (11/POP-005562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento do acordo plenario do 26 de marzo de 2008 respecto da aplicación do establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, de memoria histórica

- 38048 (11/POP-005563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implantación da vacinación antirrábica obrigatoria para animais domésticos

- 38050 (11/POP-005564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta de estudos de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato no Instituto de Ensinanza Secundaria Frei Martín Sarmiento, de Pontevedra

- 38052 (11/POP-005565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se anula o cesamento do xefe de servizo de CardioloXía do Centro Hospitalario Universitario de Pontevedra e se condena o Servizo Galego de Saúde á súa readmisión e aboamento das retribucións devindicadas durante este tempo



- 38054 (11/POP-005566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implementación de medidas desde a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza gratuíta das vítimas de violencia de xénero

- 38056 (11/POP-005567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario de Administración de xustiza 2019-2021

- 38058 (11/POP-005568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dun estudo sobre o tempo de atraso dos informes do Imelga

- 38060 (11/POP-005569)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a execución das obras de acondicionamento pendentes no antigo edificio dos xulgados da Parda, en Pontevedra

- 38062 (11/POP-005570)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado das dependencias do Instituto de Medicina Legal de Galicia de Pontevedra ao edificio vello da Parda

- 38064 (11/POP-005571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a avaliación de impacto ambiental do proxecto da planta de transferencia de Sogama situada no concello de Arbo

- 38066 (11/POP-005572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a resolución das alegacións presentadas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas

- 38068 (11/POP-005573)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación e formación do persoal da escola infantil O Toxo, de Pontevedra



- 38070 (11/POP-005574)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos compromisos asinados no Pacto galego contra a pobreza do ano 2010 e as previsións para a súa renovación

- 38072 (11/POP-005575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os motivos polos que non se levou a cabo a avaliación do IV Plan director de cooperación no ano 2021

- 38074 (11/POP-005576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre o atraso nos compromisos de rexeneración e conservación da ría de Pontevedra e a súa contorna

- 38076 (11/POP-005577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as razóns do Goberno galego para a demora na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada de biorresiduos

- 38088 (11/POP-005579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a supresión dunha mestra e dunha aula de educación infantil no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha

- 38105 (11/POP-005580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre proxectos apoiados na convocatoria do programa de Unidades Mixtas de Investigación resolta este mes de xullo

A Mesa admítea a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 38605

- 38183 (11/POP-005581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para tomar a decisión de eliminar profesorado nos centros educativos de Cambados no vindeiro curso

- 38199 (11/POP-005582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis



Sobre o investimeto no ano 2021 e as previsións para o 2022 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro promovidas pola Consellería de Emprego e Igualdade

- 38202 (11/POP-005583)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimento no ano 2021 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego e a previsión orzamentaria da Consellería de Emprego e Igualdade para o ano 2022

- 38204 (11/POP-005584)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o apoio da Consellería de Emprego e Igualdade á economía social en Galicia e as medidas previstas para o ano 2022

- 38206 (11/POP-005585)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o orzamento que destinará a Consellería de Emprego e Igualdade no ano 2022 a apoiar a actividade das empresas de inserción laboral e as outras accións previstas para promover o emprego de persoas en situación ou risco de exclusión social

- 38208 (11/POP-005586)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance da primeira edición do Programa de *mentoring* de apoio ao emprego das persoas autónomas

- 38216 (11/POP-005587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais

- 38220 (11/POP-005588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos

- 38224 (11/POP-005589)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as actuacións concretas dos plans Emprega da Consellería de Emprego e Igualdade



- 38226 (11/POP-005590)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 6 máis
Sobre os obxectivos e as actuacións do plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social 2022
- 38229 (11/POP-005591)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 6 máis
Sobre a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego
- 38230 (11/POP-005592)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 6 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento
- 38231 (11/POP-005593)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 6 máis
Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022
- 38232 (11/POP-005594)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 6 máis
Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas
- 38233 (11/POP-005595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais
- 38237 (11/POP-005596)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social
- 38239 (11/POP-005597)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as razóns da realización pola Xunta de Galicia de queimas controladas
- 38241 (11/POP-005598)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis
Sobre a construción do parque acuático de Monterrei

- 38243 (11/POP-005599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio de 2022

- 38245 (11/POP-005600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a incidencia da silicose na comunidade autónoma galega

- 38246 (11/POP-005601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a necesidade de prolongación da contratación do persoal discontinuo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPIF)

- 38250 (11/POP-005602)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e 7 máis
Sobre o balance fai a Xunta de Galicia da Campaña de Verán 2022 baixo o lema *O verán que queres contar*

- 38256 (11/POP-005603)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e 7 máis
Sobre as previsións ten a Xunta de Galicia en relación á nova estratexia de voluntariado

- 38263 (11/POP-005604)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre actuacións concretas contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe

- 38266 (11/POP-005606)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a cantidade á que ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultaron gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero

- 38267 (11/POP-005607)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a cantidade do seu importe

- 38268 (11/POP-005608)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas coas que conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas

- 38269 (11/POP-005609)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o fomento da conciliación, a corresponsabilidade e a igualdade laboral das traballadoras e traballadores galegos

- 38270 (11/POP-005610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais

- 38272 (11/POP-005611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos

- 38274 (11/POP-005612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

- 38281 (11/POP-005613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos horarios e os custos das liñas de transporte público do alumnado dalgunhas parroquias dos concello de Outes e Muros, para acudir aos seus centros de ensino

- 38282 (11/POP-005614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único



- 38283 (11/POP-005615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a atención sanitaria á veciñanza de Ordes

- 38284 (11/POP-005616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 4 máis
Sobre o plan de restauración da canteira da Casalonga, no concello de Teo, e a expropiación dunha pista

- 38285 (11/POP-005617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o estado das instalacións e dos espazos de formación profesional do Instituto de Educación Secundaria Lamas de Abade, de Santiago de Compostela

- 38286 (11/POP-005618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución

- 38287 (11/POP-005619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre as razóns do atraso na publicación do decreto que creará o rexistro de familias monomarentais e monoparentais

- 38288 (11/POP-005620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da utilización, no ordenamento xurídico, dunha linguaxe igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica e libre de estereotipos sexistas

- 38290 (11/POP-005621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da tramitación do expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no concello de Noia

- 38291 (11/POP-005622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a obriga de conservar o patrimonio histórico- arquitectónico



- 38292 (11/POP-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a utilización dos datos privados de persoas solicitantes dunha subvención pública para convidar a un acto lúdico

- 38294 (11/POP-005624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os abusos sexuais contra varias pacientes por parte dun médico do Centro de saúde de Padrón

- 38295 (11/POP-005625)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a necesidade de implementar máis medidas desde a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero

- 38297 (11/POP-005626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as previsións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da declaración de ben de interese cultural do Museo Carlos Maside de Sada

- 38298 (11/POP-005627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun centro sociosanitario de carácter público para Pontevedra

- 38300 (11/POP-005628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as accións da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 38301 (11/POP-005629)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as deficiencias materiais das instalacións do Xulgado de Garda da Coruña

- 38302 (11/POP-005630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a localización do futuro centro de saúde de Teo



- 38304 (11/POP-005631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a modificación do plan de restauración da explotación de Miramontes, en Santiago de Compostela

- 38305 (11/POP-005632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o estado no que se atopa o expediente de restauración da antiga canteira de Niveiro, en Val do Dubra

- 38306 (11/POP-005633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da construción dun novo centro de saúde en Negreira

- 38307 (11/POP-005634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o investimento previsto para o Sistema de arquivos de Galicia

- 38309 (11/POP-005635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a discriminación que supón para o alumnado rural galego no acceso á educación superior non permitir impartir determinadas materias optativas en bacharelato

- 38310 (11/POP-005636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do informe Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos, do Observatorio da Cultura Galega, do Consello da Cultura Galega

- 38312 (11/POP-005637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade para que os servizos públicos ou as entidades sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual

- 38313 (11/POP-005638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento e desenvolvemento da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia



- 38314 (11/POP-005639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais

- 38315 (11/POP-005640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o grao de execución da Estratexia da cultura galega (ECG21) que tiña o horizonte no ano 2021

- 38316 (11/POP-005641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os problemas de transporte que afectan o alumnado dos concellos de Outes e Muros

- 38317 (11/POP-005642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o incremento de casos de submisión química a mulleres advertidas polo persoal sanitario

- 38318 (11/POP-005643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que reciben subvencións para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

- 38320 (11/POP-005644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as inspeccións e medidas de control que realiza a Xunta de Galicia en relación coa seguridade e as condicións laborais dos eventos que patrocina baixo a fórmula do Xacobeo

- 38321 (11/POP-005645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para garantir a axeitada atención pediátrica dos nenos e nenas do concello de Porto do Son

- 38323 (11/POP-005646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a garantía por parte do Sergas da cobertura total do cadro de persoal sanitario do Centro de Saúde de Palmeira



- 38324 (11/POP-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da creación dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro

- 38325 (11/POP-005648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o dimensionamento do cadro de persoal do Hospital da Barbanza

- 38338 (11/POP-005649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a valoración por parte do Sergas da situación sanitaria desigual que se da no área sanitaria de Vigo mediada pola presenza de empresas privadas

- 38364 (11/POP-005650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta xente nova

- 38388 (11/POP-005651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos datos referidos ao uso problemático das novas tecnoloxías por parte da mocidade recollidos no informe realizado por Unicef España

- 38389 (11/POP-005652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as causas dos atrasos na apertura do Centro de Saúde de Bouzas

- 38390 (11/POP-005653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os informes elaborados polo Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación

- 38391 (11/POP-005654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de activar o mecanismo dos xestores de rehabilitación

- 38402 (11/POP-005655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da diferenza na cobertura do servizo de hospitalización a domicilio entre as distintas áreas sanitarias

- 38403 (11/POP-005656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan galego de conciliación e corresponsabilidade

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Dos varios centos de persoas que traballaban na Coruña hai unha década, non queda practicamente persoal tras o desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

A comezos de 2021 *Naturgy* acordou o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implicou a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 4 de marzo de 2021 consta a aprobación por unanimidade da proposición non de lei con número de rexistro 10110, presentada polo Grupo Socialista, nos seguintes termos:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, en uso das súas competencias, sinaladamente as de política económica e industrial: a) Adopte todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado do centro operativo de rede norte de Unión Fenosa Distribución a Madrid e calquera deslocalización máis por parte da empresa. b) Obrigue a empresa, como primeiro subministrador eléctrico de Galicia, a garantir a calidade da súa subministración eléctrica en toda a Comunidade.»

A pesar dese acordo unánime, nada fixo a Xunta e foi pechado o centro operativo da Coruña.

Algo máis dun ano despois, *Naturgy* vén de comunicar que trasladará a Colombia, a partir de setembro, o 80 % da atención telefónica de Unión Fenosa Distribución (UFD), a distribuidora de electricidade da compañía. Isto suporá a perda de máis dun centenar de postos de traballo, ademais de levar a atención telefónica a un país que non conta coa lexislación de protección de datos vixente en Europa.



O servizo de atención ao cliente de UFD –que non conta con oficinas físicas– préstase desde a Coruña desde hai máis de 25 anos exclusivamente a través de atención telefónica, que inclúe a atención ao cliente nas zonas de distribución de Fenosa (Galicia, Castela, Madrid...) sobre avarías, reclamacións, cortes e reenganches, consultas das oficinas comercializadoras e atención comercial. Nel chegaron a traballar máis de 500 persoas.

Unión Fenosa Distribución dá servizo a case dous millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galegitude da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, en uso das súas competencias, sinaladamente as de política económica e industrial, adopte todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución e cumpra o acordo da comisión sexta publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 4 de marzo de 2021, levando a cabo todas as actuacións posibles para evitar esta e calquera outra deslocalización do grupo *Naturgy* en Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/07/2022 14:36:32

Martín Seco García na data 22/07/2022 14:36:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2022 14:37:26





María Leticia Gallego Sanromán na data 22/07/2022 14:39:42



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de Valoración e Orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVO son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

O Goberno galego iniciou coa excusa da pandemia motivada pola Covid, valoracións telemáticas para valorar o grao de discapacidade dende o inicio da pandemia no ano 2020, asegurando que era unha cuestión puntual, sen embargo na actualidade temos constancia de casos. Sería fundamental coñecer o cómputo global dos casos valorados de xeito telemático. Dada a casuística a tratar, dende o grupo parlamentario socialista instamos ao goberno galego nese intre mediante diversas iniciativas parlamentaria para que de xeito inmediato e con tódalas precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, retomasen as valoracións presenciais por parte dos EVO. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a calidade da mesma, polo que dende o grupo socialista consideramos un erro grave o feito de que o goberno galego efectúe valoracións de discapacidade ou dependencia de xeito telemático.



É fundamental resarcir esta cuestión, de xeito que dende a Consellería de Política Social elaboren un informe no que se detalle o número de expedientes que recibiron valoración telemática e a variabilidade da porcentaxe tras a resolución derivada de dita valoración ou revisión dende 2020 ata a actualidade. E promovan de oficio unha revisión presencial para todos os casos afectados polas valoracións ou revisións telemáticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Presente o número total de resolucións que baixaron a porcentaxe de discapacidade tras unha valoración ou revisión telemática dende o ano 2020 ata a actualidade.
2. Que se revise o total de resolucións derivadas de valoracións telemáticas e se repitan de xeito presencial para efectuar ditas resolucións derivadas de valoracións óptimas e con todas as garantías.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/07/2022 15:33:12

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2022 15:33:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 37919
Data envío: 22/07/2022 16:06:13.753

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2022 15:33:39

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara , presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

Exposición de Motivos

As familias numerosas son un colectivo de especial consideración e protección, tal e como establece a normativa autonómica, en concreto a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, ou máis recentemente a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, lei 5/2021.

En España, a regulación da condición de familia numerosa está recollida na Lei 40/2003, unha lei innovadora no seu momento que permitiu adaptarse á nova realidade social de España substituíndo a anterior normativa vixente, anterior á chegada da democracia ao noso país.

É certo que a Lei 40/2003 foi obxecto de modificacións parciais a través doutras leis posteriores, a última delas no ano 2015. Sen embargo, o certo é que a lei que continúa vixente é a do ano 2003, e desde entón téñense producido moitos cambios na nosa sociedade que afectan a estas familias -en Galicia, máis de 27.000- e que non están recollidas na lexislación, o que supón unha inseguridade xurídica para elas e tamén

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



unha maior dificultade na xestión para as comunidades autónomas, que son as responsables da tramitación do título de Familia Numerosa en cada comunidade.

Un exemplo disto é a cuestión da custodias compartidas ou das familias reconstituídas, realidades sociais cada vez máis presentes na nosa sociedade e que a día de hoxe non forman parte da lexislación estatal.

Ao mesmo tempo, o Goberno central leva anunciando desde 2020 un proxecto de Lei de Diversidade Familiar, no que se recollerán os distintos tipos de familias existentes na nosa sociedade., pero na actualidade non se coñece o contido deste borrador.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno central que no proxecto de Lei de Diversidade Familiar que ten anunciado o Goberno central inclúa todos os cambios e actualizacións necesarios da Lei de 2003 para garantir a seguridade xurídica das familias numerosas, garantindo tamén a maior uniformidade posible na aplicación destes criterios no conxunto de España.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/07/2022 17:29:57

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:30:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:30:58

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:31:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:31:53

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:33:13

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/07/2022 17:33:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:34:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Martín Seco García, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A Consellería de Educación decidiu suprimir unha mestra de educación infantil do CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha e con ela unha aula deste nivel. Unha medida criticada polas nais e pais representadas pola comunidade educativa por considerar que vai en contra da calidade educativa e o benestar das súas fillas e fillos.

Resulta incomprendible que as autoridades educativas ante a falta de 4 alumnos/as para superar o rateo dos 50 alumnos/as se tome a decisión de suprimir unha aula, cando estamos a falar de rapaces de 3 anos.

Hai motivos para non baixar a calidade educativa do centro coa eliminación desta aula xa que o CEIP por catálogo ten 3 liñas en cada nivel de educación Infantil e o profesorado desa etapa é profesorado estable e “definitivo no centro”.

O centro recibe alumnado de nova matriculación (procedente doutras comunidades e países) durante todo o curso polo que é bastante probable que o curso seguinte ou incluso nos primeiros meses deste teñamos alumnado para as tres aulas.

Os alumnos/as que comezan este ano a súa etapa escolar, son nenos e nenas que viviron o confinamento e a pandemia, moitos deles sen escolarización previa nas garderías e con todas as limitacións que iso supón a todos os niveis: sociais, de desenvolvemento, na linguaxe, no control de esfínteres, etc...Polo que, seguramente, van a necesitar mais atención e apoios..

Poden existir casos de alumnado sen matricular por motivo da pandemia, polo que podemos atoparnos que nos meses de outubro ou novembro se incorpore novo alumnado procedente de fóra da comunidade, zonas limítrofes ou do estranxeiro e o centro supere o rateo.



Ademais sería unha aposta por unha educación de calidade, manter esa 3ª unidade e baixar o rateo de alumnos nesta idade, máis se cabe contando co persoal definitivo e necesario no centro, nun ano que se reducen os períodos de adaptación segundo a orde de calendario escolar e faise voluntaria dita situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a non suprimir unha profesora e manter as tres aulas de 4º de Educación Infantil no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha en aras dunha educación de calidade, inclusiva e equitativa, á cal teñen dereito todos/as os/as nenos e nenas, e da cal a Administración debe ser garante.

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Martín Seco García
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/07/2022 13:08:12

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 13:08:24

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 13:08:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2022 13:19:10
Nº Registro: 38085
Data envío: 26/07/2022 13:19:10.803

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2022 13:08:45

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos nos que a actuación no ámbito educativo por parte da Xunta se ten caracterizado pola improvisación constante e a irresponsabilidade, con instrucións confusas e cambiantes, especialmente visíbeis durante a pandemia pola Covid 19, que son xa unha constante. Decisións que supoñen un sobreesforzo permanente por parte de toda a comunidade educativa por falta de medios e recursos humanos.

Neste contexto, co curso escolar 2021-2022 rematado e os centros baldeiros, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ven de comunicar a decisión de suprimir prazas en centros educativos do concello de Cambados:

-No IES Ramón Cabanillas son tres as prazas, que se suman á suprimida no curso pasado, de xeito que son catro prazas menos en dous anos, cando a redución de alumnado é mínima, de tan só dez alumn@s. Isto supón ter que facer grupos de primeiro de ESO de trinta alumn@s, poñer en risco a continuidade da biblioteca, radio, actividades de reforzo..





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No IES Francisco Asorey suprimen unha praza, o que deixa o cadro de profesorado ao límite, co que pode levar á imposibilidade de ofertar optativas, o que supón que a optatividade real só sexa posíbel nos centros grandes das cidades.

- No Escola Infantil A Pastora suprimen unha praza.

- No CEIP Antonio Magariños tamén suprimen outra.

De seguir adiante a Xunta co anunciado, os centros educativos do concello de Cambados perderán para o vindeiro curso seis prazas de profesorado.

Esta decisión ten moi graves consecuencias tanto para o alumnado como para o profesorado; non permite unha atención educativa de calidade, dificulta moito a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, a diversificación curricular, ao quedar en función de que se poida cubrir co profesorado existente.

De novo os recortes nos centros de ensino público están enriba da mesa, o Partido Popular quere avanzar no camiño de seguir desmantelando o ensino público. Na vez de ir diminuindo as ratios profesor@s/alumn@s, ou cando menos manter o mesmo persoal actual, opta por poñer en risco o correcto funcionamento dos centros educativos.

O BNG considera inaceptábeis estes recortes, pois non teñen xustificación. Imposibilitan un ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade e seguen a poñerlle a alfombra vermella ao ensino privado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Que rectifique a súa intención de suprimir prazas de profesorado nos centros educativos do concello de Cambados(IES Ramón Cabanillas, IES Francisco Asorey, EI A Pastora e CEIP Antonio Magariños) e como mínimo, manteña o mesmo profesorado co que contaron no curso 2021-2022.

2. Que se proceda a reducir e xeito progresivo o número de alumnado por aula en todos os niveis educativos, co aumento de profesorado e persoal non docente, camiñando así cara un ensino no que se poida proceder a unha atención máis individualizada do alumnado que permita atender ás súas especificidades e por tanto mellore aos resultados educativos.”

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2022 09:36:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/07/2022 09:36:15



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Alberto Pazos Couñado, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

Lamentablemente en todo o mundo hai nenos e nenas que viven en condicións difíciles, pero grazas á colaboración de moitas familias do seu contorno ou totalmente alleas a eles, poden crecer co apoio e seguridade necesarios, a través do acollemento familiar. Doutro xeito, moitos deles probablemente pasarían a súa infancia ou adolescencia nun centro residencial, ás veces, ata a maioría de idade.

Neste sentido, o sistema de protección á infancia e á adolescencia pon especial énfase na regulación do acollemento familiar co fundamento de que o menor necesita un ambiente familiar para un adecuado desenvolvemento da súa personalidade.

Precisamente, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, participou o pasado mes de maio na presentación da campaña O acollemento é, que é organizada pola Asociación galega de familias de acollida (Acougo) e pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso), co obxectivo de sensibilizar e impulsar esta fórmula de protección de menores tutelados polo Goberno galego.

Acougo lanza a campaña O acollemento é nas redes sociais para explicar en que consiste o acollemento familiar, un servizo de protección temporal para os nenos tutelados, e os beneficios que implican para as pequenas e pequenos. A partir de experiencias persoais de familias de acollida, achégase ás galegas e galegos a importancia do seu papel.

O director xeral agradeceu ás dúas entidades a posta en marcha desta campaña para difundir entre a sociedade galega as vantaxes do acollemento familiar. Neste sentido, sinalou que a Xunta de Galicia ten nesta fórmula de protección unha aposta fronte ao residencial, por iso o 55% dos menores en tutela ou garda pola Administración autonómica están nunha familia de acollida, esta porcentaxe é dous puntos máis que a media española.



Así mesmo, subliñou que para seguir mellorando a atención ás familias acolledoras é esencial a colaboración con asociacións como Acougo, que están a realizar un traballo excepcional tanto na difusión do acollemento, como no acompañamento e asesoramento ás propias familias.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia conta con dous programas específicos de apoio ao acollemento:

1) O Programa de Acollemento Familiar en familia allea, é dicir, cando non hai ningún vínculo entre o neno e a familia acollidora. Este programa está posto en marcha pola Xunta de Galicia en colaboración con Cruz Vermella, e que incorporou 85 novas nenas e nenos o pasado ano. En 2021 este programa traballou cun total de 286 nenas e nenos que forman parte dunha familia acollidora.

O Goberno galego desenvolve esta iniciativa, que é xestionada por Cruz Vermella e que proporciona unha atención temporal a aquelas rapazas e rapaces que se encontran nunha situación de risco ou desamparo e forman parte do sistema de protección da Xunta de Galicia

2) O programa de apoio ao acollemento en familia extensa, que proporciona recursos de apoio aos procesos de acollemento familiar de nenos, nenas e adolescentes por membros da súa propia familia que non son os seus proxenitores.

Este programa desenvólvese en colaboración con Aldeas Infantiles nas catro provincias galegas.

En todo caso, é fundamental resaltar a solidariedade das familias que participan nestes programas encamiñados a favorecer o benestar infantil, e consideramos que Galicia pode seguir avanzando neste eido, o cal redundará nun maior beneficio para os nenos, nenas e adolescentes que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando os distintos programas de apoio ao acollemento familiar e ampliar o investimento destinada a este ámbito”

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/07/2022 12:38:33

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 12:38:37

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 12:39:29

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 12:40:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 12:40:33

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 12:41:04

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/07/2022 12:41:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 12:41:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez o desastre natural, social, económico e humano derivado dos lumes acontecidos na Galiza nas últimas semanas e localizados, fundamentalmente, no sur de Lugo e no leste de Ourense evidenciaron as importantes carencias do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza. A adversidade das condicións climáticas que dificulta os labores de extinción, algo que na altura negou o Partido Popular e que agora semella recoñecer, con temperaturas superiores a 30º, ventos superiores aos 30 km/h e unha humidade inferior ao 30%, limitan a eficacia da intervención dos servizos de extinción, cuxo persoal fixo, e fai, extenuantes esforzos para a extinción dos incendios e reducir as súas consecuencias. Malia o extraordinario esforzo da cidadanía en xeral e das persoas adicadas a extinción e a atender as emerxencias, a realidade é que os lumes das últimas semanas arrasaron espazos naturais e patrimoniais de singular valor, tanto na serra do Courel, como na Comarca de Valdeorras ou no Parque Natural do Invernadoiro, no Macizo Central ourensán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da relevancia das políticas da Xunta de Galiza encamiñadas ao abandono do rural e a inexistencia de actuacións dirixidas á unha reordenación territorial, o incumprimento (a pesares do tempo transcorrido dende a súa aprobación) de parte importante da Lei 5/2007, de 7 de maio de emerxencias de Galiza, ou do Plan Territorial de Emerxencias de Galiza (Platerga), de cuxa aprobación vai xa máis de 13 anos no que algo mudaron as circunstancias e a realidade prevista no mesmo; son factores que limitan a eficacia da intervención do persoal do servizo de emerxencias e salvamento, e que en nada axudan a evitar os efectos devastadores dos lumes e as súas consecuencias naturais, económicas e sociais. Os lumes que aínda estamos a sufrir no sur de Lugo e na provincia de Ourense arrasaron case 40.000 has., entre as que se inclúen espazos protexidos e de inestimábel valor natural, vivendas e núcleos de poboación provocando a necesidade de evacuar a centenas de familias.

Xunto coa urxente necesidade de adoptar inmediatamente medidas para paliar as consecuencias polos desvadores lumes, cumpre actuar para evitar que se podan reproducir no futuro. A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades segue sen ser unha realidade, os GES non compren a súa finalidade orixinal existindo “zonas de sombra” ás que os servizos de emerxencias tarda máis de 20 ou de 30 mnt.. en chegar, existindo, asemade, importantes carencias de persoal e medios materiais para cumprir as súas funcións en condicións de seguridade, ao tempo que pervive unha grande diversidade nas condicións laborais das traballadoras, en moitos casos sen dispor da formación técnica necesaria para atender os sinistros aos que deben enfrontarse. A realidade é que a poboación galega segue carecendo dun verdadeiro sistema integral e integrado de emerxencias, de carácter público, coordinado e cun mando único operativo, con cobertura eficaz en todo o territorio e para toda a poboación, e segue a sufrir as consecuencias de tal ausencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á:

1.- Configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único.

2.- Actualización e cumprimento tanto da Lei de Emerxencias de Galiza de 2007, como do PLATERGA de 2009

3.- Impulsar as seguintes actuacións:

- Revisión do mapa de emerxencias para mellorar a cobertura territorial e que permita atender as emerxencias nun tempo máximo de 20 minutos.

- Comarcalización dos parques municipais de bombeiros das grandes cidades e reformulación dos GES.”

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2022 12:57:27

María González Albert na data 27/07/2022 12:57:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/07/2022 12:57:40



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación das infraestruturas e deseño organizativo do área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, vive unha permanente anomalía. Isto derívase de incluír, dentro do sistema público, a asistencia de máis de 130.000 cidadáns a través do centro concertado coñecido como Povisa titularidade de fondos estranxeiros de investimento internacional e de que o hospital Álvaro Cunqueiro teña vendida a metade da súa titularidade en mans tamén de fondos de investimento de orixe difuso. Durante anos, este escenario provoca unha atención desigual, xa que mentres unha parte do área sanitaria ten como referencia un hospital con media titularidade vendida a empresas privadas, aínda que con persoal público e sistema de garantías público, outra parte da poboación ten como referencia un centro integramente de titularidade privada con persoal non propio do sistema público e que non se vincula aos criterios de garantías de calidade asistencial do sistema público.

O centro Povisa, de maneira específica, supón unha alteración dos criterios de funcionamento doutras áreas sanitarias, que non asignan como centro de referencia da poboación a un hospital concertado. Neste caso, a anomalía é moito máis chamativa. Este acordo do Sergas con Povisa, renovado en diversas ocasións nos últimos anos, aporta un canon de preto de 80 millóns de euros ao ano ao centro concertado, ademais dos incrementos por servizos que se cobran de maneira extraordinaria e que elevan dos 100 millóns de euros anuais o volume de investimento que o sistema público aplica en Povisa.



En 2008 o proxecto do novo hospital de Vigo incluía un volume de construción que permitiría afrontar unha progresiva transición de toda a poboación ao actualmente denominado Hospital Álvaro Cunqueiro, por entón proxectado sen cotitularidade privada. O proxecto foi modificado polo Goberno entrante en 2009, que con Núñez Feijoo á cabeza freou este proxecto, diminuíno e abriu a entrada de capital privado na financiación. Isto permitiu a continuidade de Povisa como centro de referencia, sen que o sistema público puidese afrontar a integración de toda a poboación en centros públicos a todos os efectos.

Durante os anos seguintes entraron en xogo as dinámicas empresariais e a sanidade do área de Vigo estivo permanentemente no mercado, pois a cotitularidade privada do HAC foi vendida como tamén o foi o centro Povisa, a última delas foi coñecida nos recentes días e farase efectiva en breves semanas. Deuse a circunstancia de que durante un tempo a cotitularidade do HAC e a titularidade plena de Povisa estivo nas mesmas mans privadas, o fondo estranxeiro Centene Group. Así, a mesma empresa que se aproveitaba do déficit de infraestruturas do área sanitaria era a mesma que podía bloquear un novo investimento nesas infraestruturas.

Na primeira sesión de outubro (2019) do Pleno do Parlamento o Goberno da Xunta de Galicia, a través do Conselleiro de Sanidade e a preguntas de distintos grupos da oposición, non esclareceu a situación xurdida despois desa venda, e tampouco promoveu ningunha nova solución para a excepcionalidade que se produce no área sanitaria de Vigo con este centro.

Coa venda coñecida nos últimos días, evidénciase novamente que a garantía sanitaria para a cidadanía do área de Vigo está a depender de movementos empresariais e non de criterios sanitarios. A Xunta de Galicia, non en tanto, evidencia a súa intención de permitir e incluso favorecer esta situación, ao non tratar de afrontar solucións que transformen a situación.



A realidade está en que hoxe non toda a poboación galega ten como centro hospitalario de referencia un centro público atendido por persoal público e co mesmo sistema de garantías de calidade asistencial que marca o sistema público, o que debe ser resolto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un exhaustivo informe auditor da situación do centro hospitalario Povisa conforme ao acordo asinado co Sergas, así como das súas modificacións, que permita coñecer en profundidade a situación real e establecer criterios para a esixencia do seu cumprimento. Este informe auditor deberá incluír unha avaliación do valor estimado de venda do centro Povisa para que o goberno de Galicia poida telo como referencia de cara a próximas estratexias a desenvolver.
2. Estudar todas as posibilidades existentes para reverter ao sistema público a atención sanitaria hoxe prestada en Povisa, garantindo a máxima calidade asistencial e os postos de traballo.
3. Garantir a máxima calidade asistencial no centro hospitalario Povisa conforme aos estándares que o Sergas debe ofrecer para os centros hospitalarios de titularidade pública.
4. Defender o mantemento da plantilla de traballadores /as esixindo á nova firma propietaria que cumpra, como mínimo, co actual volume e condicións laborais dos/as profesionais que prestan asistencia no centro Povisa.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 14:16:47

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 14:16:55

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2022 14:17:11

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 14:17:19

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 14:17:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2022 14:17:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Dos varios centos de persoas que traballaban na Coruña hai unha década, non queda practicamente persoal tras o desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

A comezos de 2021 *Naturgy* acordou o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implicou a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 4 de marzo de 2021 consta a aprobación por unanimidade da proposición non de lei con número de rexistro 10110, presentada polo Grupo Socialista, nos seguintes termos:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, en uso das súas competencias, sinaladamente as de política económica e industrial: a) Adopte todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado do centro operativo de rede norte de Unión Fenosa Distribución a Madrid e calquera deslocalización máis por parte da empresa. b) Obrigue a empresa, como primeiro subministrador eléctrico de Galicia, a garantir a calidade da súa subministración eléctrica en toda a Comunidade.»

A pesar dese acordo unánime, nada fixo a Xunta e foi pechado o centro operativo da Coruña.

Algo máis dun ano despois, *Naturgy* vén de comunicar que trasladará a Colombia, a partir de setembro, o 80 % da atención telefónica de Unión Fenosa Distribución (UFD), a distribuidora de electricidade da compañía. Isto suporá a perda de máis dun centenar de postos de traballo, ademais de levar a atención telefónica a un país que non conta coa lexislación de protección de datos vixente en Europa.



O servizo de atención ao cliente de UFD –que non conta con oficinas físicas– préstase desde a Coruña desde hai máis de 25 anos exclusivamente a través de atención telefónica, que inclúe a atención ao cliente nas zonas de distribución de Fenosa (Galicia, Castela, Madrid...) sobre avarías, reclamacións, cortes e reenganches, consultas das oficinas comercializadoras e atención comercial. Nel chegaron a traballar máis de 500 persoas.

Unión Fenosa Distribución dá servizo a case dous millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galegitude da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, en uso das súas competencias, sinaladamente as de política económica e industrial, adopte todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución e cumpra o acordo da comisión sexta publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 4 de marzo de 2021, levando a cabo todas as actuacións posibles para evitar esta e calquera outra deslocalización do grupo *Naturgy* en Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/07/2022 14:35:15

Martín Seco García na data 22/07/2022 14:35:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/07/2022 14:35:50





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 37917
Data envío: 22/07/2022 14:38:09.237

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2022 14:36:01

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de Valoración e Orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVO son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

O Goberno galego iniciou coa escusa da pandemia motivada pola Covid, valoracións telemáticas para valorar o grao de discapacidade dende o inicio da pandemia no ano 2020, asegurando que era unha cuestión puntual, sen embargo na actualidade temos constancia de casos. Sería fundamental coñecer o cómputo global dos casos valorados de xeito telemático. Dada a casuística a tratar, dende o grupo parlamentario socialista instamos ao goberno galego nese intre mediante diversas iniciativas parlamentaria para que de xeito inmediato e con tódalas precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, retomasen as valoracións presenciais por parte dos EVO. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a calidade da mesma, polo que



dende o grupo socialista consideramos un erro grave o feito de que o goberno galego efectúe valoracións de discapacidade ou dependencia de xeito telemático. É fundamental resarcir esta cuestión, de xeito que dende a Consellería de Política Social elaboren un informe no que se detalle o número de expedientes que recibiron valoración telemática e a variabilidade da porcentaxe tras a resolución derivada de dita valoración ou revisión dende 2020 ata a actualidade. E promovan de oficio unha revisión presencial para todos os casos afectados polas valoracións ou revisións telemáticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Presente o número total de resolucións que baixaron a porcentaxe de discapacidade tras unha valoración ou revisión telemática dende o ano 2020 ata a actualidade.
2. Que se revise o total de resolucións derivadas de valoracións telemáticas e se repitan de xeito presencial para efectuar ditas resolucións derivadas de valoracións óptimas e con todas as garantías.

Pazo do Parlamento, 22 de xullo do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/07/2022 15:31:33

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2022 15:32:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2022 09:30:00
Nº Registro: 37920
Data envío: 22/07/2022 16:06:33.349

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2022 15:32:29

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei na comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego**

Exposición de Motivos

As familias numerosas son un colectivo de especial consideración e protección, tal e como establece a normativa autonómica, en concreto a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, ou máis recentemente a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, lei 5/2021.

En España, a regulación da condición de familia numerosa está recollida na Lei 40/2003, unha lei innovadora no seu momento que permitiu adaptarse á nova realidade social de España substituíndo a anterior normativa vixente, anterior á chegada da democracia ao noso país.

É certo que a Lei 40/2003 foi obxecto de modificacións parciais a través doutras leis posteriores, a última delas no ano 2015. Sen embargo, o certo é que a lei que continúa vixente é a do ano 2003, e desde entón téñense producido moitos cambios na nosa sociedade que afectan a estas familias -en Galicia, máis de 27.000- e que non están recollidas na lexislación, o que supón unha inseguridade xurídica para elas e tamén

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



unha maior dificultade na xestión para as comunidades autónomas, que son as responsables da tramitación do título de Familia Numerosa en cada comunidade.

Un exemplo disto é a cuestión da custodias compartidas ou das familias reconstituídas, realidades sociais cada vez máis presentes na nosa sociedade e que a día de hoxe non forman parte da lexislación estatal.

Ao mesmo tempo, o Goberno central leva anunciando desde 2020 un proxecto de Lei de Diversidade Familiar, no que se recollerán os distintos tipos de familias existentes na nosa sociedade., pero na actualidade non se coñece o contido deste borrador.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

o Parlamento insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno central que no proxecto de Lei de Diversidade Familiar que ten anunciado o Goberno central inclúa todos os cambios e actualizacións necesarios da Lei de 2003 para garantir a seguridade xurídica das familias numerosas, garantindo tamén a maior uniformidade posible na aplicación destes criterios no conxunto de España.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/07/2022 17:24:31

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:25:06

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:25:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:26:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:26:49

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:27:24

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/07/2022 17:27:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:28:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Martín Seco García, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A Consellería de Educación decidiu suprimir unha mestra de educación infantil do CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha e con ela unha aula deste nivel. Unha medida criticada polas nais e pais representadas pola comunidade educativa por considerar que vai en contra da calidade educativa e o benestar das súas fillas e fillos.

Resulta incomprendible que as autoridades educativas ante a falta de 4 alumnos/as para superar o rateo dos 50 alumnos/as se tome a decisión de suprimir unha aula, cando estamos a falar de rapaces de 3 anos.

Hai motivos para non baixar a calidade educativa do centro coa eliminación desta aula xa que o CEIP por catálogo ten 3 liñas en cada nivel de educación Infantil e o profesorado desa etapa é profesorado estable e “definitivo no centro”.

O centro recibe alumnado de nova matriculación (procedente doutras comunidades e países) durante todo o curso polo que é bastante probable que o curso seguinte ou incluso nos primeiros meses deste teñamos alumnado para as tres aulas.

Os alumnos/as que comezan este ano a súa etapa escolar, son nenos e nenas que viviron o confinamento e a pandemia, moitos deles sen escolarización previa nas garderías e con todas as limitacións que iso supón a todos os niveis: sociais, de desenvolvemento, na linguaxe, no control de esfínteres, etc...Polo que, seguramente, van a necesitar mais atención e apoios..

Poden existir casos de alumnado sen matricular por motivo da pandemia, polo que podemos atoparnos que nos meses de outubro ou novembro se incorpore novo alumnado procedente de fóra da comunidade, zonas limítrofes ou do estranxeiro e o centro supere o rateo.



Ademais sería unha aposta por unha educación de calidade, manter esa 3ª unidade e baixar o rateo de alumnos nesta idade, máis se cabe contando co persoal definitivo e necesario no centro, nun ano que se reducen os períodos de adaptación segundo a orde de calendario escolar e faise voluntaria dita situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a non suprimir unha profesora e manter as tres aulas de 4º de Educación Infantil no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha en aras dunha educación de calidade, inclusiva e equitativa, á cal teñen dereito todos/as os/as nenos e nenas, e da cal a Administración debe ser garante.

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Martín Seco García
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/07/2022 13:09:07

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 13:09:18

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 13:09:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2022 13:19:24
Nº Registro: 38086
Data envío: 26/07/2022 13:19:24.162

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/07/2022 13:09:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos nos que a actuación no ámbito educativo por parte da Xunta se ten caracterizado pola improvisación constante e a irresponsabilidade, con instrucións confusas e cambiantes, especialmente visíbeis durante a pandemia pola Covid 19, que son xa unha constante. Decisións que supoñen un sobreesforzo permanente por parte de toda a comunidade educativa por falta de medios e recursos humanos.

Neste contexto, co curso escolar 2021-2022 rematado e os centros baldeiros, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ven de comunicar a decisión de suprimir prazas en centros educativos do concello de Cambados:

-No IES Ramón Cabanillas son tres as prazas, que se suman á suprimida no curso pasado, de xeito que son catro prazas menos en dous anos, cando a redución de alumnado é mínima, de tan só dez alumn@s. Isto supón ter que facer grupos de primeiro de ESO de trinta alumn@s, poñer en risco a continuidade da biblioteca, radio, actividades de reforzo..





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No IES Francisco Asorey suprimen unha praza, o que deixa o cadro de profesorado ao límite, co que pode levar á imposibilidade de ofertar optativas, o que supón que a optatividade real só sexa posíbel nos centros grandes das cidades.

- No Escola Infantil A Pastora suprimen unha praza.

- No CEIP Antonio Magariños tamén suprimen outra.

De seguir adiante a Xunta co anunciado, os centros educativos do concello de Cambados perderán para o vindeiro curso seis prazas de profesorado.

Esta decisión ten moi graves consecuencias tanto para o alumnado como para o profesorado; non permite unha atención educativa de calidade, dificulta moito a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, a diversificación curricular, ao quedar en función de que se poida cubrir co profesorado existente.

De novo os recortes nos centros de ensino público están enriba da mesa, o Partido Popular quere avanzar no camiño de seguir desmantelando o ensino público. Na vez de ir diminuindo as ratios profesor@s/alumn@s, ou cando menos manter o mesmo persoal actual, opta por poñer en risco o correcto funcionamento dos centros educativos.

O BNG considera inaceptábeis estes recortes, pois non teñen xustificación. Imposibilitan un ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade e seguen a poñerlle a alfombra vermella ao ensino privado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Que rectifique a súa intención de suprimir prazas de profesorado nos centros educativos do concello de Cambados(IES Ramón Cabanillas, IES Francisco Asorey, EI A Pastora e CEIP Antonio Magariños) e como mínimo, manteña o mesmo profesorado co que contaron no curso 2021-2022.

2. Que se proceda a reducir e xeito progresivo o número de alumnado por aula en todos os niveis educativos, co aumento de profesorado e persoal non docente, camiñando así cara un ensino no que se poida proceder a unha atención máis individualizada do alumnado que permita atender ás súas especificidades e por tanto mellore aos resultados educativos.”

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2022 09:35:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/07/2022 09:35:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados **José Alberto Pazos Couñado, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Exposición de Motivos

Lamentablemente en todo o mundo hai nenos e nenas que viven en condicións difíciles, pero grazas á colaboración de moitas familias do seu contorno ou totalmente alleas a eles, poden crecer co apoio e seguridade necesarios, a través do acollemento familiar. Doutro xeito, moitos deles probablemente pasarían a súa infancia ou adolescencia nun centro residencial, ás veces, ata a maioría de idade.

Neste sentido, o sistema de protección á infancia e á adolescencia pon especial énfase na regulación do acollemento familiar co fundamento de que o menor necesita un ambiente familiar para un adecuado desenvolvemento da súa personalidade.

Precisamente, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, participou o pasado mes de maio na presentación da campaña O acollemento é, que é organizada pola Asociación galega de familias de acollida (Acougo) e pola Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso), co obxectivo de sensibilizar e impulsar esta fórmula de protección de menores tutelados polo Goberno galego.

Acougo lanza a campaña O acollemento é nas redes sociais para explicar en que consiste o acollemento familiar, un servizo de protección temporal para os nenos tutelados, e os beneficios que implican para as pequenas e pequenos. A partir de experiencias persoais de familias de acollida, achégase ás galegas e galegos a importancia do seu papel.

O director xeral agradeceu ás dúas entidades a posta en marcha desta campaña para difundir entre a sociedade galega as vantaxes do acollemento familiar. Neste sentido, sinalou que a Xunta de Galicia ten nesta fórmula de protección unha aposta fronte ao residencial, por iso o 55% dos menores en tutela ou garda pola Administración autonómica están nunha familia de acollida, esta porcentaxe é dous puntos máis que a media española.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Así mesmo, subliñou que para seguir mellorando a atención ás familias acolledoras é esencial a colaboración con asociacións como Acougo, que están a realizar un traballo excepcional tanto na difusión do acollemento, como no acompañamento e asesoramento ás propias familias.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia conta con dous programas específicos de apoio ao acollemento:

1) O Programa de Acollemento Familiar en familia allea, é dicir, cando non hai ningún vínculo entre o neno e a familia acolledora. Este programa está posto en marcha pola Xunta de Galicia en colaboración con Cruz Vermella, e que incorporou 85 novas nenas e nenos o pasado ano. En 2021 este programa traballou cun total de 286 nenas e nenos que forman parte dunha familia acolledora.

O Goberno galego desenvolve esta iniciativa, que é xestionada por Cruz Vermella e que proporciona unha atención temporal a aquelas rapazas e rapaces que se encontran nunha situación de risco ou desamparo e forman parte do sistema de protección da Xunta de Galicia

2) O programa de apoio ao acollemento en familia extensa, que proporciona recursos de apoio aos procesos de acollemento familiar de nenos, nenas e adolescentes por membros da súa propia familia que non son os seus proxenitores.

Este programa desenvólvese en colaboración con Aldeas Infantiles nas catro provincias galegas.

En todo caso, é fundamental resaltar a solidariedade das familias que participan nestes programas encamiñados a favorecer o benestar infantil, e consideramos que Galicia pode seguir avanzando neste eido, o cal redundará nun maior beneficio para os nenos, nenas e adolescentes que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando os distintos programas de apoio ao acollemento familiar e ampliar o investimento destinada a este ámbito”

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/07/2022 12:38:17

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 12:38:49

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 12:39:02

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 12:40:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 12:40:49

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 12:40:54

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 12:41:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 12:41:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e da deputada **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a situación do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez o desastre natural, social, económico e humano derivado dos lumes acontecidos na Galiza nas últimas semanas e localizados, fundamentalmente, no sur de Lugo e no leste de Ourense evidenciaron as importantes carencias do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza. A adversidade das condicións climáticas que dificulta os labores de extinción, algo que na altura negou o Partido Popular e que agora semella recoñecer, con temperaturas superiores a 30º, ventos superiores aos 30 km/h e unha humidade inferior ao 30%, limitan a eficacia da intervención dos servizos de extinción, cuxo persoal fixo, e fai, extenuantes esforzos para a extinción dos incendios e reducir as súas consecuencias. Malia o extraordinario esforzo da cidadanía en xeral e das persoas adicadas a extinción e a atender as emerxencias, a realidade é que os lumes das últimas semanas arrasaron espazos naturais e patrimoniais de singular valor, tanto na serra do Courel, como na Comarca de Valdeorras ou no Parque Natural do Invernadoiro, no Macizo Central ourensán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da relevancia das políticas da Xunta de Galiza encamiñadas ao abandono do rural e a inexistencia de actuacións dirixidas á unha reordenación territorial, o incumprimento (a pesares do tempo transcorrido dende a súa aprobación) de parte importante da Lei 5/2007, de 7 de maio de emerxencias de Galiza, ou do Plan Territorial de Emerxencias de Galiza (Platerga), de cuxa aprobación vai xa máis de 13 anos no que algo mudaron as circunstancias e a realidade prevista no mesmo; son factores que limitan a eficacia da intervención do persoal do servizo de emerxencias e salvamento, e que en nada axudan a evitar os efectos devastadores dos lumes e as súas consecuencias naturais, económicas e sociais. Os lumes que aínda estamos a sufrir no sur de Lugo e na provincia de Ourense arrasaron case 40.000 has., entre as que se inclúen espazos protexidos e de inestimábel valor natural, vivendas e núcleos de poboación provocando a necesidade de evacuar a centenas de familias.

Xunto coa urxente necesidade de adoptar inmediatamente medidas para paliar as consecuencias polos desvatores lumes, cumpre actuar para evitar que se podan reproducir no futuro. A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades segue sen ser unha realidade, os GES non compren a súa finalidade orixinal existindo “zonas de sombra” ás que os servizos de emerxencias tarda máis de 20 ou de 30 mnt.. en chegar, existindo, asemade, importantes carencias de persoal e medios materiais para cumprir as súas funcións en condicións de seguridade, ao tempo que pervive unha grande diversidade nas condicións laborais das traballadoras, en moitos casos sen dispor da formación técnica necesaria para atender os sinistros aos que deben enfrontarse. A realidade é que a poboación galega segue carecendo dun verdadeiro sistema integral e integrado de emerxencias, de carácter público, coordinado e cun mando único operativo, con cobertura eficaz en todo o territorio e para toda a poboación, e segue a sufrir as consecuencias de tal ausencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á:

1.- Configuración dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único.

2.- Actualización e cumprimento tanto da Lei de Emerxencias de Galiza de 2007, como do PLATERGA de 2009

3.- Impulsar as seguintes actuacións:

- Revisión do mapa de emerxencias para mellorar a cobertura territorial e que permita atender as emerxencias nun tempo máximo de 20 minutos.

- Comarcalización dos parques municipais de bombeiros das grandes cidades e reformulación dos GES.”

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/07/2022 12:56:12

María González Albert na data 27/07/2022 12:56:33

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2022 12:56:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación das infraestruturas e deseño organizativo do área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, vive unha permanente anomalía. Isto derívase de incluír, dentro do sistema público, a asistencia de máis de 130.000 cidadáns a través do centro concertado coñecido como Povisa titularidade de fondos estranxeiros de investimento internacional e de que o hospital Álvaro Cunqueiro teña vendida a metade da súa titularidade en mans tamén de fondos de investimento de orixe difuso. Durante anos, este escenario provoca unha atención desigual, xa que mentres unha parte do área sanitaria ten como referencia un hospital con media titularidade vendida a empresas privadas, aínda que con persoal público e sistema de garantías público, outra parte da poboación ten como referencia un centro integramente de titularidade privada con persoal non propio do sistema público e que non se vincula aos criterios de garantías de calidade asistencial do sistema público.

O centro Povisa, de maneira específica, supón unha alteración dos criterios de funcionamento doutras áreas sanitarias, que non asignan como centro de referencia da poboación a un hospital concertado. Neste caso, a anomalía é moito máis chamativa. Este acordo do Sergas con Povisa, renovado en diversas ocasións nos últimos anos, aporta un canon de preto de 80 millóns de euros ao ano ao centro concertado, ademais dos incrementos por servizos que se cobran de maneira extraordinaria e que elevan dos 100 millóns de euros anuais o volume de investimento que o sistema público aplica en Povisa.



En 2008 o proxecto do novo hospital de Vigo incluía un volume de construción que permitiría afrontar unha progresiva transición de toda a poboación ao actualmente denominado Hospital Álvaro Cunqueiro, por entón proxectado sen cotitularidade privada. O proxecto foi modificado polo Goberno entrante en 2009, que con Núñez Feijoo á cabeza freou este proxecto, diminuíno e abriu a entrada de capital privado na financiación. Isto permitiu a continuidade de Povisa como centro de referencia, sen que o sistema público puidese afrontar a integración de toda a poboación en centros públicos a todos os efectos.

Durante os anos seguintes entraron en xogo as dinámicas empresariais e a sanidade do área de Vigo estivo permanentemente no mercado, pois a cotitularidade privada do HAC foi vendida como tamén o foi o centro Povisa, a última delas foi coñecida nos recentes días e farase efectiva en breves semanas. Deuse a circunstancia de que durante un tempo a cotitularidade do HAC e a titularidade plena de Povisa estivo nas mesmas mans privadas, o fondo estranxeiro Centene Group. Así, a mesma empresa que se aproveitaba do déficit de infraestruturas do área sanitaria era a mesma que podía bloquear un novo investimento nesas infraestruturas.

Na primeira sesión de outubro (2019) do Pleno do Parlamento o Goberno da Xunta de Galicia, a través do Conselleiro de Sanidade e a preguntas de distintos grupos da oposición, non esclareceu a situación xurdida despois desa venda, e tampouco promoveu ningunha nova solución para a excepcionalidade que se produce no área sanitaria de Vigo con este centro.

Coa venda coñecida nos últimos días, evidénciase novamente que a garantía sanitaria para a cidadanía do área de Vigo está a depender de movementos empresariais e non de criterios sanitarios. A Xunta de Galicia, non en tanto, evidencia a súa intención de permitir e incluso favorecer esta situación, ao non tratar de afrontar solucións que transformen a situación.



A realidade está en que hoxe non toda a poboación galega ten como centro hospitalario de referencia un centro público atendido por persoal público e co mesmo sistema de garantías de calidade asistencial que marca o sistema público, o que debe ser resolto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un exhaustivo informe auditor da situación do centro hospitalario Povisa conforme ao acordo asinado co Sergas, así como das súas modificacións, que permita coñecer en profundidade a situación real e establecer criterios para a esixencia do seu cumprimento. Este informe auditor deberá incluír unha avaliación do valor estimado de venda do centro Povisa para que o goberno de Galicia poida telo como referencia de cara a próximas estratexias a desenvolver.
2. Estudar todas as posibilidades existentes para reverter ao sistema público a atención sanitaria hoxe prestada en Povisa, garantindo a máxima calidade asistencial e os postos de traballo.
3. Garantir a máxima calidade asistencial no centro hospitalario Povisa conforme aos estándares que o Sergas debe ofrecer para os centros hospitalarios de titularidade pública.
4. Defender o mantemento da plantilla de traballadores /as esixindo á nova firma propietaria que cumpra, como mínimo, co actual volume e condicións laborais dos/as profesionais que prestan asistencia no centro Povisa.

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 14:15:42

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 14:15:49

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2022 14:15:59

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 14:16:07

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 14:16:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2022 14:16:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a alarma creada pola nova venda do hospital Povisa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras enterarnos a través dos medios de comunicación de que a multinacional Centene, actual propietaria do hospital ten intención de vendelo a outra multinacional francesa, Vivalto Santé; venda que se produce dentro dunha operación na que tamén se inclúen os hospitais Polusa en Lugo e Juan Cardona en Ferrol.

Esta información está xerando enorme preocupación pola constatación de que a prestación sanitaria á 130.000 persoas da Área Sanitaria de Vigo e 1.400 postos de traballo están convertidos en mercancía, negocio para multinacionais, toda vez que esta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

venda pretende realizarse apenas tres anos despois de que fora adquirida pola multinacional estadounidense a prezo de ganga, tras ser rescatado e capitalizado con cartos públicos.

O valor fundamental deste hospital é o concerto que o Sergas mantén co mesmo. O hospital Ribera-Povisa é o maior hospital privado de Galiza, pero que vive da sanidade pública.

O 80% da súa facturación anual de máis de 100 millóns de euros, son con cargaos impostos que pagamos @s galeg@s.

O concerto máis caro xa non da sanidade pública de Galiza, senón de todo o Estado español, polo cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria a 135.000 @s veciñ@s dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueles outros que a administración determine do concello de Vigo, no que traballan 1.400 profesionais.

Concerto que supón a cantidade de 84 millóns de euros anuais (máis ive), toda vez que a Xunta procedeu a rescatar a POVISA pola vía da “renegociación” do concerto e pagarlle aínda máis, concedeulle máis poboación e perdooulle o pago de parte da factura farmacéutica. A isto hai que engadir outros custes como a facturación dos servizos dos que é referencia, maxilofacial, queimados... e a suma continúa cos millóns do Contrato Marco polo que o Sergas lle paga para que rebaixe a lista de espera da sanidade pública, mentres ten as súas disparadas..

Estamos diante dun tema de enorme relevancia, supón un paso máis na estratexia do PP de poñer a sanidade pública galega en mans do capital transnacional, o 70% da sanidade privada que existente en Galiza está en mans de empresas foráneas que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

só buscan o negocio, e estalles posibilitando que cada vez teñan máis capacidade de presión e de condicionar a sanidade pública.

Todas as decisións tomadas pola Xunta de Galiza foron na dirección de condicionar a área Sanitaria de Vigo reducindo as camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e tendo infrautilizadas outras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto multimillonario con Povisa.

Non ten actuado para comprobar a calidade asistencial que están a prestar aos doentes da sanidade pública que atenden, nin diante da vulneración constante dos dereitos laborais do seu persoal, que levan padecendo dende fai anos.

Moi ao contrario actúa o PP como facilitador da sanidade privada a costa da pública.

O Partido Popular lonxe de ter actuado para garantir un uso correcto dos orzamentos públicos, a calidade asistencial e os dereitos do cadro de persoal, ten feito todo o contrario, actuou para capitalizar aínda máis ao Hospital privado POVISA, para facilitar a súa venda á multinacional estadounidense Centene e agora a outra multinacional francesa Vivalto Santé.

O PP na Xunta é unha máquina para xerarlle beneficio a empresas de fora de Galiza, ao capital especulativo foráneo. Está vendendo Galiza por lotes, e nen sequera a empresas galegas, vendéndoas a multinacionais, expatriando a nosa riqueza a mans cheas, neste caso a costa da saúde d@s galeg@s.

A Xunta de Galiza ten que deixar actuar como comercial dos propietarios deste centro sanitario e ten que actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa así como a velar polo mantemento dos postos de traballo, respecto polos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG rexeita de maneira contundente esta nova operación claramente especulativa que compromete un dereito irrenunciábel e un servizo público esencial como a atención sanitaria, e que non se reduce a unha operación entre sociedades privadas toda vez que Povisa é un grande perceptor de diñeiro público a través do concerto.

É preciso rematar coa anomalía de ter a case a metade da poboación da Área Sanitaria de Vigo recibindo asistencia sanitaria nun centro privado

O PP na vez de facilitar, encubrir e permitir a venda de POVISA a unha nova multinacional, que como a actual só busca o negocio, ten que poñerse a traballar para mercar este hospital e integralo á rede sanitaria pública.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Até onde vai chegar a Xunta de Galiza para entregar a unha nova multinacional unha parte tan importante da sanidade pública galega?

Como é posíbel que se faga unha venda desta embergadura e o Conselleiro de Sanidade diga que non sabía nada?

Que pode xustificar que un Goberno cun mínimo de preocupación polo país que goberna permita este mercadeo coa atención sanitaria de 130.000 persoas e 1.400 traballador@s e a encubra?

¿Cal é o prezo da venda?

Canto se ten revalorizado desde a venda hai tres anos por 22 millóns de euros?

Vai realizar actuacións para mercar o hospital en integralo na sanidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón para non ter rematado coa anomalía de ter a case a metade da poboación recibindo asistencia sanitaria nun centro privado, con problemas constantes?

Cales son as condicións establecidas na venda a respecto do concerto?

Vai permitir que 135 mil veciñ@s e arredor de 1400 profesionais pasen de ser reféns de Centene a ser reféns de Vivalto Santé?

Que contactos ten realizado coas multinacionais que venden e mercan Povisa?

Que condicións lle ten posto? Que garantías ofrece?

Téñenlle garantido a continuidade do concerto?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2022 13:53:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/07/2022 13:54:02

Mercedes Queixas Zas na data 28/07/2022 13:54:09

Rosana Pérez Fernández na data 28/07/2022 13:54:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/07/2022 13:54:24

Daniel Pérez López na data 28/07/2022 13:54:32

Iria Carreira Pazos na data 28/07/2022 13:54:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2022 13:54:47

Daniel Castro García na data 28/07/2022 13:54:55

María del Carmen Aira Díaz na data 28/07/2022 13:55:05

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2022 13:55:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/07/2022 13:55:20

María González Albert na data 28/07/2022 13:55:28

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2022 13:55:37

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2022 13:55:43

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2022 13:55:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/07/2022 13:55:57

María do Carme González Iglesias na data 28/07/2022 13:56:03

Paulo Ríos Santomé na data 28/07/2022 13:56:10



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Dos varios centos de persoas que traballaban na Coruña hai unha década, non queda practicamente persoal tras o desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

A comezos de 2021 *Naturgy* acordou o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implicou a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 4 de marzo de 2021 consta a aprobación por unanimidade da proposición non de lei con número de rexistro 10110, presentada polo Grupo Socialista, nos seguintes termos:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, en uso das súas competencias, sinaladamente as de política económica e industrial: a) Adopte todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado do centro operativo de rede norte de Unión Fenosa Distribución a Madrid e calquera deslocalización máis por parte da empresa. b) Obrigue a empresa, como primeiro subministrador eléctrico de Galicia, a garantir a calidade da súa subministración eléctrica en toda a Comunidade.»

A pesar dese acordo unánime, nada fixo a Xunta e foi pechado o centro operativo da Coruña.

Algo máis dun ano despois, *Naturgy* vén de comunicar que trasladará a Colombia, a partir de setembro, o 80 % da atención telefónica de Unión Fenosa Distribución (UFD), a distribuidora de electricidade da compañía. Isto suporá a perda de máis dun centenar de postos de traballo, ademais de levar a atención telefónica a un país que non conta coa lexislación de protección de datos vixente en Europa.



O servizo de atención ao cliente de UFD –que non conta con oficinas físicas– préstase desde a Coruña desde hai máis de 25 anos exclusivamente a través de atención telefónica, que inclúe a atención ao cliente nas zonas de distribución de Fenosa (Galicia, Castela, Madrid...) sobre avarías, reclamacións, cortes e reenganches, consultas das oficinas comercializadoras e atención comercial. Nel chegaron a traballar máis de 500 persoas.

Unión Fenosa Distribución dá servizo a case dous millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galegidade da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai adoptar o Goberno galego dentro das súas competencias algún tipo de medida para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución, primeira distribuidora eléctrica de Galicia?

2ª) Levou a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para evitar o traslado a Madrid do centro operativo de *Naturgy* radicado na Coruña e que prestaba servizo a toda Galicia tal e como acordou por unanimidade o parlamento en marzo de 2021?

3ª) Como valora o Goberno galego a perda de calquera vestixio de galegidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela?

4ª) Levou a cabo algunha actuación o Goberno galego nos últimos 10 anos para evitar esa perda de galegidade e postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:





Pablo Arangüena Fernández na data 22/07/2022 13:53:34

Martín Seco García na data 22/07/2022 13:53:50

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/07/2022 13:54:06



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de Valoración e Orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVO son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

O Goberno galego iniciou coa escusa da pandemia motivada pola Covid, valoracións telemáticas para valorar o grao de discapacidade dende o inicio da pandemia no ano 2020, asegurando que era unha cuestión puntual, sen embargo na actualidade temos constancia de casos. Sería fundamental coñecer o cómputo global dos casos valorados de xeito telemático. Dada a casuística a tratar, dende o grupo parlamentario socialista instamos ao goberno galego nese intre mediante diversas iniciativas parlamentaria para que de xeito inmediato e con tódalas precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, retomasen as valoracións presenciais por parte dos EVO. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a calidade da mesma, polo que dende o grupo socialista consideramos un erro grave o feito de que o goberno galego efectúe valoracións de discapacidade ou dependencia de xeito telemático.



É fundamental resarcir esta cuestión, de xeito que dende a Consellería de Política Social elaboren un informe no que se detalle o número de expedientes que recibiron valoración telemática e a variabilidade da porcentaxe tras a resolución derivada de dita valoración ou revisión dende 2020 ata a actualidade. E promovan de oficio unha revisión presencial para todos os casos afectados polas valoracións ou revisións telemáticas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos expedientes revisados nos anos 2020, 2021 e 2022 resolveron unha diminución na porcentaxe de grao de discapacidade? E no ano 2019?
2. Cantos expedientes recibiron en 2020, 2021 e 2022 resolución de grao de discapacidade ou revisión froito dunha valoración telefónica?
3. Considera o Goberno que a calidade ou optimización das valoracións de grao de discapacidade se garanten na totalidade de casos valorados?
4. Teñen pensado resolver a situación e retomar todas as valoracións presenciais?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/07/2022 10:04:30

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2022 10:04:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez o desastre natural, social, económico e humano derivado dos lumes acontecidos na Galiza nas últimas semanas e localizados, fundamentalmente, no sur de Lugo e no leste de Ourense evidenciaron as importantes carencias do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza. A adversidade das condicións climáticas que dificulta os labores de extinción, algo que na altura negou o Partido Popular e que agora semella recoñecer, con temperaturas superiores a 30º, ventos superiores aos 30 km/h e unha humidade inferior ao 30%, limitan a eficacia da intervención dos servizos de extinción, cuxo persoal fixo, e fai, extenuantes esforzos para a extinción dos incendios e reducir as súas consecuencias. Malia o extraordinario esforzo da cidadanía en xeral e das persoas adicadas a extinción e a atender as emerxencias, a realidade é que os lumes das últimas semanas arrasaron espazos naturais e patrimoniais de singular valor, tanto na serra do Courel, como na Comarca de Valdeorras ou no Parque Natural do Invernadoiro, no Macizo Central ourensán.

Alén da relevancia das políticas da Xunta de Galiza encamiñadas ao abandono do rural e a inexistencia de actuacións dirixidas á unha reordenación territorial, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento (a pesares do tempo transcorrido dende a súa aprobación) de parte importante da Lei 5/2007, de 7 de maio de emerxencias de Galiza, ou do Plan Territorial de Emerxencias de Galiza (Platerga), de cuxa aprobación vai xa máis de 13 anos no que algo mudaron as circunstancias e a realidade prevista no mesmo; son factores que limitan a eficacia da intervención do persoal do servizo de emerxencias e salvamento, e que en nada axudan a evitar os efectos devastadores dos lumes e as súas consecuencias naturais, económicas e sociais. Os lumes que aínda estamos a sufrir no sur de Lugo e na provincia de Ourense arrasaron case 40.000 has., entre as que se inclúen espazos protexidos e de inestimábel valor natural, vivendas e núcleos de poboación provocando a necesidade de evacuar a centenaes de familias.

Xunto coa urxente necesidade de adoptar inmediatamente medidas para paliar as consecuencias polos desvatores lumes, cumpre actuar para evitar que se podan reproducir no futuro. A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades segue sen ser unha realidade, os GES non compren a súa finalidade orixinal existindo “zonas de sombra” ás que os servizos de emerxencias tarda máis de 20 ou de 30 mnt.. en chegar, existindo, asemade, importantes carencias de persoal e medios materiais para cumprir as súas funcións en condicións de seguridade, ao tempo que pervive unha grande diversidade nas condicións laborais das traballadoras, en moitos casos sen dispor da formación técnica necesaria para atender os sinistros aos que deben enfrontarse. A realidade é que a poboación galega segue carecendo dun verdadeiro sistema integral e integrado de emerxencias, de carácter público, coordinado e cun mando único operativo, con cobertura eficaz en todo o territorio e para toda a poboación, e segue a sufrir as consecuencias de tal ausencia.

E por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións realizou a Xunta de Galiza no 2022 para a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades e con que resultado?

. Considera a Xunta de Galiza que se está cumprir fielmente a Lei de Emerxencias de 2007?

. Ten previsto a actualización ou reforma da Lei de Emerxencias de Galiza?

. Considera necesaria a actualización do Platerga e, no seu caso, ten prevista a súa modificación?

. E, no seu caso, que actuacións realizou para a mesma?

. Entende a Xunta de Galiza que os GES, actualmente existentes, e cos medios e recursos de que dispoñen cumpren a función que motivou a súa creación?

. Existe uniformidade nos EPIs, no material e nas condicións laborais do persoal dos distintos GES de Galiza?

. Tras os incendios no Courel, Valdeorras e no Parque do Invernadoiro considera a Xunta de Galiza que existen elementos do sistema de emerxencias que se poden mellorar?

. A existencia dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único permitiría unha mellor atención ás continxencias da poboación galega?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputadoz e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2022 13:06:51

María González Albert na data 27/07/2022 13:06:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/07/2022 13:07:04



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación das infraestruturas e deseño organizativo do área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, vive unha permanente anomalía. Isto derívase de incluír, dentro do sistema público, a asistencia de máis de 130.000 cidadáns a través do centro concertado coñecido como Povisa titularidade de fondos estranxeiros de investimento internacional e de que o hospital Álvaro Cunqueiro teña vendida a metade da súa titularidade en mans tamén de fondos de investimento de orixe difuso. Durante anos, este escenario provoca unha atención desigual, xa que mentres unha parte do área sanitaria ten como referencia un hospital con media titularidade vendida a empresas privadas, aínda que con persoal público e sistema de garantías público, outra parte da poboación ten como referencia un centro integramente de titularidade privada con persoal non propio do sistema público e que non se vincula aos criterios de garantías de calidade asistencial do sistema público.

O centro Povisa, de maneira específica, supón unha alteración dos criterios de funcionamento doutras áreas sanitarias, que non asignan como centro de referencia da poboación a un hospital concertado. Neste caso, a anomalía é moito máis chamativa. Este acordo do Sergas con Povisa, renovado en diversas ocasións nos últimos anos, aporta un canon de preto de 80 millóns de euros ao ano ao centro concertado, ademais dos incrementos por servizos que se cobran de maneira extraordinaria e que elevan dos 100 millóns de euros anuais o volume de investimento que o sistema público aplica en Povisa.

En 2008 o proxecto do novo hospital de Vigo incluía un volume de construción que permitiría afrontar unha progresiva transición de toda a poboación ao actualmente denominado Hospital Álvaro Cunqueiro, por entón proxectado sen



cotitularidade privada. O proxecto foi modificado polo Goberno entrante en 2009, que con Núñez Feijoo á cabeza freou este proxecto, diminuíno e abriu a entrada de capital privado na financiación. Isto permitiu a continuidade de Povisa como centro de referencia, sen que o sistema público puidese afrontar a integración de toda a poboación en centros públicos a todos os efectos.

Durante os anos seguintes entraron en xogo as dinámicas empresariais e a sanidade do área de Vigo estivo permanentemente no mercado, pois a cotitularidade privada do HAC foi vendida como tamén o foi o centro Povisa, a última delas foi coñecida nos recentes días e farase efectiva en breves semanas. Deuse a circunstancia de que durante un tempo a cotitularidade do HAC e a titularidade plena de Povisa estivo nas mesmas mans privadas, o fondo estranxeiro Centene Group. Así, a mesma empresa que se aproveitaba do déficit de infraestruturas do área sanitaria era a mesma que podía bloquear un novo investimento nesas infraestruturas.

Na primeira sesión de outubro (2019) do Pleno do Parlamento o Goberno da Xunta de Galicia, a través do Conselleiro de Sanidade e a preguntas de distintos grupos da oposición, non esclareceu a situación xurdida despois desa venda, e tampouco promoveu ningunha nova solución para a excepcionalidade que se produce no área sanitaria de Vigo con este centro.

Coa venda coñecida nos últimos días, evidénciase novamente que a garantía sanitaria para a cidadanía do área de Vigo está a depender de movementos empresariais e non de criterios sanitarios. A Xunta de Galicia, non en tanto, evidencia a súa intención de permitir e incluso favorecer esta situación, ao non tratar de afrontar solucións que transformen a situación.

A realidade está en que hoxe non toda a poboación galega ten como centro hospitalario de referencia un centro público atendido por persoal público e co



mesmo sistema de garantías de calidade asistencial que marca o sistema público, o que debe ser resolto.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora o Sergas a situación de asistencia sanitaria desigual que se da no área sanitaria de Vigo mediada pola presenza de empresas privadas?
2. En que momento coñeceu o Sergas o proceso de venda de Povisa que estaban a tratar o grupos propietario e o novo comprador?
3. Ten intención o goberno de Galicia de cambiar as súas actuais directrices para garantir a máxima calidade asistencial no centro hospitalario Povisa conforme aos estándares que o Sergas debe ofrecer para os centros hospitalarios de titularidade pública?
4. Vai o goberno de Galicia a defender o mantemento da plantilla de traballadores /as esixindo á nova firma propietaria que cumpra, como mínimo, co actual volume e condicións laborais dos/as profesionais que prestan asistencia no centro Povisa?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 14:14:38

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 14:14:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2022 14:14:57

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 14:15:09

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 14:15:24



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Dos varios centos de persoas que traballaban na Coruña hai unha década, non queda practicamente persoal tras o desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

A comezos de 2021 *Naturgy* acordou o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implicou a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 4 de marzo de 2021 consta a aprobación por unanimidade da proposición non de lei con número de rexistro 10110, presentada polo Grupo Socialista, nos seguintes termos:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, en uso das súas competencias, sinaladamente as de política económica e industrial: a) Adopte todas as medidas ao seu alcance para evitar o traslado do centro operativo de rede norte de Unión Fenosa Distribución a Madrid e calquera deslocalización máis por parte da empresa. b) Obrigue a empresa, como primeiro subministrador eléctrico de Galicia, a garantir a calidade da súa subministración eléctrica en toda a Comunidade.»

A pesar dese acordo unánime, nada fixo a Xunta e foi pechado o centro operativo da Coruña.

Algo máis dun ano despois, *Naturgy* vén de comunicar que trasladará a Colombia, a partir de setembro, o 80 % da atención telefónica de Unión Fenosa Distribución (UFD), a distribuidora de electricidade da compañía. Isto suporá a perda de máis dun centenar de postos de traballo, ademais de levar a atención telefónica a un país que non conta coa lexislación de protección de datos vixente en Europa.



O servizo de atención ao cliente de UFD –que non conta con oficinas físicas– préstase desde a Coruña desde hai máis de 25 anos exclusivamente a través de atención telefónica, que inclúe a atención ao cliente nas zonas de distribución de Fenosa (Galicia, Castela, Madrid...) sobre avarías, reclamacións, cortes e reenganches, consultas das oficinas comercializadoras e atención comercial. Nel chegaron a traballar máis de 500 persoas.

Unión Fenosa Distribución dá servizo a case dous millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galeguidade da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Vai adoptar o Goberno galego dentro das súas competencias algún tipo de medida para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución, primeira distribuidora eléctrica de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/07/2022 13:55:02

Martín Seco García na data 22/07/2022 13:55:17

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/07/2022 13:55:33



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de Valoración e Orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVO son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

O Goberno galego iniciou coa escusa da pandemia motivada pola Covid, valoracións telemáticas para valorar o grao de discapacidade dende o inicio da pandemia no ano 2020, asegurando que era unha cuestión puntual, sen embargo na actualidade temos constancia de casos. Sería fundamental coñecer o cómputo global dos casos valorados de xeito telemático. Dada a casuística a tratar, dende o grupo parlamentario socialista instamos ao goberno galego nese intre mediante diversas iniciativas parlamentaria para que de xeito inmediato e con tódalas precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, retomasen as valoracións presenciais por parte dos EVO. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a calidade da mesma, polo que dende o grupo socialista consideramos un erro grave o feito de que o goberno galego efectúe valoracións de discapacidade ou dependencia de xeito telemático.



É fundamental resarcir esta cuestión, de xeito que dende a Consellería de Política Social elaboren un informe no que se detalle o número de expedientes que recibiron valoración telemática e a variabilidade da porcentaxe tras a resolución derivada de dita valoración ou revisión dende 2020 ata a actualidade. E promovan de oficio unha revisión presencial para todos os casos afectados polas valoracións ou revisións telemáticas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos expedientes revisados dende o ano 2020 resolveron unha diminución na porcentaxe de grao de discapacidade?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/07/2022 10:06:59

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2022 10:07:09



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e María Felisa Rodríguez Carrera deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece que a cooperación galega para o desenvolvemento articularase a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 é o documento de planificación estratéxica e nel establécense os obxectivos e prioridades de actuación da cooperación galega para eses anos. O IV Plan Director foi aprobado pola Comisión 1ª do Parlamento de Galicia o 22 de xuño de 2018, tras recibir o informe favorable do Consello Galego de Cooperación e do Consello da Xunta de Galicia.

Polo que respecta aos plan anuais, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 11 de febreiro de 2021 o Plan Anual 2021 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, tras ter recibido o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na súa reunión do 27 de xaneiro.

Asemade, o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, compareceu o 7 de abril de 2021 ante a Comisión 1ª do Parlamento de Galicia para explicar as principais características e previsións do Plan anual 2021 da Cooperación Galega

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o goberno sobre o nivel de execución do Plan anual Cooperación Galega?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 16:34:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Paula Prado del Río na data 22/07/2022 16:35:02

José Manuel Rey Varela na data 22/07/2022 16:35:11

María Sol Díaz Mouteira na data 22/07/2022 16:35:20

Ana Belén García Vidal na data 22/07/2022 16:35:38

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 16:35:45

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/07/2022 16:36:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Consellería de Política Social e Xuventude vén de crear unha guía que permite detectar e valorar, a través de criterios obxectivos, posibles situacións de desprotección de menores. O instrumento, denominado Valora-Galicia, está dirixido aos profesionais dos servizos sociais da Xunta de Galicia especializados neste eido.

O obxectivo desta iniciativa é dotarlles dunha ferramenta que lles facilite a investigación e a avaliación das situacións de desprotección que afectan a nenos, nenas e adolescentes a través da achega de criterios técnicos para a valoración da gravidade destas situacións e as correspondentes tomas de decisión.

Coa implementación do instrumento Valora-Galicia na Comunidade, o Goberno galego busca mellorar e axilizar a intervención nestas situacións, xa que a utilización dos mesmos criterios e categorías de malos tratos vai permitir un coñecemento máis profundo deste fenómeno e unha abordaxe máis homoxénea.

Ao igual ca outros instrumentos técnicos existentes, Valora-Galicia está deseñada para o seu uso por parte de profesionais capacitados, como orientación, fundamento e apoio ao xuízo profesional, nunca como substituto deste.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. En que vai a mellorar e axilizar a intervención en posibles situacións de desprotección de menores o instrumento denominado Valora-Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 16:51:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 16:52:18

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 16:53:00

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 16:53:09

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/07/2022 16:54:07

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 16:54:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 16:55:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia ven de abrir o prazo de suxestións do proxecto de decreto polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, que reducirá á metade os tempos de tramitación. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o pasado 7 de abril o anuncio da Consellería de Política Social e Xuventude pola que se acorda someter a información pública o referido proxecto normativo para o seu coñecemento e a presentación das proposicións e recomendacións que se consideren oportunas.

Así, a partir do 8 de abril poderá consultarse o texto íntegro, que persegue simplificar, abreviar e ordenar o procedemento de recoñecemento de dependencia, no Portal de Transparencia do Goberno galego, onde permanecerá ata o vindeiro 2 de maio para que tanto os particulares como as entidades interesadas poidan realizar as súas achegas.

A tramitación do Decreto de Dependencia forma parte do Plan de Choque aprobado pola Xunta de Galicia en maio de 2021, e que inclúe outras medidas para axilizar e facilitar o traballo dos profesionais públicos que valoran a dependencia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Actualmente Galicia inviste nas persoas dependentes un total de 400 millóns de euros, do que o 76% proceden das arcas autonómicas e un 24% do Estado, malia que a Lei de Dependencia fixa o cofinanciamento entre o Goberno central e o autonómico no 50%.

Aínda así, a Comunidade é a segunda con mellor ratio de atención do conxunto de España, cun 95% de persoas con dependencia que reciben algunha prestación ou servizo.

Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en Pleno**:

Cales son as novidades fundamentais do novo Decreto de Dependencia?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 16:52:34

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 16:53:00

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 16:53:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 16:54:08

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 16:54:40

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/07/2022 16:54:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 16:55:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia ven de abrir o prazo de suxestións do proxecto de decreto polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, que reducirá á metade os tempos de tramitación. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o pasado 7 de abril o anuncio da Consellería de Política Social e Xuventude pola que se acorda someter a información pública o referido proxecto normativo para o seu coñecemento e a presentación das proposicións e recomendacións que se consideren oportunas.

Así, a partir do 8 de abril poderá consultarse o texto íntegro, que persegue simplificar, abreviar e ordenar o procedemento de recoñecemento de dependencia, no Portal de Transparencia do Goberno galego, onde permanecerá ata o vindeiro 2 de maio para que tanto os particulares como as entidades interesadas poidan realizar as súas achegas.

A tramitación do Decreto de Dependencia forma parte do Plan de Choque aprobado pola Xunta de Galicia en maio de 2021, e que inclúe outras medidas para axilizar e facilitar o traballo dos profesionais públicos que valoran a dependencia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Actualmente Galicia inviste nas persoas dependentes un total de 400 millóns de euros, do que o 76% proceden das arcas autonómicas e un 24% do Estado, malia que a Lei de Dependencia fixa o cofinanciamento entre o Goberno central e o autonómico no 50%.

Aínda así, a Comunidade é a segunda con mellor ratio de atención do conxunto de España, cun 95% de persoas con dependencia que reciben algunha prestación ou servizo.

Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en Pleno**:

Cales son as novidades fundamentais do novo Decreto de Dependencia?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 16:52:34

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 16:53:00

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 16:53:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 16:54:08

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 16:54:40

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/07/2022 16:54:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 16:55:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta de Galicia ven de abrir o prazo para solicitar o Bono Coidado que axudou o pasado ano a preto de 900 familias en materia de conciliación. O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 8 de xullo a convocatoria desta axuda que permite o pago de servizos de conciliación para períodos de vacacións como son campamentos de verán, ludotecas ou espazos infantís similares ou para a contratación dun servizo en casos excepcionais por enfermidade do neno ou do coidador.

O ano pasado este programa engadiu como novidade o uso desta axuda para sufragar servizos de conciliación para períodos de vacacións como son os campamentos de verán, as ludotecas ou espazos infantís similares. Isto permitiu duplicar o número de beneficiarios con respecto ao ano 2019, antes da pandemia, cando esta axuda chegaba a 400 persoas. Este bono poderá solicitarse tamén para a contratación dun servizo de conciliación no caso dunha enfermidade do neno ou do coidador habitual.

A Xunta investirá nesta axuda máis de 550.000 euros e con ela poderanse sufragar servizos empregados desde o 1 de xaneiro do ano 2022 ata o propio mes de setembro. A axuda consiste nunha achega que pode acadar o 100% do custe do servizo.

A contía máxima da axuda será de 500 euros por unidade familiar no caso da contratación dunha persoa empregada do fogar ou de servizos de atención á infancia a domicilio; ou de 200 euros por cada neno no caso de asistencia a servizos de conciliación

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia do Bono Coidado desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:02:57

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:03:27

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:03:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:04:14

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:04:18

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/07/2022 17:04:51

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:04:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A Xunta destinará no ano 2023 máis de 50 millóns de euros ao programa de gratuidade en todas as escolas infantís de Galicia para que as familias accedan a máis de 30.000 prazas de 0 a 3 anos sen pagar un euro pola atención educativa dos seus fillos, vaian a un centro da rede pública autonómica, a un de iniciativa social a un privado ou a un municipal.

En relación á implantación desta medida nas escolas infantís que dependen dos concellos, o Executivo autonómico vai asumir a contía correspondente á atención educativa que ata agora pagaban as familias por acudir a unha escola infantil de titularidade municipal. Este financiamento farase a través dunha orde de subvencións en concorrencia non competitiva, polo que todos os Concellos que cumpran os requisitos terán garantida a achega económica. Con este mecanismo de financiamento se poderán facer anticipos, o que garante a liquidez ás Corporacións locais, e se fará por cursos, para unha mellor planificación da xestión dos centros.

O pasado mes de marzo xa se lle avanzou á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) o sistema de financiamento para as escolas infantís municipais, e que, posteriormente, se lles mandou aos Concellos un documento con algunhas das dúbidas respecto da gratuidade que foron trasladando á Xunta. Está previsto que a orde de axudas saia publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) nos vindeiros días, toda vez que xa ten o visto e praxe do Consello da Xunta.

A Asociación Galega de Escolas Infantís sinalaba recentemente que teñen detectado un incremento de demanda e matrícula.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Ten a Xunta de Galicia datos das solicitudes para o vindeiro curso coincidindo coa posta en marcha da gratuidade das escolas infantís?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:10:44

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:11:11

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:11:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:11:56

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:12:48

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/07/2022 17:12:51

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:13:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O pasado 2 de febreiro o Ministerio de Derechos Sociais dou a coñecer, a través dos medios de comunicación, o borrador de traballo do novo modelo de residencias que plantea o Goberno central e que a Xunta de Galicia descoñecía a pesares de ser as comunidades autónomas as que teñen a competencia sobre este asunto.

Este documento de traballo contén algunhas cuestións que desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos preocupantes. Por exemplo, obrigaría a unha redución importante do número de prazas e a encarecer moito o acceso a unha residencia.

Nun primeiro momento a proposta do Ministerio era limitar a 50 o número de prazas por residencia pero nunha segunda proposta mudou o límite a 90 prazas por residencia. Por outra banda, a proposta non está acompañada dunha planificación económica e a sensación é que se quere acelerar todo o proceso sen analízalo en profundidade coas asociacións, plataformas de familiares, sociedades científicas e comunidades autónomas.

Calquera reforma do modelo de residencias ten que ten en conta dous factores: que o servizo sexa da máxima calidade, pero tamén que estea accesible para todas as persoas que o necesiten, sexa cal sexa o seu nivel económico ou lugar de residencia. O novo modelo de residencias presentado pola Xunta de Galicia o pasado mes de decembro cumpre ambos os dous requisitos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Como se valora desde a Xunta de Galicia a proposta do Goberno central sobre o novo modelo de residencias en España?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:17:37

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:18:35

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:18:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:19:11

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:19:20

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/07/2022 17:20:09

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:20:12



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A conselleira de Política Social e Xuventude lembrou que hai seis anos que se concederon as primeiras axudas para a posta en marcha deste servizo de atención á infancia no rural, e na actualidade xa son 89 as casas niño en funcionamento.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado mes de xuño a resolución dunha nova orde de casas niño que permite abrir 6 novos centros por toda a Comunidade.

Deste xeito, chegaremos ás 95 casas niño repartidas por toda a xeografía galega que poñen á disposición das familias galegas 475 prazas para os seus fillos de 0 a 3 anos

A conselleira de Política Social e Xuventude destacou que estes centros ofrecen unha atención profesional para as nenas e nenos de 0 a 3 anos, permiten que os seus pais poidan compaxinar a vida laboral e persoal, fomentan a creación de emprego nas zonas rurais e mesmo lle dan unha nova vida a vellos establecementos dos municipios rurais.

Esta convocatoria permite incrementar nun 10% a axuda anual para as casas niño, de xeito que as súas promotoras recibirán 2000 euros máis ao ano. Este aumento da achega autonómica busca dar resposta á suba dos gastos de luz ou seguros aos que tiveron que facer fronte as responsables destes centros nos últimos tempos.

Outra das novidades é que cando cumbran os seis anos en funcionamento as casas niño reciben unha axuda adicional de 500 euros para ir renovando o seu equipamento.

Para garantir este servizo de conciliación no rural, financiado con fondos propios na súa totalidade, o Goberno galego investirá máis dun millón de euros, dos que 180.000 se destinarán a financiar as obras de acondicionamento dos locais que acollerán estes centros, cun máximo de 15.000 euros por cada un; e outros 860.000 euros a sufragar os gastos de funcionamento, o que supón unha achega de 21.560 euros para cada promotora ou promotor deste recurso.



Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai a consellería de Política Social e Xuventude do incremento do número de casas niño como medida de conciliación para as familias galegas?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:23:59

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:25:45

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:25:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:26:21

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:26:26

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/07/2022 17:26:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:27:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 contempla un investimento en Política Social e Xuventude de máis de 927 millóns de euros, o que supón o dobre que no ano 2009.

Este incremento orzamentario permitirá dar máis certezas ás familias galegas no momento que máis as necesitan. Neste sentido, Galicia se converteu nunha referencia a nivel nacional na atención á infancia con medidas como a gratuidade para segundos fillos e sucesivos, aplicada desde abril do ano 2020, ou as incluídas na Lei de impulso demográfica, aprobada o pasado mes de febreiro. A aposta da Xunta en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica elevará o investimento para o ano 2022 neste eido a máis de 168 millóns de euros.

Este incremento orzamentario permitirá blindar medidas como a Tarxeta Benvida, á que se destinarán 30,5 millóns de euros máis, que se suman aos 100 millóns de euros investidos nesta prestación desde a súa posta en marcha en 2016, o que se incrementarán de ser necesario. Mantense en 1,8 millóns de euros o investimento no Bono Concilia, que a finais deste curso deixará paso á gratuidade total nas escolas infantís; resérvanse 600.000 euros para o Bono Coidado e elévase un 10%, ata os 2,4 millóns de euros, o orzamento destinado ás casas niño para superar os 100 centros en funcionamento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia das medidas destinadas á atención da infancia e ás familias galegas?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



José Alberto Pazos Couñago na data 22/07/2022 17:29:54

María Corina Porro Martínez na data 22/07/2022 17:30:43

Noelia Pérez López na data 22/07/2022 17:30:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/07/2022 17:31:20

López Sánchez, Rosalía na data 22/07/2022 17:31:26

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/07/2022 17:31:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/07/2022 17:32:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O último informe de análise dos gastos de persoal do período 2014-2020, cuestiona a xestión da función pública por parte do goberno da Xunta de Galicia.

O Consello de Contas advirte da falla de control na contratación de persoal da Xunta de Galicia e as súas entidades dependentes descentralizadas.

A maiores cuestiona que os nomeamentos levados a cabo pola Xunta de Galicia se adecúe ás regras de garantía, control e transparencia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista condenamos estas actitudes arbitrarias e de abuso que son contrarias ao principio de igualdade que ten que rexer nunha administración propia dun país democrático.

O goberno do PP non pode utilizar a súa capacidade, para designar discrecionalmente persoal da Administración co fin de situar en distintas posicións de poder a persoas afines ao Partido Popular de Galicia cuxo mérito máis destacable sobre o resto de candidatos sexa a súa proximidade a esa formación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia o informe do Consello de Contas no que se alerta da súa arbitrariedade e falla de transparencia na contratación de persoal da Xunta e as súas entidades dependentes descentralizadas?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:27:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/07/2022 10:27:58

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 10:28:09

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/07/2022 10:28:20



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende hai uns anos teñen evolucionado moitísimo as políticas en materia de seguridade viaria tanto no contexto mundial, europeo ou nacional.

E todas coinciden na necesidade de aumentar a seguridade das redes viarias en beneficio de todos os usuarios e usuarias das vías e especialmente dos máis vulnerables, como son os peóns.

Así mesmo, nas redes viarias cada día ocupa un papel máis relevante o transporte público.

A súa existencia e o seu axeitado funcionamento constitúen un bo indicador do progreso económico e social dunha sociedade, e incluso do seu nivel cultural e humano, ao favorecer a relación entre as persoas con independencia do lugar onde residan.

Neste contexto global de mobilidade o transporte público escolar ten unha importancia decisiva xa que permite o afianzamento e crecemento do rural na Galicia tan dispersa e diversa que temos.

A prestación do servizo do transporte escolar é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e, polo tanto, ten a obriga de responder ante a cidadanía da prestación do mesmo.

Así, conxugando seguridade viaria e transporte público asistimos ao inicio do curso escolar, e inicio tamén das rutas dos autobuses que fan este transporte.

O Concello de Pontearreas puxo en coñecemento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) o problema de seguridade viaria que afecta á Nacional 120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnosó.



En resposta a esta necesidade, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) está coa tramitación do proxecto de mellora da seguridade viaria da Nacional 120.

Pero mentres este proxecto non se executa, é necesario levar a cabo accións que permitan mellorar a seguridade viaria dos escolares nesa estrada, como por exemplo o cambio de situación das paradas do autobús escolar que nela se sitúan.

A veciñanza de Pontearreas leva anos, sen resposta, reclamando ao Goberno galego este cambio de situación das paradas escolares, no sentido que os autobuses paren a ambos lados da nacional tanto na ida como na volta dos percorridos, evitando así que os rapaces e rapazas teñan que cruzar a nacional ao menos dúas veces ao día, cinco días á semana.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego modificar para este curso 2021/2022 as paradas do autobús de transporte escolar na Nacional 120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnosó, para mellorar a seguridade viaria dos escolares?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:29:56

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:30:05

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:30:15



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O deterioro da sanidade en Galicia en xeral e en Ponteareas en particular é un feito.

Á falla de persoal sanitario das distintas categorías e fundamentalmente de médicos xerais, pediatras, persoal de enfermaría e matronas, únese no caso de Ponteareas un problema estrutural das instalacións que non son acordes a unha poboación de arredor de 23.000 habitantes.

Nos últimos tempos, a falta de médicos e pediatras no servizo de saúde de Ponteareas é alarmante e as listas de espera para obter unha cita, mesmo telefónica, tarda en algúns casos ata 3 semanas; as citas para as analíticas e outras probas diagnósticas, están na mesma liña.

Esta falta de persoal ven determinada nalgúns casos por causas imprevistas (baixas por enfermidade), pero na maioría son previsibles pois trátase de xubilacións, vacacións e descansos programados.

Isto agrávase se temos en conta que no Centro de Saúde de Ponteareas, aparte da atención sanitaria aos veciños e veciñas da nosa vila, se prestan servizos de apoio (Urxencias, Raios X, matronas, fisioterapia, traballadora social, farmacéutica) a toda a comarca do Condado e a parte da comarca da Paradanta. Isto implica un importante fluxo de pacientes diarios no citado centro que repercute aínda máis nas listas de espera.

Por outra banda, as instalacións do propio centro de saúde, que iniciou a súa actividade en novembro de 1987, son totalmente insuficientes e inaceptables para os estándares de calidade actuais, pois debido ao paulatino incremento de actividade sufriu numerosas reformas ata quedar practicamente inservible para a actividade que realiza.



Entre as numerosas eivas que presenta, atópanse as seguintes:

- Non ten salas de espera adecuadas e coa ventilación necesaria para un mínimo de pacientes.
- Non dispón de aire acondicionado polo que a calor en temporada estival é insufrible.
- A maioría das consultas non cumpren a normativa en canto a espazo e aireación.
- As salas de matronas atópanse no soto semienterradas.
- Non hai salas dispoñibles para realizar probas diagnósticas tipo espirometrías, ECG, etc.
- O PAC (servizo de Urxencias) que atende a toda a poboación do Condado máis aos desprazados doutras comarcas ou comunidades e que ademais comparte instalacións co propio centro de saúde, atópase totalmente colapsado e non é posible illar aos pacientes sospeitosos ou confirmados de Covid19.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego cubrir tódalas prazas de persoal sanitario e non sanitario necesarias para a correcta actividade dos servizos sanitarios en Pontearreas e na comarca?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/01/2022 18:14:31

Julio Torrado Quintela na data 27/01/2022 18:14:42

Marina Ortega Otero na data 27/01/2022 18:14:49



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Complexo Medioambiental de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) e asimilables da 'Mancomunidad de concellos da Serra do Barbanza' comezou a funcionar en setembro do ano 2003. Inicialmente abarcaba 3 municipios (Lousame, Brión e Porto do Son) e actualmente abarca 9 (Lousame, Brión, Porto do Son, Ames, Rois, Carnota, Muros, Pontecesures e Noia), cun total de 80.000 habitantes aproximadamente. A Presidencia desta mancomunidad é rotatoria entre os alcaldes e alcaldesas dos concellos que forman parte dela por período de 1 ano. O pasado martes 31 de agosto tomou posesión da mancomunidad o alcalde de Carnota.

Coincidindo con este novo mandato, os e as representantes do PSdG-PSOE dos concellos membros natos da Mancomunidad Serra do Barbanza (Lousame, Noia, Porto do Son, Muros, Carnota e Brión) mantiveron unha xuntanza no Concello de Carnota coa fin de marcar unha folla de traballo que poida solucionar os graves problemas existentes na xestión desta planta e coa firme vontade de manter o seu funcionamento e os postos de traballo, mantendo a concesión máis aló de 2023.

Actualmente a taxa de reciclaxe dos municipios asociados a Lousame é de 17 quilos por habitante e por ano, 5 puntos por riba da taxa galega. O PSdG sempre apostou por esta planta, poñendo en valor os postos de traballo na comarca e a reciclaxe en proximidade, menos contaminante que outras plantas que operan en Galicia.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (2011-2022) establece entre os seus obxectivos impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara a un escenario máis sostible, mediante a creación de 11 plantas de proximidade ao longo de todo o territorio. A día de hoxe so hai 3 proxectadas, e unha funcionando no complexo de Sogama.

Ante este claro incumprimento dos obxectivos do plan e a necesidade de cumprir no ano 2023 as esixencias da UE de acadar o 50 % de reciclaxe de materia orgánica, entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que mudar a súa



política negativa e de confrontación fronte a Lousame e colaborar no impulso desta planta para facilitar a súa continuidade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia colaborar no futuro do Complexo Medioambiental de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Lousame para garantir a súa continuidade tras a fin da concesión en 2023?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Noa Díaz Varela

Eduardo Ojea Arias

Patricia Otero Rodríguez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:32:25

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 10:32:34

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 10:32:44

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:32:56

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:33:03



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No mes de febreiro deste ano, a Xunta de Galicia inaugurou unha nova senda, situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de **San Caetano**, na parroquia de Alba, Concello de Pontevedra, e que forma parte do camiño portugués.

A execución desta obra foi aproximadamente de **700.000 euros**, e leváronse a cabo a construción dun viario de 710 metros de lonxitude, unha pasarela metálica de 12 metros sobre o río Rons, o acondicionamento da praza en el exterior de la capela de San Caetano, e a corrección dalgunha deficiencia neste tramo.

Unha demanda que levaban facendo moito tempo os veciños e veciñas debido ao perigo deste tramo para as persoas viandantes, así como o abandono que sufría.

Pero esta intervención ten moitos puntos negros, que reflexan unha intervención de trámite por parte da Xunta de Galicia sen ter o mínimo interese polo valor histórico e patrimonial desta zona, por unha banda e por outra presenta eivas graves que é necesario corrixir.

Entre o anteriormente mencionado, é importante destacar:

1- Colocáronse unhas papeleiras de táboas de madeira, que ninguén recolle, e que non teñen bolsa polo que o lixo acaba no chan. Entendemos que deben ser retiradas xa que existen contedores de recollida municipal nesta zona, ou de non ser así debería firmarse convenio co Concello para que asuma a súa limpeza.

2.- Á altura do lugar Guxilde, cando levantouse o solo atopáronse restos da orixinaria calzada romana, nun estado de conservación excelente, e volvéronse tapar.

Nos entendemos que colocar nun pequeno tramo un solo de cristal que permita pasar por riba da calzada imaxinaria cun panel onde informe do mesmo,



enriquecería este tramo do camiño e conectaría ao peregrino/a co noso patrimonio histórico.

3.- Nun dos sumidoiros que colocaron, esqueceron de colocar un enreixado, isto constitúe un perigo se alguén o pisa, xa que pode esnaquizar un pé ou caer.

4.- Nunha das beirarrúas habilitouse un espazo para colocar os contedores municipal, pero as dimensións do mesmo só permite colocar o verde e o de papel, quedando o de plástico fora.

5.- En relación ao asfaltado da capela de San Caetano, so levouse a cabo o do marxe dereito, quedando en unhas moi malas condicións o do lado esquerdo.

6. Ao remate da ponte do río Rons, non se colocou unha varanda de peche, co perigo de caída ao río que isto supón.

7. Existe nun dos marxes do camiño unha fonte con valor histórico, que segue a estar tapada pola maleza. Entendemos que recuperar a mesma sería moi positivo xa que forma parte da historia deste tramo e ademais poderían darlle uso os peregrinos/as .

8. Por último, creemos que é necesaria a colocación de paneis informativos, por unha banda para explicar as singularidades deste tramo do camiño e da capela de San Caetano e por outra ao final da ponte, no límite de Alba, para informar aos peregrinos/as que teñen que cruzar a calzada, xa que senón atópanse despois nunha curva moi perigosa e con gran afluencia de camións.

9. Finalizado o tramo onde levouse a cabo a actuación, en concreto, á altura da empresa AVIGAL, o camiño estreita nunha zona onde os vehículos circulan en ambas direccións, sendo moi perigoso este tramo para os peregrinos/as.

Entendemos que sería necesario facer un paso peonil retranqueando o muro da empresa, facendo un camiño peonil ata a ponte que vai sobre a vía do tren e informar do perigo deste tramo.

Durante a inauguración, a conselleira de infraestruturas indicou que esas obras eran unha mellora substancial para os veciños, para os peregrinos e para os condutores, gañando espazo para as persoas e máis seguridade viario.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto, o goberno da Xunta de Galicia, corrixir as eivas existente na nova senda, situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de San Caetano, na parroquia de Alba, Concello de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:34:32

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/07/2022 10:34:40

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:34:50

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:34:58



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Na pontevedresa parroquia de Alba, nun punto situado na PO-224 que conecta a estrada de Vilagarcía coa de Santiago) a altura da ponte ferroviaria de San Caetano, levan anos producíndose accidentes de vehículos pesados ao quedar entalados nesta ponte por non ter a altura suficiente.

Isto provocou que hai uns anos se instalasen medidas de control de altura e sinalización para evitar que volveran a encaixarse camións contra a estrutura desta ponte.

Pero estas medidas non resultaron suficientes porque os accidentes seguen a producirse, o último o pasado 21 de setembro, quedando encaixado un camiión no gálibo, ante a ausencia de sistemas de alerta axeitados que indicasen la restrición de altura.

O goberno da Xunta ten que buscar outra solución a este problema porque o sistema implantado non está a funcionar. Ademais as láminas metálicas que se colocaron para este fin desapareceron.

Por outra banda, co fin de mellorar o tráfico e a seguridade dos peóns, xa que é unha estrada moi transitada polos veciños/as desta parroquia, e tamén un tramo por onde transcorre o camiño portugués, o goberno da Xunta ten que actuar nesta zona colocando unha rotonda na N-550 que facilite a conexión cara a variante e permita un cambio de sentido nesta estrada, algo moi demandado pola veciñanza colocando a maiores un paso de peóns que permita cruzar a estrada autonómica con seguridade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:



Ante os continuos accidentes de vehículos pesados na ponte ferroviaria de San Caetano na parroquia pontevedresa de Alba, ten previsto o goberno da Xunta implantar novos e máis eficientes sistemas de aviso?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:36:10

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:36:18

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:36:25



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No anterior período de sesións aprobouse no Pleno unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que reclamabamos un Plan galego de saúde mental, no que se contemplaban, entre outras medidas, a asunción por parte do goberno da Xunta das Unidades de Atención á Drogodependencia que quedaban dependentes dos concellos.

Cumprindo así o previsto na Lei xeral de sanidade, que establece que son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.

A maiores disto, aprobouse en comisión unha proposición non de lei presentada tamén a iniciativa do Grupo Socialista, que incidía nesta necesidade de asunción desta competencia por parte do Sergas, centrándose na unidade do Concello de Pontevedra, sendo esta tamén aprobada por unanimidade.

Xa transcorreron varios meses, aínda non se produciu a transferencia de competencias, e a situación no Concello de Pontevedra é moi preocupante.

Neste momento a Unidade que xestiona, está integrada por oito profesionais (dous psiquiatras, dous psicólogos, un enfermeiro, dous auxiliares de clínica e unha traballadora social).

No mes de setembro producírase a xubilación dun dos psiquiatras e no mes de Febreiro do outro psiquiatra e dun psicólogo, quedando a unidade ser persoal para atender aos usuarios/as.

Dada esta situación, e tendo en conta que estamos a falar de persoal do Sergas, creemos que é urxente que a Xunta asuma estas competencias de forma progresiva empezando pola contratación do novo persoal derivado das baixas por xubilación.

Nós os socialistas, apostamos por unha integración, que se realice de maneira secuencial, comezando pola integración funcional para, no medio prazo, iniciar a



integración orgánica, mediante a contratación pola Administración autonómica do persoal da rede de drogodependencias, que teña que contratarse para cubrir as xubilacións, ata a asunción total.

Sen que esta integración afecte, aos programas de prevención e de incorporación social que continuarían xestionados pola unidade administrativa responsable do Plan autonómico sobre drogas.

E entendemos que debe levarse a cabo de forma urxente para evitar que as baixas afecten á prestación dun servizo tan necesario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Tralo acordo parlamentario, cando ten previsto o goberno da Xunta asumir as competencias das Unidade de Atención á drogodependencia de carácter municipal?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:37:25

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 10:37:33

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 10:37:45



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Salceda de Caselas é un dos municipios de Galicia que presenta nos últimos anos un maior índice de crecemento demográfico.

Na actualidade hai preto de 2.000 menores, dos cales arredor de 1.200 teñen idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

Existe un Colexio de Educación Primaria, o CEP Altamira que é claramente insuficiente para absorber esta demanda.

O Partido Socialista tanto a nivel municipal coma autonómico, leva anos, esixindo á Xunta de Galicia que faga un estudo das necesidades escolares deste Concello, a nivel educación infantil, primaria, ESO e Bacharelato ou outros estudos post-obrigatorios.

O centro CEP Altamira faise escaso, tanto as zonas comúns coma as aulas, non podendo ofertar unha educación de calidade para un crecente alumnado.

Esta masificación fai que moitos pais e nais estean a matricular aos nenos e nenas en centros noutros concellos, cos prexuízos para a conciliación que isto supón.

En concreto en relación a educación primaria dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos anos solicitando a creación dun novo CEP, xa que o existente non da resposta ás necesidades da poboación infantil de Salceda de Caselas.

Pero, a pesar de que algunhas destas demandas foron aprobadas por unanimidade no Pleno da Corporación municipal de Salceda de Caselas, e polo tanto solicitados ao Goberno da Xunta de Galicia, e o Grupo Parlamentario Socialista leva anos insistindo neste tema, o goberno do PP fai caso omiso e non atende estas reivindicacións, tan necesarias e que reverterían no beneficio da poboación infantil deste municipio, garantindo o dereito que teñen ao acceso a unha educación pública digna e de calidade.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que as actuacións que se levaron a cabo no CEP Altamira de Salceda de Caselas, son suficientes para paliar as deficiencias e carencias nese centro?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:39:57

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 10:40:05

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 10:40:13



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado 16 de xuño a Audiencia Nacional publicou a sentenza que resolvía o recurso interposto pola Asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra, contra a concesión polo goberno de Mariano Rajoy dunha prórroga de 60 anos a empresa pasteira Ence no ano 2016.

Aínda que a reseñada sentenza aínda non é firme, dende ese momento o PPdeG adoptou unha postura de oposición ao seu contido, ata o punto de afirmar, varios membros do goberno da Xunta de Galicia, que a única solución posible, se a mesma adquire firmeza, era que o Goberno non executara a resolución, nunha clara incitación á desobediencia.

Para continuar secundando a postura da empresa que segue a manter a imposibilidade de traspaso por non existir outro emprazamento posible en Galicia.

Asemade, na segunda xuntanza, da mesa de diálogo polo futuro de Ence, celebrada o día 10 de setembro, arrincouse o compromiso do Goberno de España e do Concello de Pontevedra de non executar temporalmente a sentenza se existe unha posibilidade real de reubicación.

Pola contra, o presidente da Xunta de Galicia, a pasada fin de semana, apuntaba a posibilidade de instaurar outra pasteira en Galicia se Ence pecha, creando un desconcerto no cadro do persoal desta empresa e contradicindo a postura doutros membros do seu goberno.

Ante tanta contradición e falla de responsabilidade dun goberno con competencia exclusiva en materia de desenvolvemento industrial e ordenación do territorio, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Administración autonómica ten que deixar de dar bandazos e buscar unha solución real, que permita a continuidade desta industria madeireira en Galicia e permita o mantemento dos postos de traballo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia os sucesivos cambios de postura que ven mantendo en relación ao futuro da empresa Ence en Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:41:13

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 10:41:21

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:41:32

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:41:40



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación á xestión e funcionamento do aparcadoiro.

No ano 2016 asinouse un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, no que se habilita á Xunta de Galicia para a inclusión e xestión dun posible aparcadoiro.

No Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2017, se establece que o Plan funcional do aparcadoiro será dimensionado polo Sergas posteriormente.

No proxecto de execución establécese que na 2ª fase do mesmo, investiranse 25 millóns de euros, que se destinarán a reformas no actual edificio e á creación dun aparcadoiro cuberto que dea servizo a persoas usuarias, familiares e persoal do centro.



A día de hoxe existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas.

Unha destas é o aparcadoiro, anunciado de ata 1400 prazas. Mais aínda non foi concretado o sistema de xestión, sobre o que existe a percepción de que será privado (como está sendo habitual nos casos en que o actual goberno da Xunta de Galicia reordena os aparcamentos anexos aos centros hospitalarios, co paradigmático caso do Álvaro Cunqueiro no que tivo que intervir o Concello de Vigo para remedialo) ou se utilizará outro tipo de modelo, pensado na necesidade de utilización por parte da cidadanía.

Esta situación de indefinición e ambigüidade está a provocar moito malestar e preocupación entre sindicatos, asociacións do eido sanitario, así como entre á cidadanía, potencial usuaria deste centro.

Ao Grupo Socialista como xa ten manifestado en diversas ocasións parécenos inadmisibile e intolerable que este aparcadoiro poida ser de pago, xa que entendemos que é un servizo público vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade, e por isto reclamamos a gratuidade do mesmo para persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que, a día de hoxe, o Goberno galego non delimitou, o modelo de xestión do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:42:31

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 10:42:39

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 10:42:47



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación aos futuros usos do hospital provincial.

Os sindicatos e asociacións máis representativas do persoal sanitario veñen reclamando dende hai anos un plan de usos deste centro, e que o destino do mesmo sexa sanitario ou socio-sanitario.

No ano 2017 aprobouse o Plan funcional do Gran Montecelo, e no mesmo establecíanse a estrutura e os servizos que ían desenvolverse no hospital de Montecelo e no hospital do Salnés pero non se definía o uso que ía a ter no futuro o actual hospital provincial nin o Centro de Especialidades de Mollabao.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia que o futuro deste centro se decida de forma consensuada cos sindicatos e asociacións máis representativas e se comprometa a un uso sanitario ou socio-sanitario público do hospital provincial, convocando con carácter urxente unha mesa de traballo co fin de estar rematado este plan de usos antes de que finalicen as obras do gran Montecelo, e así poder facelo efectivo no menor tempo posible.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que no Plan de Usos do Hospital Montecelo, aprobado pola Xunta de Galicia no 2017, non se prevé o futuro uso do hospital provincial?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:43:44

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 10:43:52

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 10:44:00



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No mes de xullo publicouse a sentenza da Audiencia Nacional que resolvía o recurso interposto pola asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra contra a concesión dunha prórroga de 60 anos á empresa pasteira Ence, outorgada polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2016.

A sentenza no seu fallo estima o recurso interposto por entender que a ubicación na que se atopa esta pasteira, isto é en zona de dominio marítimo terrestre, non é axeitada a dereito.

Tras esta resolución e a espera da firmeza da sentenza, a Administración competente en materia de desenvolvemento industrial de Galicia, que é a Xunta de Galicia, ten que buscar unha solución que permita a continuidade desta actividade industrial en Galicia.

Todos somos conscientes da importancia que ten este actividade para a economía galega e do número de postos de traballo, directos e indirectos, que esta xera, polo tanto, non podemos permitir que o traslado da mesma sexa fóra do noso territorio.

É momento de poñerse a traballar coa empresa para acadar unha solución xusta que permita manter todos eses postos de traballo.

O goberno progresista de España para acadar unha solución a este conflito impulsou unha mesa de diálogo, na que participan a empresa, as diferentes administracións e os representantes das persoas traballadoras. Na última xuntanza o pasado 15 de outubro, o Estado comprometeuse a asumir o custo dun informe obxectivo encargado a un comité de expertos sobre as posibilidades de traslado da pasteira, preferiblemente na comarca de Pontevedra ou no seu defecto dentro da nosa provincia.



Días despois e cumprindo con este compromiso o Estado encargou este traballo á Universidade de Vigo, que constituíu un grupo de expertos/as para buscar esta nova localización, co compromiso de ter terminado este informe no prazo de 3 meses.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai asumir o Goberno galego o contido do informe obxectivo elaborado pola Universidade de Vigo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Eduardo Ojea Arias
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:45:09

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 10:45:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:45:26

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:45:33



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ten por obxecto regular os requisitos específicos que teñen que ter os centros de menores e de atención á infancia.

É competencia da Consellería de Familia da Xunta de Galicia revisar e perfilar as tipoloxías e os requisitos específicos e organizativos destes centros, de forma que este garantida a salvagarda do interese dos e das menores.

A seguridade é un instrumento fundamental para o funcionamento axeitado destes centros, e na actualidade atopase externalizada cun contrato asinado coa empresa Mersant Vigilancia S.L.

O Grupo Parlamentario Socialista ten coñecemento que esta empresa non está a cumprir o contrato de forma axeitada incumprindo a obriga de garantir a mínima seguridade necesaria nestas instalacións, para dar resposta aos incidentes que poidan xurdir e para protexer tanto aos menores como ao persoal do centro.

No centro de menores Avelino Montero de Pontevedra, veñen denunciando dende hai semanas que quedan quendas descubertas sen seguridade e que existen deficiencias notables no funcionamento do servizo que está a afectar á seguridade dos menores e do persoal do centro.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que ante esta situación o Goberno da Xunta ten que tomar medidas axeitadas que garantan a calidade do servizo e o cumprimento das obrigas por parte da empresa que desenvolva esta tarefa de seguridade.

Non podemos consentir que se priorice o aspecto económico nunha contratación tan necesaria como é a seguridade nun centro de menores, xa que esta contribúe de forma esencial ao fin último que é protexer a estes menores en situación de desamparo e garantirlles unha forma e condicións de vida o máis achegada a unha familia normalizada.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Entende o Goberno galego que se está a desenvolver a tarefa de seguridade nos centros de menores de forma axeitada?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:46:58

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 10:47:06

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 10:47:15



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A estrada PO-308, é unha das estradas con maior índice de accidentes do noso país, unha das vías con maior tránsito de vehículos sobre todo nas temporadas estivais, e tamén con moito tránsito peonil polas súas beirarrúas.

A pesar desta perigosidade, a Xunta de Galicia leva anos poñendo parches, sen levar a cabo unha actuación completa e sen implantar unha vía alternativa que permita facilitar a convivencia dos veciños que lindan con esta estrada.

A Xunta de Galicia no ano 2018 anunciou que ante o alto índice de sinistralidade que mostraban os últimos datos, ía reforzar a seguridade viaria na estrada PO-308, mediante a construción de 3 sendas peonís Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas-Samieira e O Covelo-Raxó, e a maiores actuacións complementarias da mellora da seguridade viaria nestes teitos da estrada.

O custo desta obra sería de 6,5 millóns de euros, con cargo a fondos europeos e estaría rematada no ano 2020.

Pero a realidade é que a Xunta de Galicia non cumpriu o seu compromiso xa que estamos no 2021 e só executou o tramo Raxó-Samieira, cun investimento de aproximadamente 4 millóns de euros.

Aínda quedan Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas, a pesar de cualificalo hai 3 anos como “inaprazable”.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Goberno da Xunta que cumpra coas súas promesas e remate as obras comprometidas para o concello de Poio, xa que se trata dunha estrada principal neste municipio, e adquiriu un compromiso cos seus veciños e veciñas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego executar no ano 2022 o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas?





Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:48:45

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:48:54

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:49:03



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A UE na Directiva 2018/851 aprobou entre outras, un paquete de medidas que contén unha serie de obxectivos xuridicamente vinculantes para todos os estados membros, que se traducen en acadar en 2025 para os residuos municipais, o reciclado de, como mínimo, un 55 % e acadar un 60 % en 2030 e un 65 % en 2035.

Quedan 4 anos para 2025, e estamos moi lonxe de cumprir estes obxectivos, tras anos de desleixo do PP na política de xestión de residuos, que segue sen tomar medidas que fomenten a compostaxe.

De sobra é coñecida a priorización de Sogama pola revalorización e incineración antes que a reciclaxe, os datos non menten e a última medida da Consellería de Medio Ambiente tampouco.

O goberno da Xunta vén de publicar no DOG do día 28 de xaneiro, unha rebaixa dun 5 % do canon que cobra aos concellos pola incineración en 2022, mentres que encarece case un 7 % o canon por tonelada de lixo tratada na planta de compostaxe de Sogama.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos estas medidas, e cremos que repercutirán negativamente no obxectivo de reciclaxe marcado para 2025.

E defendemos que o goberno da Xunta ten que tomar medidas que incentiven aos concellos á implantación do contedor marrón e a mellora dos datos de reciclaxe, mellorando as condicións económicas e axudando a que máis concellos se adhiran á planta de compostaxe de Cerceda e as futuras plantas que ten proxectadas por todo o territorio.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto levar a cabo o goberno da Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos de reciclaxe de residuos urbanos que marca a UE para 2025?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:50:22

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 10:50:30

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 10:50:40

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 10:50:52



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 3/11, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito de protección á familia, á infancia, e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirán servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/07, do 27 de xullo, lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi a que garantiu a existencia dos puntos de encontro, creados para dar un servizo que facilite e reserve a relación entre as/os menores e as persoas da súa familia, cando exista unha situación de crise, permitindo e garantindo a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En Galicia os puntos de encontro unicamente se localizan nas 7 principais cidades, o que supón un servizo totalmente ineficaz, tendo en conta o gran volume de persoas usuarias.

Este ano inaugurarase un novo punto de encontro en Ribeira que cubrirá a zona do Barbanza, pero seguen a quedar moitas zonas do noso país sen cubrir o que provoca a existencia de listas de agarda que se demoran moito no tempo e que impiden o cumprimento de resolucións xudiciais, xerando unha perda de dereitos para as persoas.



Así mesmo, o agravio económico para algunhas familias, en moitos casos con dificultades económicas, por teren que se desprazar ás veces máis de 100 quilómetros para poder usar este servizo.

Ao que se suma que en moitos casos, os locais para levar a cabo estas visitas, non cumpren, nin de lonxe, coas condicións mínimas para os/as usuarios, como é o caso do Punto de Encontro de Pontevedra, que está sito na Avenida de Vigo, na parte traseira da Delegación Provincial de Sanidade.

Esta situación non desexable, empeora por mor da pandemia, a Xunta de Galicia reenvía un protocolo no que establece medidas xenéricas de desinfección, espallamento das visitas e distanciamento social, o que diminúe o número de visitas diarias e en consecuencia se reduce o acceso de moitas familias.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Entende o Goberno galego que 8 puntos de encontro son suficientes para cubrir a demanda existente en todo o país?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:51:49

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 10:51:57



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os casos de abusos e agresións sexuais a menores no seno da Igrexa católica constitúen graves vulneracións dos dereitos destes nenos e nenas, cometidas ao longo do tempo e con importantes repercusións e secuelas sobre a súa saúde e desenvolvemento, que condicionan a súa vida adulta.

Son moitos os países da nosa contorna que impulsaron iniciativas e desenvolveron investigacións a través de comisións independentes ou gobernamentais, polo que o noso país non pode quedar atrás.

As persoas afectadas teñen dereito á información veraz, ao recoñecemento como vítima e á protección e reparación debidas, e o conxunto das administracións teñen o dereito e deber de contar coa información precisa, dende as perspectivas máis amplas e diversas, para cumprir coas súas funcións de salvagarda dos dereitos da infancia e da adolescencia.

As Cortes Xerais aprobaron recentemente a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á violencia, que incorpora ao noso ordenamento xurídico as ferramentas de protección máis actualizadas e eficaces, conforme ao dereito internacional.

O Grupo Socialista presentou no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei co fin de mellorar a prevención, ofrecer a maior protección posible e asegurar a reparación ás vítimas, tendo en conta os precedentes doutros países.

E na que entende que é o Defensor do Pobo o que ten que elaborar un informe como leito para que a sociedade española e as súas institucións encaren este gravísimo asunto, aportando as garantías precisas debido a súa profesionalidade e rigor, sen prexuízo de que este poida apoiarse para a elaboración nunha comisión independente de asesoramento, integrada por expertos, representantes das administracións públicas, das asociacións en defensa dos afectados e incluso na Igrexa católica.



Por desgraza o noso país non se libra desta lacra e na actualidade hai abertas en Galicia varias investigacións tras denuncias interpostas en centros escolares vinculados á Igrexa católica, é por iso polo que dende o Grupo Socialista entendemos necesario contribuír a determinación dos feitos e responsabilidades, á reparación das vítimas e a planificación de políticas públicas orientadas á prevención destes abusos, a través da Valedora do Pobo xa que esta institución constitúe o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia

A actitude do presidente da Xunta de Galicia ante a posibilidade da creación dunha Comisión de investigación ten sido a de rexeitar a comisión e relativizar o papel da Igrexa nos abusos, manifestando que “hacer solo una comisión de investigación para una organización me parece que es una comisión bastante incompleta”, e que “los abusos a menores afectan a distintas organizaciones públicas y privadas”, así como que “mientras no erradiquemos este tipo de actuaciones, debemos ser muy serios y muy rigurosos en la investigación completa, sin distinciones a quien investigamos”.

Esta relativización resulta dificilmente comprensible se consideramos que a Igrexa católica ten sido a principal institución educativa no noso país ó longo da historia, xogando incluso na actualidade un papel moi importante no ámbito social eido educativo e pasando polas súas mans millóns de menores ao longo da historia, sen parangón nin comparación posible con ningunha outra institución.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende este Goberno como prioritario o esclarecemento destes abusos e agresións sexuais a menores continuados ao longo do tempo por parte da Igrexa católica?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 12:33:45

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 12:33:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A transformación dos servizos sanitarios cara modelos asistenciais máis próximos e amables para a persoa paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións. Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos e ás pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar de xeito coordinado e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega mais, xa pasado o ecuador do programa, na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país. Así, mentres algunha presta o HADO a todo o seu territorio, na de Pontevedra-Salnés existen aínda moitos puntos sen cobertura e outros nos que só se cobren casos excepcionais.

Na actualidade esta área sanitaria está cuberta por 3 equipos: 1 no Salnés e 2 en Pontevedra como hai 20 anos.

Antes da pandemia incorporaran outro equipo pero durou só uns meses, e trala irrupción da Covid-19 a situación empeorou notablemente.

Cada equipo está formado por 1 médico e 1 enfermeira e cun número de 6 pacientes en cartilla.

Neste momento cobren comarca Salnés (salvo O Grove); Ulla-Umia (so ata Barro); Cerdedo-Cotobade (so ata Viascón) e os concellos que se atopan ao



marxe da estrada Pontevedra-Vigo ata Arcade (Soutomaior), quedando polo tanto moitas zonas descubertas.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o goberno da Xunta de Galicia ten que incrementar o persoal deste servizo para que poda chegar á maior parte do territorio.

Por outra banda e tendo en conta o gran traballo que desenvolven as persoas profesionais deste servizo, o Goberno galego ten que mellorar as condicións laborais dos mesmos, xa que non se pode consentir que un destes médicos estivera 8 anos encadeando contratos mensuais

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 10:59:18

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 10:59:26

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 10:59:34



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Leticia Gallego Sanromán e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

Os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas cunha quenda rotatoria diaria.

A sala de goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX que avalou cun informe esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña recoñecía o pasado ano que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o custe das novas quendas.

A principios do mes de febreiro de 2022 as xuntas sectoriais de instrución de Vigo e A Coruña, aprobaron por unanimidade reclamar ao Goberno autonómico a través do TSXG a dotación deste servizo de quendas.

E o goberno do Estado habilitou unha partida no orzamento 2022 para a implantación deste sistema nestes 2 partidos xudiciais.



Polo que a pelota queda en mans da Xunta de Galicia para que asuma a parte que lle corresponde do custo deste novo servizo.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre defendemos que unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva, e esta modificación vai contribuír a acadar unha maior eficiencia no funcionamento destes xulgados e nas respostas á cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:00:34

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:00:42

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/07/2022 11:00:52

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 11:01:00



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A vespa Velutina chega a Galicia no ano 2011, colonizando, en só 7 anos, toda a nosa comunidade. Isto fai que este animal pase de ser un insecto descoñecido a xerar unha resposta social de medo ou alarma, polo seu tamaño, e a intensidade das súas picaduras, que causaron incluso varias mortes.

Pero o máis afectado pola súa presenza, e o sector produtor de mel, xa que as velutinas son unha especie que capta as abellas e causa graves danos ás colmeas o que supón grandes perdas económicas, as persoas apicultoras estiman que este ano, a súa produción de mel estivo afectada entre o 40 e o 50 %. A isto súmase o perigo que supón un desequilibrio no noso ecosistema, a consecuencia da desaparición da abella común.

As asociacións galegas de apicultores, denuncian descoordinación e a falta de medidas da Xunta de Galicia, no que eles consideran unha praga. Reclaman coordinación na actuación da Xunta de Galicia, xa que son varias as áreas de goberno implicadas, e esixen que se unifiquen as competencias nun único departamento. Ademais de denunciar unha campaña que consideran deficiente.

No ano 2020 a Xunta de Galicia en coordinación coa Fegamp, iniciou un plan contra a velutina, baseado na concentración de recursos para eliminar os niños desta especie na comunidade, en todas as zonas afectadas. no ano 2021 uníronse voluntariamente 300 municipios, o que representa o 90 % dos municipios galegos.

A empresa pública Seaga foi creada polo Decreto 260/2006, do 28 de decembro, polo que se crea a sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. e apróbanse os seus estatutos, é unha sociedade mercantil pública autonómica, a cal actúa en consideración de medio propio e de servizo técnico da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia á que encargou de xestionar este plan que formula dende o seu inicio máis sombras que luces.



O funcionamento do plan, segundo o que manifestan dende a Xunta de Galicia, e ante o incremento de niños, o ano pasado o Goberno galego e a Fegamp acordaron redobrar esforzos e concentrar recursos cunha solución centralizada, homoxénea nas zonas afectadas e coordinada cos concellos. Realizará os traballos Seaga que contou no ano 2021 cun equipo de coordinación que organizará aos equipos de intervención. Para as intervencións o prazo máximo seguirá sendo de 5 días hábiles desde que se recibe o aviso no Teléfono de Información e Atención á Cidadanía 012, salvo nos niños de difícil acceso ou que requiran actuacións complementarias ou permisos. Ademais, cando os avisos correspóndense cunha urxencia ou se tipifican de risco especial por atoparse no interior de vivendas ou lugares concorridos derívanse aos servizos de emerxencias a través 112,e este a súa vez a bombeiros ou apicultores voluntarios) se deriva a Seaga para que proceda a súa retirada.

O problema son as limitacións, por ser consideradas emerxencias, que establece o protocolo na intervención de Seaga, xa que segundo consta no mesmo, non se van a retirar niños a máis de 25 metros de altura, como tampouco en propiedade privada sen autorización; en sitios confinados sen visualización directa como cheminea, falsos teitos ou tellados; o en espazos pechados (cámaras de illamento o caixas de persianas), así coma aqueles con risco eléctrico (liñas eléctricas) ou situados en dominio de infraestruturas (estradas, autovías, autopistas, liñas ferroviarias, portos e aeroportos). Dentro da relación de actuacións que non proceden tamén está a retirada de niños con imposibilidade física de acceso (peche de parcela, maleza) ou con risco de dano medioambiental (ríos, embalses e outras masas de auga), ademais de aqueles que están en instalacións de uso público (parques, igrexas, hospitais, colexios e outros edificios públicos). O plan tampouco non inclúe a cesión de trampeos ás persoas prexudicadas.

Polo tanto, na maioría das veces, son os bombeiros municipais, os GES e os apicultores voluntarios os que se encargan da retirada dos niños de velutina, asumindo o custo os concellos, carecendo este protocolo de efectividade práctica algunha.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia previstas algunhas medidas para evitar o aumento de niños de velutina, que se incrementa de forma progresiva?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:02:02

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:02:10

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/07/2022 11:02:21

Martín Seco García na data 26/07/2022 11:02:29



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

O colexio E.E.I. Nosa Señora do Carme, está situado na Avenida Jaime Janer s/n, 36900 Marín (Pontevedra), creada no ano 1962, foi sempre unha escola de referencia nesta vila.

Durante o curso escolar 2020-2021 a escola de educación infantil Nosa Señora do Carme tivo tres aulas de alumnos (10 alumnos/as na aula de 4º de Educación Infantil, 10 alumnos/as na aula de 5º de Educación Infantil e 14 alumnos/as na aula de 6º de Educación Infantil).

O persoal docente estaba composto por un especialista de Educación Infantil por aula (3 titores/as), unha especialista de Inglés con dedicación completa e unha especialista de Audición e Linguaxe tamén a xornada completa.

Recentemente recibiu a nova, por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da intención de pechar unha aula desta escola e a supresión de dous postos de mestres especialistas para o vindeiro curso escolar 2021-2022.

De acordo coa información recibida a situación da escola de Educación Infantil Nosa Señora do Carme para o vindeiro curso escolar 2021-2022 sería de soamente 2 aulas de idades mistas con 15 nenos/as cada unha e que contarían cada unha delas cun alumno/a con necesidades educativas especiais (NEE).

Isto suporía ter que dividir cada un dos actuais grupos de 4º e 5º de Educación Infantil que levan xuntos un e dous anos respectivamente e mesturalos cos novos alumnos/as.

O persoal docente dispoñible para o alumnado deste curso (4 alumnos/as menos que o anterior) segundo as novas recibidas quedaría reducido a 2 titores/as (un especialista de Educación Infantil por aula), un/unha especialista de Inglés con dúas sesións á semana e un/unha especialista en Audición e Linguaxe con cinco sesións/semana, é dicir, un día/semana.



Isto non se pode entender con carácter xeral pero menos, coa situación actual de pandemia derivada do Covid-19 e de acordo cos protocolos vixentes nesta materia por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Non ten sentido mesturar nenos de distinta idade e aumentar o número de alumnos/as en cada aula do centro respecto ao curso pasado e ao mesmo tempo diminuír o número de docentes dispoñibles no centro.

A maiores a comunicación desta nova situación faise no momento en que a solicitude da reserva de prazo e matrícula está pechada, polo que as nais e pais do alumnado neste centro non coñeceron a nosa situación que terá o centro para o vindeiro curso escolar e, polo tanto vanse atopar cun centro escolar con características diferentes ás que tiña no momento de reserva de praza e matrícula.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego, tralas protestas existentes, manter no centro escolar EEI Nosa Señora do Carme as tres aulas de infantil?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:03:43

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 11:03:50

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 11:03:57



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado venres 16 de Xullo publicouse a Sentencia da Audiencia Nacional que resolvía o recurso interposto pola asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra contra a concesión dunha prórroga de 60 anos a empresa pasteira Ence, outorgada polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2016.

A sentenza no seu fallo estima o recurso interposto por entender que a situación na que se atopa esta pasteira, isto é en zona de dominio marítimo terrestre, non é axeitada a dereito.

E mantén que a lexislación unicamente permite esta localización cando se trata de actividades ou instalacións que, dada a súa configuración e especiais características, deben estar situadas no dominio público marítimo terrestre, isto é, actividades que pola súa natureza non poden situarse noutro lugar, non por razóns de interese ou conveniencia, senón pola súa vinculación co dominio público, vinculación que esixe a súa ocupación no desenvolvemento da citada actividade.

E entende que esa vinculación da planta de celulosa co dominio público marítimo terrestre, no sentido exposto e a os efectos deste artigo 32.1 da Lei de Costas, de toda a proba practicada nos autos non resultou acreditada.

Tras esta resolución e a espera da firmeza da Sentenza, a Administración competente en materia de desenvolvemento industrial de Galicia, que é a Xunta de Galicia, ten que buscar unha solución que permita a continuidade desta actividade industrial en Galicia.

Todos somos conscientes da importancia que ten este actividade para a economía galega e do número de postos de traballo, directos e indirectos, que esta xera, polo tanto, non podemos permitir que o traslado da mesma sexa fora do noso territorio.



É momento de poñerse a traballar coa empresa para acadar unha solución xusta que permita manter todos eses postos de traballo.

Agora o goberno progresista de España lidera unha mesa de diálogo, na que participan a empresa, as diferentes administracións e os representantes dos traballadores, para tratar de acadar un consenso que leve ao traslado da pasteira dentro do noso territorio.

Pero isto so non chega xa que se necesita vontade real por parte do goberno de Feijóo, que non fixo nada durante este tempo, a pesar de ter a Xunta de Galicia, as competencias exclusiva en materia de industria e desenvolvemento económico do territorio.

Levamos meses falando da oportunidade dos fondos europeos, para impulsar proxectos que teñan como obxectivo transformar a sociedade e atopar solucións reais aos retos máis complexos, como a dixitalización, a transición ecolóxica ou a igualdade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista creemos que, polo tanto, temos unha oportunidade histórica, para trasladar a empresa e ampliar a súa produción permitindo que acabara o ciclo.

A Xunta de Galicia ten que deixar de botar balóns fora e poñerse a traballar, para dar un futuro a Ence no noso territorio, un futuro a todos eses postos de traballo e a economía galega.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está o goberno da Xunta de Galicia a buscar un emprazamento alternativo para a empresa Ence?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:05:03





Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:05:13

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 11:05:22

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 11:05:30



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Pleno**.

O concello da Cañiza non é alleo á política de desmantelamento da sanidade pública levada a cabo durante estes anos de goberno do PP en Galicia.

Este concello conta con 5.122 habitantes e presenta unha tendencia positiva de crecemento nos últimos anos.

O PAC da Cañiza leva conta dende hai dous anos cun facultativo menos, sendo unicamente 3 os profesionais médicos adscritos a este concello, o que supón un prexuízo para o dereito a unha atención sanitaria de calidade da súa veciñanza, xa que son insuficientes para atender ás 4.411 cartillas adscritas.

A poboación da Cañiza, está repartida en 9 parroquias, delas, a de Velaixe é a maior e máis importante das parroquias do municipio. Cunha poboación de arredor de 1.300 veciños e dista da capital 5 km.

E é tamén a máis prexudicada por esta falla de facultativos, xa que o centro de saúde sito nesta parroquia leva dous anos sen repoñer o médico que cesou por unha baixa.

Isto supón un forte agravio para a poboación desta parroquia que se ten que desprazar ata o PAC da Cañiza sito a máis de 5 Km, tendo en conta que se trata na maioría dos casos, dunha poboación envellecida que acode habitualmente ao centro de saúde por cronicidade ou doenzas comúns.

A isto súmase o dano económico que supón usar taxi ou vehículo na maioría dos casos, debido ao deficiente servizo de transporte público existente no noso territorio.

O alcalde da Cañiza leva anos pedindo ao Goberno da Xunta que se cubra esta praza, chamando a todas as portas pero as respostas son sempre evasivas ou negativas.

Este desleixo e falla de atención entendemos que está a evidenciar unha vontade



de desmantelamento deste consultorio, que se nun futuro se produce será responsabilidade do Goberno do Partido Popular de Núñez Feijóo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tras dous anos sen repoñer a praza vacante no PAC da Cañiza, cando ten previsto o Goberno da Xunta cubrila?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:06:27

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:06:36

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 11:06:44



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A deficiente xestión da atención primaria durante esta década de goberno do Partido Popular produce que a calidade da nosa sanidade pública estea danada, e provoca unha situación de colapso e de deficiencias no servizo. Situación que tras a pandemia converteuse en agónica.

Isto afecta a moitas poboacións do noso rural, pero tamén a zonas urbanas como é o caso do Barrio de Monteporreiro.

Este barrio, situado no concello de Pontevedra, onde residen aproximadamente 8.000 persoas, é un dos máis poboados da cidade.

Conta cun centro de saúde, no que prestaban asistencia sanitaria: 3 médicos/as, 2 enfermeiras; 1 pediatra e 1 enfermeira de pediatría, que atendían a unha media de 800 nenos e nenas.

Pero na actualidade o cadro de persoal veuse minguada porque dende o Servizo Galego de Saúde non substituíron os traslados e xubilacións, quedando só 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as.

Os veciños e veciñas, reclamaron en varias ocasión que se cubriaran estas baixas, tanto a nivel público, mediante concentracións como mediante escritos á Consellería de Sanidade, sen obter resposta algunha, por parte da Xunta de Galicia, no que é un claro desmantelamento deste centro de saúde que está a deixar á poboación sen atención sanitaria, xa que na actualidade, por unha banda, os 2 médicos teñen os cupos cheos, o que obriga a ter que desprazarse a un centro de saúde da cidade; e por outra os 800 nenos e nenas teñen que acudir ao pediatra do centro da parroquia de saúde de Lérez, cos inconvenientes que isto supón.

Derivado disto durante os picos da pandemia este centro viviu situacións de colapso sen precedentes, ao estar prestando servizo un único médico, sendo isto insostible para calquera profesional e inviable se o obxectivo e prestar un servizo de calidade.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de cubrir estas baixas e dotar aos centros de atención primaria dos persoal suficiente para cubrir as necesidades da poboación á que están adscritos.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monteporreiro en Pontevedra, como se viña facendo ata xuño de 2020?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:09:19

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:09:28

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 11:09:42



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Concello de Mondariz, na provincia de Pontevedra, está constituído por 12 parroquias, Mondariz, Riofrío, Frades, Gargamala, Queimadelos, Meiol, Mouriscados, Vilasobroso, Sabaxáns, Lougares, Vilar e Toutón.

Este municipio conta cun centro de saúde que non é alleo a situación de colapso que está a vivir a atención primaria no noso país e cuxos 4.410 habitantes están a padecer as consecuencias desta deficiente xestión que neste caso, afecta principalmente aos seguintes aspectos:

1. Non substitución de facultativos. Este centro de saúde conta en plantilla con 3 facultativos, pero dende hai moitos meses e en repetidas ocasións non están desenvolvendo o seu traballo de forma conxunta, e as ausencias non están sendo cubertas por outro profesional, o que está a causar unha sobrecarga de traballo, que repercute tamén no PAC de Pontearreas onde van aquelas urxencias que aquí non poden ser cubertas.
2. A ausencia dun servizo de pediatría permanente. A este centro de saúde está adscrito 1 pediatra que presta servizo aos concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario e Covelo, que se ven en numerosas ocasións privados desta asistencia.

Así no mes de novembro, non se substituíu a este profesional durante o desfrute das vacacións, quedando o centro 10 días sen pediatra.

Posteriormente a esta facultativa trasladárona a outro centro, quedando Mondariz cunha atención pediátrica intermitente na que se cubre esta asistencia unicamente martes, mércores e xoves de 09:00 a 12:00 horas.

Dándose incluso o caso que durante 1 semana de decembro non se cubriu ningún día.



Isto provoca un gran agravio a moitos nenos e nenas e ás súas familias que teñen que desprazarse ao centro médico de Pontearreas 15 quilómetros, ou ao Hospital Álvaro Cunqueiro a 35 quilómetros, co prexuízo persoal e económico que isto implica.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de cubrir estas baixas e dotar aos centros de atención primaria dos persoal suficiente para cubrir as necesidades da poboación á que están adscritos.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica diaria no centro de saúde de Mondariz en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:10:38

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:10:46

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 11:10:56



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado ano o grupo parlamentario socialista rexistraba unha iniciativa na que alertaba sobre a situación de discriminación educativa que sufría o concello de Salceda de Caselas.

Un dos municipios con maior taxa de natalidade de Galicia, e que conta cun único centro de Educación Secundaria, o IES Pedras Rubias, onde so se imparten cursos de ESO, obrigando á mocidade a ter que desprazarse a outros concellos para facer Bacharelato.

Este grupo levou no mes de outubro de 2021 á Comisión unhas preguntas nas que se interpelaba ao director xeral de Educación sobre cando tiñan previsto ampliar este centro e se ían a aumentar aos estudos post-obrigatorios.

A resposta do goberno da Xunta de Galicia foi contundente, manifestou que a ampliación deste centro era unha prioridade e que de forma inminente contratarían a execución da obra de ampliación.

Por outra banda manifestou que a implantación do bacharelato eran empezar de forma progresiva co 1º curso durante o curso escolar 2022-2023 e incorporar 2º durante o curso 2023-2024.

Atopámonos no mes de marzo de 2022, co inicio do prazo das matrículas para o vindeiro e a mocidade de Salceda de Caselas non sabe si terá que desprazarse a outro municipio para cursar Bacharelato, porque a Xunta de Galicia non deu máis novas sobre a implantación.

Este traslado supón un gran agravio non só por ter que desprazarse cun transporte interurbano bastante deficiente senón porque o non estar adscritos a ningún IES, corren o risco de quedar sen praza nos centros dos concellos limítrofes.

Por outra banda, en relación ao proxecto de ampliación o goberno da Xunta de Galicia comprometeuse a telo rematado no mes de setembro de 2022, pero a día de hoxe non ten nin adxudicada a execución.



Dende o Grupo Socialista entendemos que este é un claro desleixo e falla de interese en arranxar este problema que está afectando enormemente a asistencia educativa dos menores de Salceda de Caselas, por iso presentamos esta iniciativa co fin de obrigar ao goberno da Xunta de Galicia a cumprir os seus compromisos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia rematar no ano 2022 o proxecto de ampliación do IES Pedras Rubias?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:11:59

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 11:12:08

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 11:12:15



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A emerxencia climática impón a necesidade de reducir drasticamente as emisións de CO2 da nosa economía.

As actuais políticas de transición ecolóxica céntranse na substitución tecnolóxicas na xeración de electricidade e na mobilidade, pero non podemos esquecer que fabricar estas tecnoloxías incrementará notablemente a demanda dalgúns metais coma o cobalto, indio e litio.

E temos que ser conscientes que este aumento das extraccións pode ter consecuencias sociais e ambientais e tamén nas reservas dalgúns minerais.

Por iso dende asociacións ecoloxistas coma Ecoloxistas en Acción, veñen reclamando medidas que avancen cara o aproveitamento dos metais secundarios a partir da recuperación e da reciclaxe.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, somos conscientes que levar a cabo unha extracción masiva de determinados minerais pode ter serios impactos socioambientais, e que neste momento en cumprimento das directrices de economía circular imposto pola Unión Europea adoptar medidas que impulsen a reciclaxe e aproveitamento de determinados obxectos da vida cotiá coma os teléfonos móbiles ou outros electrodomésticos pequenos, pode ter enormes beneficios xa non só medioambientalmente senón tamén económicos xa que na política de xestión de residuos, de prevención de residuos, de reciclaxe, ademais existe unha enorme oportunidade de crear emprego, de crear empresa ao afectar a xestión de residuos de maneira horizontal a tódolos sectores de actividade económica.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previstas o Goberno galego para avanzar cara a recuperación e a reciclaxe dos metais secundarios?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:13:17

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:13:25

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 11:13:36

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 11:13:47



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais remata neste ano 2022. O abeiro deste plan fixéronse grandes obras coma a rehabilitación do edificio da antiga Real Fábrica de Tabacos na Coruña, a nova sede xudicial da Parda en Pontevedra ou a Cidade da Xustiza de Vigo, e para este ano está presupostado o novo xulgado da Estrada.

Pero a pesar disto quedan no noso territorio moitas infraestruturas xudiciais que presentan graves carencias, moitos edificios non teñen espazo suficiente para o desenvolvemento da actividade xudicial, e outros presentan deficiencias importantes.

A maiores disto moitas das obras previstas neste plan aínda non foron executadas. E por iso polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é necesario que o goberno da Xunta leve a cabo unha avaliación deste Plan de Infraestruturas Xudiciais.

E despois partindo da realidade anterior, a Xunta de Galicia debe elaborar un novo plan de infraestruturas co horizonte dos vindeiros anos, un plan que comprenda os próximos seis anos e abranca o inicio das actuacións ou a súa planificación, coas correspondentes proxeccións de crecemento da planta xudicial e a adaptación á implantación dunha Xustiza dixitalizada.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia avaliar o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2022 12:39:56
Nº Rexistro: 38044
Data envío: 26/07/2022 12:39:56.239

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:14:54

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:15:03

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, establece no seu artigo 15 que as administracións públicas tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos o menciones conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura.

Establecendo que entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas pública.

O Parlamento de Galicia aprobou en Pleno por unanimidade, no mes de marzo do ano 2008 unha proposición non de lei transaccionada entre os 3 grupos parlamentarios: PSdeG-PSOE, PP e BNG, na que se acadaba o seguinte acordo:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes destes edificios que fan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da ditadura franquista.
2. Colaborar coas distintas administracións implicadas, nomeadamente cos concellos, na eliminación da simboloxía e nomenclatura fascista nos termos previstos no artigo 15 da Lei 52/2007 de 26 de decembro."

A pesares deste acordo e tras 15 anos de vixencia desta lei, moitos símbolos franquistas aínda perviven en fachadas, muros e outros elementos de edificios en Galicia.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos anos denunciando o desleixo deste goberno do PP en materia de memoria histórica, e defendemos que é necesario e urxente o cumprimento deste acordo parlamentario comezando pola elaboración por persoas técnicas cualificadas dun informe no que se relacione a simboloxía fascista aínda existente na nosa comunidade e a propiedade destes inmobles para despois proceder a súa retirada, xa sexa por competencia propia ou en colaboración coas distintas administracións implicadas ou persoas propietarias privadas.

Non pode ser que sigan a existir simboloxías fascistas na nosa contorna cando existe una norma que o prohibe.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego a dar cumprimento ao acordo plenario acadado o 26 de marzo de 2008, e así aplicar o establecido na Lei 52/2007 do 26 de decembro, de memoria histórica?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:15:58

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:16:07



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En España a vacina antirrábica é obrigatoria para cans por lei, salvo en Cataluña País Vasco e Galicia.

Dende o ano 1978 declárase España como territorio libre de rabia, os casos que se deron no noso país foron moi puntuais e provenientes de animais que viñan infectados doutros países.

Pero a pesar de que a posibilidade de contaxio non é elevada, a Asociación Empresarial Veterinaria CEVE Galicia leva anos reivindicando a necesidade de poñer esta vacina de forma obrigatoria aos animais domésticos xa que esta enfermidade, a rabia, é unha das zoonoses (enfermidade animal que pode transmitirse ás persoas) máis importantes xa que os contaxios son extremadamente graves porque a enfermidade é mortal.

Nestes días insisten nesta reivindicación con máis énfase motivado polo temor doutra posible emerxencia sanitaria, derivada da guerra de Ucraína, xa que por unha banda se estima que se incrementará notablemente a importación ilegal de cans/cadelas de caza procedente na súa maioría de países do este e por outra o elevado número de animais de compañía que poden chegar cos refuxiados/as.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista compartimos esta reivindicación xa que non podemos ignorar que Ucraína supón en Europa o caso máis extremo de contaxios desta enfermidade, rexistrándose entre o 2018 e o 2020, 2.616 casos de rabia en animais domésticos, salvaxes e incluso en humanos.

Por outra banda, o Ministerio de Agricultura, ante a previsible chegada de animais de compañía que non cumbran con estas condicións sanitarias impostas pola UE, publicou recentemente un documento no que se lembran as esixentes medidas impostas para poder darlle entrada a un animal de compañía na UE, e estableceu un protocolo de actuación homoxéneo en todo o territorio de España para mitigar os riscos.



Resaltando que o risco principal para o noso país segue a ser o norte de África, que é un territorio fortemente endémico e fonte frecuente de casos importados en Ceuta e Melilla, como demostra o actual foco de Melilla, que neste momento declarouse endémico e de difícil control e erradicación, o que fixo aumentar o nivel de risco para todo o resto do territorio nacional.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas galegos entendemos que unha política preventiva é moito máis eficaz e, por iso, compartimos esta xusta reivindicación ante o risco que pode supoñer esta enfermidade para a vida dos animais e das persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que Galicia é unha das 3 únicas comunidades autónomas que non ten implantada a vacinación antirrábica como obrigatoria para animais domésticos?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Martín Seco García

Carmen Rodríguez Dacosta

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:17:15

Martín Seco García na data 26/07/2022 11:17:25

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/07/2022 11:17:37



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Instituto de Educación Secundaria Frei Martín Sarmiento en Pontevedra, leva dende o ano 1998 cunha oferta educativa de E.S.O, Bacharelato e Formación Profesional Básica.

Situado no centro da cidade conta na actualidade con 480 de alumnos e alumnas que cursan os seus estudos de E.S.O e Bacharelato, a meirande parte residentes nos barrios achegados (pasarela, Juan Carlos I, Joaquín Costa...) e tamén nalgunha das parroquias deste concello (Mourente, Marcón...), a maiores disto o alumnado de FP.

No último ano a comunidade educativa está moi preocupada xa que dende inspección educativa se lles advertiu da posibilidade de suprimir os estudos de ESO e Bacharelato.

O equipo directivo do centro non ten coñecemento sobre cal é o plan previsto pola Xunta de Galicia para este centro educativo, e a pesar de solicitar información en repetidas ocasións unicamente obtiveron por resposta que o próximo curso 2022/2023 seguirá a mesma oferta educativa.

Esta incerteza está a causar moitos prexuízos tanto entre os pais e nais do alumnado que dubidan á hora de matricular aos seus fillos nun centro que pode non ter continuidade. Pero tamén entre o profesorado, xa que afecta a entre 35 e 40 profesores e profesoras que no caso de finalizar a oferta de ESO e Bacharelato terían que ser trasladados a outros IES.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non compartimos esta actitude da Xunta de Galicia de opacidade e de gobernar de costas aos intereses da comunidade educativa, xa que defendemos que este centro é o axeitado pola súa situación e traxectoria para continuar prestando esta oferta educativa, entendendo tamén que existen outros centros na cidade máis axeitados para a ampliación da oferta de grados de Formación Profesional.



E por outra banda esiximos a este Goberno que informe ao centro do plan de futuro que teñen previsto para o mesmo, e así rematar coa incerteza existente e a desinformación que están a sufrir.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:18:21

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 11:18:29

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 11:18:37



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Esta semana a Sala do Contencioso Administrativo do TSXG volvíaa obrigar ao Sergas á readmisión dun xefe de servizo cesado polo CHUP.

Vén así a ratificar unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Pontevedra que declaraba nula esta destitución, xa que consideraba que o proceso de reavaliación ao que foi sometido este profesional en 2019 vulnerou o principios de publicidade que ten que rexer na contratación pública, ao non informar con antelación a este especialista sobre os criterios de avaliación.

E por outra banda estima como motivo de anulación a non resposta por parte do CHUP, ante a recusación ao tribunal realizada por este profesional xa que existían motivos que xustificaban a mesma.

O fallo desta resolución obriga ao Sergas a restituír a este médico no posto que ocupaba antes da avaliación, isto é a xefatura do servizo de cardioloxía e a abonarlle a retribución deixada de recibir durante estes anos.

Esta é a 5ª vez que o alto tribunal galego ratifica sentenzas de instancia e declara nula unha destitución dun xefe de servizo do CHUP, nunha clara mostra da arbitrariedade coa que actúa a xerencia deste hospital.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista preguntámonos, que máis ten que pasar para que o Sergas actúe e modifique a dirección desta área sanitaria?

Non podemos consentir que nun proceso selectivo predomine o amiguismo e o seguidismo antes que a capacidade e as boas prácticas, polo que esiximos a este goberno que tome medidas para que os procesos selectivos dentro do Sergas se leven a cabo con todas as garantías xa que os principios de Igualdade, Mérito, Capacidade, Transparencia e Seguridade Xurídica deben presidir todo procedemento de concorrencia competitiva que se celebren ante una Administración pública.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego a sentenza do TSXG na que se anula o cese do xefe de servizo de Cardioloxía do CHUP e se condena ao Sergas a súa readmisión e abono das retribucións devengadas durante este tempo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:22:02

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:22:09

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 11:22:18



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, reconece a tódalas mulleres vítimas de violencia de xénero a asistencia xurídica inmediata e gratuíta en tódolos procedementos, tanto xudiciais como administrativos, que teñan relación coa situación de violencia, incluso para formular a denuncia.

O Real decreto lei 141/21, do 9 de marzo aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que vén a modificar o Real decreto anterior 3/2013, de 22 de febreiro, e regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/96 do 10 de xaneiro, asistencia xurídica gratuíta.

Establecendo un marco de regulación e harmonización na materia sen prexuízo da posibilidade de desenvolver normativas específicas e máis restritivas nas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Así en Galicia temos desenvolvido este dereito no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, establecido por Decreto 134/2017, do 7 de decembro.

En toda a normativa anterior se regula o dereito da muller vítima de violencia de xénero, a ter asistencia xurídica e defensa con carácter gratuíto independentemente da súa capacidade económica.

No artigo 30 deste regulamento autonómico establece uns requisitos complementarios para garantir a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero e de vítimas de trata de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos como son que esta a leven a cabo avogados/as especializados/as.



Tamén establece a posibilidade de que as comunidades autónoma poidan regular o acceso aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.

Dende o Grupo Socialista entendemos que estas garantías non chegan. Os datos estatísticos dinos que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas, e polo tanto dende a administración é necesario seguir incrementando estas garantías que ofrezan as mulleres vítimas unha maior seguridade e confianza no sistema xudicial.

E por iso polo que no mes de xuño do pasado ano levamos ao Pleno do Parlamento unha pregunta na que inquiríamos ao goberno se consideraba que un letrado condenado por violencia de xénero podía asumir a asistencia xurídica ou defensa dunha vítima de violencia?

A Conselleira de Igualdade respondeu a esta pregunta manifestando que se estaba traballando para solucionar esta cuestión e que nuns días chegaríase a acadar unha medida que impediría que isto seguira a acontecer.

Nove meses despois o goberno da Xunta non fixo nada e seguimos á espera o que demostra que non existe ningunha vontade por parte deste goberno para impoñer esta medida.

É por iso polo que reiteramos esta iniciativa, na que solicitamos que dende a Xunta de Galicia, previo acordo no Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, se engada como requisito de obrigado cumprimento para os letrados que queiran acceder ou manterse na quenda especial de violencia de xénero, non ter sido condenado por sentenza firme por un delito de violencia de xénero.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o goberno da Xunta de Galicia que é necesario implementar máis medidas dende a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:23:07

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 11:23:15

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:23:28



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O goberno da Xunta de Galicia aprobou no ano 2019 o Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de Xustiza 2019-2021.

Dende o ano 2002, a Dirección Xeral de Xustiza estandarizou uns modelos de equipamento mobiliario tipo, que se subministran a todos os órganos e servizos.

Este subministro, que se realiza a través dos correspondentes procedementos abertos de contratación baixo a modalidade de subministro sucesivo por prezos unitarios, establece máis de 100 artigos, se ben o núcleo fundamental está constituído polo mobiliario básico dos despachos (maxistrados, xuíces, fiscais e letrados da Administración de Xustiza), das salas de vistas, das oficinas e dos arquivos xudiciais.

O investimento previsto neste Plan trianual era de 4.718.937,38 €, repartido da seguinte forma:

- No 2019: 2.056.291,8 €
- No 2020: 1.330.283,3 €
- No2021: 1.332.362,28 €

A realidade é que este investimento, que suporía unha modernización e dignificación do espazo de traballo dos profesionais da Xustiza, non chegou a executarse.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia correspondentes aos anos de aplicación do plan estableceuse na partida dedicada a adquisición de mobiliario para a administración de Xustiza unha partida de contía similar ás anteriormente sinaladas pero o grado execución queda moi lonxe do seu cumprimento.



Así no ano 2019 executouse só un 9 %; no ano 2020 executouse o 100 %; e no ano 2021 tendo en conta os datos do terceiro trimestre que son os últimos publicados, unicamente se executou o 7,38 %.

Moitas das sedes xudiciais do noso país contan cun mobiliario vello e escaso, e común observar expedientes apilados polo chan por falla de andeis, mesas antigas ou cadeiras e cadeiras de brazos das oficinas ou salas de agarda moi deterioradas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos a falla de cumprimento deste plan a pesar da necesidade destes investimentos, e esiximos ao goberno da Xunta de Galicia que cumpra os seus compromisos e leve a cabo a renovación do mobiliario nos termos previstos neste plan.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia do grado de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de Xustiza 2019-2021?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:24:13

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:24:24



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Imelga foi creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia e, en virtude de Orde do 23 de marzo de 2006, entrou en funcionamento.

As súas funcións son a investigación medicolegal en tódolos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade, a intervención no control periódico da evolución das persoas lesionadas e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais, e a emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil.

O Instituto, está integrado por médicos/as forenses e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados en sete subdireccións territoriais, cada unha delas coas súas respectivas áreas de patoloxía forense e de clínica medicolegal. O ámbito territorial das subdireccións é o seguinte:

- Subdirección territorial da Coruña, cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión.
- Subdirección territorial do Ferrol, que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira.
- Subdirección territorial de Santiago de Compostela, para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela.
- Subdirección territorial de Lugo, con ámbito de actuación en toda a provincia.
- Subdirección territorial de Ourense, tamén con ámbito provincial.



- Subdirección territorial de Pontevedra, cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa.
- Subdirección territorial de Vigo, que comprende os partidos xudiciais de Pontearreas, Redondela, O Porriño e Tui.

O Instituto de Medicina Legal de Galicia realizou en 2019 máis de 23.300 informes periciais médicos, psicolóxicos e sociais. O volume de traballo destes centros, na actualidade, debido ao número escaso de centros e á falta de persoal no Imelga, é inasumible, o que provoca serios retrasos procesuais en procedementos penais por delito de abusos sexuais, violencia de xénero, malos tratos, desprotección e violencia en menores, e en procesos civís coma os procedementos de familia, incapacidades, e demais.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia levar a cabo un estudio estrito do tempo de retraso dos informes do Imelga, pormenorizado por cada partido xudicial?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:25:16

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:25:24

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:25:31



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No mes de setembro do ano 2019, o presidente da Xunta de Galicia inaugurou en Pontevedra o novo edificio xudicial de A Parda, no que se investiron máis de 21.000.000 €.

No seu interior alberga quince xulgados, que se corresponden coas catro salas do Social, e dous do Mercantil, anteriormente situadas na sede da Audiencia Provincial; as tres do Contencioso-Administrativo, anteriormente situadas na rúa Xermán Adrio; e as seis unidades de Primeira Instancia situadas anteriormente no vello xulgado de A Parda.

A Fiscalía e os xulgados que coñecen asuntos de carácter penal, así como menores, o Xulgado de Garda e o Imelga. mantivéronse no vello edificio de A Parda, que se conectou co novo edificio a través dunha pasarela.

Na súa visita inaugural o vicepresidente da Xunta de Galicia e de forma reiterada nos medios o goberno da Xunta de Galicia comprometéranse a adaptar estes espazos do xulgado “vello” e investir nas reformas necesarias para acondicionar o mesmo, pero case 3 anos despois non se fixo nada.

Entre as múltiples eivas que presentan estas dependencias atópase a ausencia de sistemas de gravación nas salas de vista, nin ventilación nas mesmas, ou o mal estado no que se atopan os calabozos, entre outros.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que investir neste edificio para acondicionar estes espazos e mellorar así o servizo que se presta nas dependencias xudiciais xa que por unha banda, isto está a producir unha clara discriminación duns ordes xurisdicionais respecto a outros e por outra unha xustiza moderna non pode seguir mantendo determinadas carencias.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno galego non cumpriu nestes tres anos o compromiso de executar as obras de acondicionamento pendentes no edificio antigo dos xulgados, situado en A Parda (Pontevedra)?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:26:40

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:26:48



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Imelga foi creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia e, en virtude de Orde do 23 de marzo de 2006, entrou en funcionamento.

As súas funcións son a investigación medicolegal en tódolos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade, a intervención no control periódico da evolución dos lesionados e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais, e a emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil.

En Pontevedra a Subdirección territorial de Pontevedra, ten un ámbito de actuación que abarca os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa. Está situada no edificio vello do Xulgado de A Parda, en concreto a carón do Xulgado de Garda.

Este espazo é moi reducido e inapropiado xa que é moi reducido e nin sequera ten sala de agarda senón que os usuarios/as teñen que esperar a súa quenda na entrada do Xulgado de garda compartindo espazo cos usuarios/as deste.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en outras ocasións que resulta necesario acondicionar as dependencias deste edificio e entre estas demandas estaría a de trasladar á planta baixa (que agora non ten usos) as dependencias do decanato e da biblioteca, quedando así libre a 1ª planta do edificio, onde poderían trasladarse as dependencias do Imelga, constituíndo este un espazo máis amplo e diferenciado.

A maiores disto e tendo en conta a existencia dun maior espazo, sería necesario ampliar o número de profesionais, necesario para paliar a carga de traballo que



soporta este equipo, o que provoca grandes atrasos na tramitación dos procedementos xudiciais, no caso de Pontevedra entre 8-10 meses pendentes para a realización dun informe psicosocial. Atrasos que implican a ter que contemplar nalgúns procedementos a atenuante de dilación indebida.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o goberno da Xunta trasladar as dependencias do Imelga de Pontevedra á 1ª planta do edificio vello de A Parda?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Julio Torrado Quintela

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:28:28

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:28:36

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:28:44



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O goberno da Xunta de Galicia anunciou a construción de 13 plantas de transferencia de Sogama en todo o territorio galego, unha delas situada no Concello de Arbo, dito proxecto foi publicado na páxina da Xunta e na do Concello o pasado día 17 de xaneiro do presente ano xunto cunha "Avaliación medioambiental simplificada".

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que esta planta non pode seguir esta tramitación xa que o presente proxecto ten un destacado impacto ambiental e por elo debe ser obxecto de avaliación ambiental ordinaria.

Pero a maiores disto entendemos que existen neste proxecto outras eivas de imposible subsanación que fan inviable a execución do mesmo e que pasamos a expoñer:

- 1º. A Planta sobrepasa o volume das edificacións existentes no entorno, incumprindo o artigo 216 e 91 del RLSG (Regulamento da Lei do solo de Galicia), polo tanto non cumpre a normativa urbanística nin en volume nin en altura da construción.
- 2º. Incumpre a normativa antiincendios que impediría a concesión de licencias ao proxecto.

O Real decreto 2267/2004 (Regulamento de Seguridade contra Incendios en establecementos Industriais), establece que os establecementos industriais de risco medio e alto ubicados preto dunha masa forestal teñen que manter unha franxa perimetral de 25 m de anchura permanentemente libre de vexetación baixa e arbustiva, coa masa forestal esclarecida e as ramas baixas podadas. En lugares de vento forte e de masa forestal próxima



tense que aumentar a distancia establecida nun 100 por cen, ao menos nas direccións dos ventos predominante .

Este proxecto sitúase nun risco medio 3 e non se cumpre a distancia de existencia de masa forestal nunha franxa perimetral inferior a 25 m de anchura en xeral ni 50mts nas direccións predominantes de vento indicadas.

3º. O emprazamento da planta afecta ao xacemento arqueolóxico de “A Lagoa”, que no consiste nun elemento puntual senón que abarca unha área superficial moito máis extensa ao tratarse dun sistema mineiro da época romana para a explotación do mineral ouro.

Este xacemento ocupa practicamente toda a superficie do monte “A Chan”, incluído o propio Parque Empresarial, polo tanto, esta planta se atoría dentro da contorna de protección dun elemento catalogado.

4º. Este proxecto non cumpre as distancias mínimas en relación ao volume de ruído xa que está situado a menos de 450 metros das primeiras vivendas do núcleo de A Chan, lugar de Fondevila.

5º. Incúmprese, ademais o convenio urbanístico firmado entre o Concello de Arbo e a Comunidade de Montes Veciñais en Mano Común de Barcela o 24 de setembro de 1996 que orixina este polígono, que na súa cláusula 4ª.- establece: “O Concello comprométese a determinar no correspondente Plan Parcial que se redacte para a execución do planeamento, que no Polígono Industrial non poderán instalarse industrias contaminantes como papeleiras, celulosas e outras de características similares. En todo caso estas industrias necesitarán autorización previa da Comunidade Veciñal” .

Este proxecto non só non obtivo dito consentimento senón que a Comunidade de Montes oponse expresamente á instalación da planta compactadora nos terreos cedidos.

6º. Por último, a actividade desta planta de transferencia é unha actividade potencialmente contaminante do solo e tamén unha actividade catalogada potencialmente contaminadora da atmosfera con código 09 10 09 52 e



posibilidade de encadrarse en el grupo C, polo tanto incumpre o previsto no artigo 31 do Plan Parcial do Solo Empresarial de Arbo, de data 29 de setembro do ano 2000, xa que desenvolve o que se entende por Usos Prohibidos.

Ante esta imposibilidade legal e medioambiental de desenvolver esta planta de transferencia neste polígono do Concello de Arbo, o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta ten que buscar outra localización e formulamos como iniciativa a posibilidade de avaliar o traslado deste proxecto a outra parcela ofrecidas polo Concello de a Cañiza máis aptas dende o punto de vista medioambiental.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que o proxecto da Planta de Transferencia situada no Concello de Arbo debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:29:33

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 11:29:42

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 11:29:51



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No termo municipal de Cerdedo-Cotobade, na parroquia de Quireza estase a tramitar o proxecto de execución do parque eólico de Campo das Rosas, que neste momento se atopa en fase de resolución das múltiples alegacións presentadas.

Este proxecto ten por obxecto a construción de 3 aeroxeradores neste concello e adicionalmente 5 máis nos termos municipais de Campolameiro e A Estrada, cunha potencia de 3,45 MW cada un deles.

Estes aeroxeradores estarán situados nos lugares de Monte Agudo, Outeiro de Reconto, Outeiro Longo, Alto do Cabeirín e Campoverde, conectados entre si a través de 2 liñas soterradas que confluirán nunha subestación eléctrica situada na parroquia de Quireza.

A maiores disto se proxectarán accesos e vias cara estes parques, así como camiños interiores entre eles. Polo que se calcula que o espazo poligonal que ocupara este parque será de 8 quilómetros de lonxitude por 3 quilómetros de ancho.

A espera de resolución das múltiples alegacións presentadas existe un gran rexeitamento veciñal pola localización deste parque xa que se sitúa moi preto da parroquia de Cuiña onde existe un pequeno núcleo de poboación.

A empresa Energy Renovables consciente que este parque pode causar non so unha perturbación visual para esta veciñanza senón tamén sonora polo ruído dos muíños, ofreceu a estes veciños e veciñas a posibilidade de cambiar as ventás das vivendas, sen ter en conta que estas persoas non queren ter as súas vivendas insonorizadas senón seguir vivindo coa tranquilidade que tiñan na súa parroquia rural.



Dende o Partido Socialista apostamos polas enerxías renovables pero sempre que se produza un equilibrio entre a instalación das mesmas e o respecto a singularidade do noso territorio, ao medio ambiente e a calidade de vida da veciñanza.

Polo que amosamos a nosa preocupación polo prexuízo que o emprazamento deste parque vai supoñer na veciñanza e entendemos que o máis axeitado sería aplicar a moratoria aprobada coa Lei de acompañamento dos orzamentos autonómicos deste ano 2022 que amplía a distancia mínima á que poden levantarse os muíños de vento dos núcleos de poboación, e calcula a partir da altura do aeroxerador (pala incluída), que deberán multiplicar por cinco. Isto é, as máquinas novas, que se alzan a 200 metros do chan, terán que distanciarse un quilómetro.

Tendo en conta que existen moitas alegacións polo impacto ambiental deste parque e que a lei establece que aplicárase a moratoria ás novas solicitudes de proxectos de parques a partir do 20 de xaneiro e tamén ás modificacións substanciais de proxectos que requiran unha nova tramitación ambiental, dende este grupo solicitamos que se estimen estas alegacións e en consecuencia se modifique este proxecto eólico podendo entre outras cuestións aplicar a moratoria relativa á distancia existente entre os aeroxeradores e as vivendas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia resolver as alegacións presentadas á construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto de parque eólico Campo das Rosas no Concello de Cerdedo-Cotobade?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:33:49





Martín Seco García na data 26/07/2022 11:33:59

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/07/2022 11:34:10



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A escola infantil O Toxo sita no concello de Pontevedra pertence á Axencia Galega de Servizos Sociais, é unha escola infantil de referencia na cidade con varias décadas de experiencia educativa.

Na actualidade conta con 105 prazas, todas elas cubertas e divididas da forma seguinte:

- 3 aulas de 2-3 anos, con 20 nenos/as cada unha.
- 3 aulas de 1-2 anos, con 13 nenos/as cada unha.
- 1 aula de Bebés con 8 bebés.

O persoal co que conta este centro son 7 educadoras, unha por aula, e unha educadora de apoio. A maiores no centro traballa persoal de limpeza en quendas de 4 limpadoras, unha cociñeira e unha axudante de cociña.

No curso 2020 por mor da pandemia incrementouse o persoal nunha educadora máis de reforzo e unha limpadora máis.

Este aumento de persoal permitiu que varios nenos/as con necesidades educativas especiais accederan a este centro, en concreto 3, en distintas aulas.

Este incremento, aínda que non suficiente, foi asumido de forma satisfactoria polo persoal do centro que levaba anos reclamando un aumento de persoal necesario para poder desenvolver a súa tarefa, xa que unha soa educadora non pode de forma dilixente facerse cargo de 20 nenos/as.

Pero este curso 2021/2022 o goberno da Xunta de Galicia suprimiu novamente estas prazas, ao considerar superada a etapa de pandemia, quedando novamente con 7 educadoras (máis unha de apoio) e agora con 3



nenos con necesidades especiais, dos cales un deles debido a súa patoloxía non se move.

Tendo en conta esta situación dende o Grupo Socialista entendemos que sería necesario reforzar este persoal de apoio e dotalo ademais de formación suficiente para poder desenvolver a súas tarefa de forma axeitada.

A maiores disto, o edificio no que se sitúa esta escola infantil é un edificio antigo con 2 plantas que está protexido por patrimonio, polo que as actuacións de reforma están moi limitadas e existen problema estruturais difíciles de resolver como a situación dalgúns aseos en relación ás aulas ou o acceso ao comedor situado na planta baixa, xa que conta cunhas escaleiras en “L” que fan moi difícil a supervisión por unha soa persoa, o que pode supoñer un perigo para estes nenos/as.

Dende o Grupo Socialista entendemos que o benestar dos nosos/as pequenos/as ten que ser unha prioridade nas políticas da Xunta e para que estes poidan recibir un trato asistencial y educativo de calidade é imprescindible que exista persoal suficiente para atender as súas necesidades.

Por outra banda defendemos a educación inclusiva para aqueles nenos/as con necesidades especiais pero sempre dende a asunción responsable destas necesidades polo que a Xunta de Galicia ten que dar formación ás educadoras que vaian a desenvolver esta tarefa ou contratar persoal de apoio con formación suficiente que garanta unha correcta atención.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta non mantivo o persoal de apoio incrementado pola Covid-19?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:35:19

Marina Ortega Otero na data 26/07/2022 11:35:27

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2022 11:35:37



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Pacto Galego contra a Pobreza xorde en 2009 como iniciativa da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.

O texto do Pacto recolle compromisos políticos concretos en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento e de loita contra as desigualdades e a inxustiza social.

Ditos acordos foron consensuados coas partes asinantes para situar a cooperación ao desenvolvemento fóra dos intereses partidistas e das estratexias dos períodos de goberno concretos.

O Pacto Galego contra a Pobreza foi asinado o 16 de outubro de 2010, no salón de actos do Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela, polos voceiros parlamentarios dos tres partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia, BNG, PPdeG e PSdeG e polo presidente da Coordinadora Galega de ONGD.

Entre outros moitos aspectos, a sinatura do pacto compromete ás forzas políticas do Parlamento galego a manter un esforzo en materia de axuda oficial ao desenvolvemento que garanta que, antes do remate de 2017, ao menos o 0,7 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia estará dedicado a erradicación da pobreza no mundo.

Doce anos despois non se cumpriron nin de lonxe os acordos acadados neste pacto que establecían compromisos autonómicos de cooperación ao desenvolvemento como a suba progresiva do investimento en cooperación ata acadar o 0,7 % do orzamento no ano 2017, a creación da axencia galega de cooperación ao desenvolvemento, impulso de políticas públicas solidarias (comercio xusto, finanzas éticas, economía social, e demais) ou reformas legislativas en materia de cooperación.



Este incumprimento fai que Galicia estea moi lonxe de ser unha comunidade autónoma solidaria, no fondo (ocupa o posto 11º en investimento en relación a outras comunidades autónomas) pero tamén nas formas pola ausencia de políticas públicas orientadas á cooperación.

Dende o Grupo Socialista defendemos a necesidade de renovar este pacto e cambiar o rumbo insolidario no que estamos sumidos, xa que nos atopamos ante un panorama de grandes retos globais, con claras manifestacións e impactos locais, para os que as respostas terán que ser multinivel, e no que a política de cooperación pode xogar un papel importante pola súa capacidade de actuar tamén local e globalmente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Porque o goberno da Xunta non cumpriu nin un só dos compromisos asinados no Pacto Galego pola Pobreza do ano 2010?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:36:21

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:36:31



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

O IV Plan Director de Cooperación (2018-2021) definiu as prioridades e a estratexia de cooperación do Goberno galego durante estes anos.

Transcorrido o seu prazo de vixencia non se cumpriu por parte deste goberno a obriga de avaliación do mesmo senón que pola contra se optou por unha prórroga da súa vixencia complementada cunha estratexia común de acción contra a Covid-19, para adaptalo á situación de pandemia.

O anterior plan director aprobouse nun contexto global moi distinto xa que foi previo a pandemia da Covid-19, os prazos para o cumprimento dos obxectivos 2030 en materia de desenvolvemento e cooperación eran máis amplos e a situación social e política a nivel mundial mudou, existindo na actualidade novos territorios en conflito.

O pasado 18 de maio o Grupo Socialista manifestou, na comparecencia parlamentaria anual do director xeral de Cooperación, a necesidade de aprobar un novo plan director de cooperación que se adapte aos tempos e que contemple entre outros aspectos un compromiso financeiro, que faga fincapé na loita pola xustiza de xénero para transformar as relacións de poder entre mulleres e homes, comercio xusto e consumo responsable, aborde temas coma a transformación dixital ou prevea unha protección especial para as persoas que traballan en cooperación.

Por outra banda entendemos necesario que este plan contemple unha institucionalización do traballo de cooperación, coa creación dun grupo de dereitos humanos e cooperación no Parlamento, tal e como existe xa noutros territorios do Estado, con funcións de seguimento e proposta no marco da política de cooperación e a defensa dos dereitos humanos a nivel global.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Porque o goberno da Xunta de Galicia non levou a cabo a avaliación do IV Plan Director de Cooperación no ano 2021 como estaba previsto no mesmo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:37:15

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:37:23



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A ría de Pontevedra é unha das tres principais entradas ao mar das rías baixas, baña unha das zonas máis turísticas da nosa comunidade e é a 3ª máis grande de toda Galicia con 145 quilómetros cadrados de superficie, pero ademais é un elemento fundamental para a nosa biodiversidade e para os municipios da contorna, xa que moitas das súas xentes viven da materia prima que contén.

A pesar disto e da súa obriga como administración competente, a conservación desta ría non se atopou nesta década de goberno do PP entre as prioridades da Xunta de Galicia, o que fai que os índices de contaminación que presenta a mesma aumenten ano tras ano.

Entre os principais problemas que podemos atoparnos e que requiren unha actuación urxente están:

1. Desmantelamento da empresa ELNOSA, aprobado polo Goberno da Xunta a mediados de 2020, que foi a encargada de fixar os criterios e condicións do desmantelamento dende o punto de vista da análise de risco de contaminación. A pesar disto hai un ano coñecíamos, por un informe de Ence, que coincidindo coa demolición dos edificios nos que desenvolvía a súa produción, o material tóxico volvía a aflorar, incrementándose notablemente o nivel de mercurio na ría e no subsolo e aparecendo nunha concentración superior ao nivel xeral de referencia.

Neste momento descoñecemos se o goberno da Xunta tomou algún tipo de medida para revertir esta situación e se estes índices diminuíron ou seguiron incrementándose.

2. Depuradora de Lourizán, tras anos aparecendo nos orzamentos da Xunta de Galicia unha partida destinada a súa ampliación e modernización sen que



fora executada a mesma, o pasado mes de febreiro adxudicouse a empresa Acciona este proxecto.

O outras obras de saneamento en puntos como o río Lameira de Marín, o porto de Campelo en Poio (adxudicado en maio) e o bombeo de Cocheras en Pontevedra, proxectos que segundo manifestou a Xunta hai un ano estaban en fase de redacción coa previsión de telos listos no primeiro trimestre do 2022 para poder licitalos e executalos dentro do período operativo dos fondos europeos Feder, que finaliza en 2023, estando unicamente adxudicado neste momento o de Campelo.

3. Dragado do río Lérez, o Goberno da Xunta segue sen ter desenvolver o proxecto de dragado do río Lérez, a pesar deste prexuízo para a cidade de Pontevedra, e de ser prometido en numerosas ocasións dende hai 12 anos.

A consecuencia disto os fondos mariños do noso río seguen a acumular sedimentos ata o punto de poder case cruzalo a pé, cando está a marea baixa.

Portos de Galicia na última comparecencia parlamentaria hai xa un ano, xustificaba este retraso na complexidade dos trámites administrativos e na decisión do MITECO de prohibir a acumulación de sedimentos na illa de Sálvora, o que obrigaba a atopar outro punto para desfacerse dos lodos extraídos.

A maiores incidiu en que este estudo de alternativas se está acometendo por unha comisión técnica coas autoridades portuarias de Vigo, Vilagarcía e Marín, que tamén se ven afectados pola anulación do depósito de máis áridos ao oeste de Sálvora. Manifestou que dita comisión técnica xa se reunira en cinco ocasións e que participaron tamén técnicos do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) e de Portos do Estado.

Dende esa intervención non volvemos ter noticia dun tema tan importante para Pontevedra, nin sequera aparece xa orzamentado nos orzamentos da Xunta do ano 2022. Dende o grupo parlamentario socialista entendemos que é prioritario e urxente este proxecto xa que este abandono da nosa ría, está a afectar gravemente ao sector do mar ó impedir a rexeneración e a recuperación dos bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente ao sector do marisqueo a flote que viu moi minguada, nos últimos anos, a súa actividade e ingresos. Así como tamén a navegación deportiva e a actividade do Náutico debido a



colmatación na desembocadura e na canle de navegación do río e do porto deportivo.

O organismo Augas de Galicia como entidade pública responsable en materia de augas no ámbito das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia ten que preservar o bo estado dos ecosistemas acuáticos e ecosistemas terrestres asociados e en Pontevedra levamos máis dunha década esperando que cumpra coas súas obrigas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica este Goberno a década de atrasos dos compromisos de rexeneración e conservación da ría de Pontevedra e a súa contorna?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:39:33

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:39:41

Patricia Otero Rodríguez na data 26/07/2022 11:39:55

Eduardo Ojea Arias na data 26/07/2022 11:40:05



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei estatal de residuos e solos contaminados, Lei 7/2022 establece no seu articulado un novo prazo para a recollida separada dos biorresiduos domésticos, a partir de xullo de 2022, para entidades locais con máis de 5.000 habitantes, e a partir de 2024 para o resto dos municipios; e aos residuos téxtiles, aceites de cociña usados, residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos a partir de 2025, por outra banda os residuos de construción e demolición deberán clasificarse por materiais, preferentemente na orixe a partir de 2022, e a demolición deberá ser selectiva a partir de 2024.

Esta lei supón unha das principais pezas legislativas para impulsar a economía circular en España e foi incluída como unha das reformas estruturais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para poder cumprir os obxectivos marcados nesta lei o Goberno asignou 992 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinados a apoiar tanto ás administracións públicas como ao sector empresarial. Unha destas liñas de actuación é o Plan de apoio á implementación da normativa de residuos mediante territorialización de fondos á Comunidade Autónoma para paliar o déficit de investimento acumulado en xestión de residuos, nomeadamente as seguintes cantidades:

- 416,25 M€ en 2021
- 175M€ en 2022
- 50 M€ en 2023

Galicia recibiu no ano 2021 un total de 22,79 millóns de euros do Plan de Recuperación, dos orzamentos do MITECO e con cargo ao Plan de Impulso ao Medio Ambiente de Economía Circular e ao Programa de Mellora de Xestión de Residuos Municipais, para financiar estes proxectos de mellora de xestión de



residuos de competencia municipal, con especial atención á recollida separada e tratamento de biorresiduos.

O pasado 7 de xuño o Consello de Ministros, a petición do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), acordou as bases reguladoras para repartir 176,5 millóns de euros ás comunidades e cidades autónomas. Novos fondos, que complementan aos xa transferidos en 2021 e que permitirán implantar novas recollidas separadas, construír e mellorar instalacións de tratamento de preparación para a reutilización e de reciclado. A Galicia segundo o reparto equitativo, que ten en conta o volume de residuos xerados en cada territorio, a súa situación respecto ao cumprimento dos obxectivos comunitarios e a súa densidade de poboación lle corresponden 9.888.077,34 €

As bases reguladoras da convocatoria destas novas axudas apenas inclúen cambios con relación ás bases reguladoras de 2021, co fin de facilitar ás comunidades autónomas a súa tramitación e os fondos serán transferidos tras a próxima Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista poñemos en valor todo o esforzo que está a facer o Goberno central para cumprir estes obxectivos de reciclaxe que non están a ser tidos en conta polo goberno da Xunta de Galicia que no canto de sumarse a esta estratexia dedícase a obstaculizar a implantación da mesma no noso territorio.

O Goberno galego no mes de decembro do ano 2021 publicou unha convocatoria de axudas aos concellos para a adquisición de colectores marróns de fracción orgánica e poder implantar esta recollida separada dos biorresiduos. Nesta convocatoria establecíase o prazo de un mes para presentar as solicitudes que posteriormente ampliouse ata o mes de marzo.

Pero a pesar de ter finalizado o prazo de presentación de solicitudes no mes de marzo ata a pasada semana o goberno da Xunta non resolveu as mesmas e foi despois de que o Goberno do Estado lle reprochara esta inactividade e a necesidade de repartir estes fondos.

A actitude deste Goberno responde a uns intereses espurios, xa que non se pode conceder aos concellos unhas axudas para a adquisición de colectores marróns semanas antes de que venza o prazo legal para ter que cumprir a implantación dos



mesmos e agora reclamar ao Estado un aumento do prazo legal para esta implantación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica este Goberno a demora de 6 meses na concesión de axudas aos concellos para a implantación da recollida separada dos biorresiduos?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/07/2022 11:40:51

Pablo Arangüena Fernández na data 26/07/2022 11:40:58



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Consellería de Educación decidiu suprimir unha mestra de educación infantil do CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha e con ela unha aula deste nivel. Unha medida criticada polas nais e pais representadas pola comunidade educativa por considerar que vai en contra da calidade educativa e o benestar das súas fillas e fillos.

Resulta incomprendible que as autoridades educativas ante a falta de 4 alumnos/as para superar o rateo dos 50 alumnos/as se tome a decisión de suprimir unha aula, cando estamos a falar de rapaces de 3 anos.

Hai motivos para non baixar a calidade educativa do centro coa eliminación desta aula xa que o CEIP por catálogo ten 3 liñas en cada nivel de educación Infantil e o profesorado desa etapa é profesorado estable e “definitivo no centro”.

O centro recibe alumnado de nova matriculación (procedente doutras comunidades e países) durante todo o curso polo que é bastante probable que o curso seguinte ou incluso nos primeiros meses deste teñamos alumnado para as tres aulas.

Os alumnos/as que comezan este ano a súa etapa escolar, son nenos e nenas que viviron o confinamento e a pandemia, moitos deles sen escolarización previa nas garderías e con todas as limitacións que iso supón a todos os niveis: sociais, de desenvolvemento, na linguaxe, no control de esfínteres, etc...Polo que, seguramente, van a necesitar mais atención e apoios..

Poden existir casos de alumnado sen matricular por motivo da pandemia, polo que podemos atoparnos que nos meses de outubro ou novembro se incorpore novo alumnado procedente de fora da comunidade, zonas limítrofes ou do estranxeiro e o centro supere o rateo.



Ademais sería unha aposta por unha educación de calidade, manter esa 3ª unidade e baixar o rateo de alumnos nesta idade, máis se cabe contando co persoal definitivo e necesario no centro, nun ano que se reducen os períodos de adaptación segundo a orde de calendario escolar e faise voluntaria dita situación.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A eliminación dunha mestre e unha aula de 4º de Educación Infantil pese a estar moi preto do límite do rateo esixido pola Administración é a aposta por unha educación de calidade da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo do 2022

Asdo.: Martín Seco García
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/07/2022 13:10:37

Noelia Otero Lago na data 26/07/2022 13:10:50

Noa Susana Díaz Varela na data 26/07/2022 13:10:57



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, María Guadalupe Murillo Solís, Fernando Pérez Domínguez, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer os proxectos apoiados ao abeiro da convocatoria lanzada este ano pola Axencia Galega de Innovación do programa de Unidades Mixtas de Investigación e o seu impacto no impulso de actividades de I+D+i vinculadas cos retos estratéxicos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia.

As Unidades Mixtas son un referente da colaboración público-privada como precursora dunha innovación aberta e disruptiva, froito do traballo conxunto e das sinerxías entre empresas e centros de coñecemento para dar resposta aos retos da industria e da sociedade galegas no contexto actual (vinculados principalmente coa dixitalización, a sustentabilidade e o benestar das persoas).

Deste xeito, a nova convocatoria de 2022 que a Xunta de Galicia vén de aprobar en favor de 6 novas Unidades Mixtas e 3 Centros Mixtos de Investigación – modalidade que, por primeira vez, entra en funcionamento para consolidar o traballo desenvolvido no marco deste programa – son 55 as iniciativas apoiadas desde o ano 2014, cando se puxo en marcha, situando a Galicia como un referente na captación do interese de grandes empresas tractoras dispostas a desenvolver na nosa Comunidade os seus proxectos de I+D+i.

Este programa, ademais, representa un instrumento específico para incentivar o impulso da transferencia de coñecemento ao tecido empresarial e de resultados ao mercado, en forma de novos produtos e solucións.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cales son os proxectos apoiados na convocatoria do programa de Unidades Mixtas de Investigación resolta este mes de xullo?
2. Cal é o balance deste programa desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2022.



Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/07/2022 13:49:56

Pedro Puy Fraga na data 26/07/2022 13:50:27

Paula Prado del Río na data 26/07/2022 13:50:35

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/07/2022 13:51:15

Fernando Pérez Domínguez na data 26/07/2022 13:51:20

Manuel Santos Costa na data 26/07/2022 13:52:01

Cristina Sanz Arias na data 26/07/2022 13:52:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, María Guadalupe Murillo Solís, Fernando Pérez Domínguez, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias** abaixo asinantes pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, advertido un erro no documento con número de rexistro **38105**, solicitan a súa corrección no seguinte senso:

Onde di:

“Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- 1. Cales son os proxectos apoiados na convocatoria do programa de Unidades Mixtas de Investigación resolta este mes de xullo?*
- 2. Cal é o balance deste programa desde a súa posta en marcha?”*

Debe de dicir:

“Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- 1. Cales son os proxectos apoiados na convocatoria do programa de Unidades Mixtas de Investigación resolta este mes de xullo?”*

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2022

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 01/08/2022 14:08:51

Pedro Puy Fraga na data 01/08/2022 14:09:14

Paula Prado del Río na data 01/08/2022 14:09:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Guadalupe Murillo Solís na data 01/08/2022 14:09:40

Fernando Pérez Domínguez na data 01/08/2022 14:09:54

Manuel Santos Costa na data 01/08/2022 14:10:01

Cristina Sanz Arias na data 01/08/2022 14:10:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de manter o profesorado actual nos centros de ensino do concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos nos que a actuación no ámbito educativo por parte da Xunta se ten caracterizado pola improvisación constante e a irresponsabilidade, con instrucións confusas e cambiantes, especialmente visíbeis durante a pandemia pola Covid 19, que son xa unha constante. Decisións que supoñen un sobreesforzo permanente por parte de toda a comunidade educativa por falta de medios e recursos humanos.

Neste contexto, co curso escolar 2021-2022 rematado e os centros baldeiros, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ven de comunicar a decisión de suprimir prazas en centros educativos do concello de Cambados:

-No IES Ramón Cabanillas son tres as prazas, que se suman á suprimida no curso pasado, de xeito que son catro prazas menos en dous anos, cando a redución de alumnado é mínima, de tan só dez alumn@s. Isto supón ter que facer grupos de primeiro de ESO de trinta alumn@s, poñer en risco a continuidade da biblioteca, radio, actividades de reforzo..





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No IES Francisco Asorey suprimen unha praza, o que deixa o cadro de profesorado ao límite, co que pode levar á imposibilidade de ofertar optativas, o que supón que a optatividade real só sexa posíbel nos centros grandes das cidades.

- No Escola Infantil A Pastora suprimen unha praza.

- No CEIP Antonio Magariños tamén suprimen outra.

De seguir adiante a Xunta co anunciado, os centros educativos do concello de Cambados perderán para o vindeiro curso seis prazas de profesorado.

Esta decisión ten moi graves consecuencias tanto para o alumnado como para o profesorado; non permite unha atención educativa de calidade, dificulta moito a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, a diversificación curricular, ao quedar en función de que se poida cubrir co profesorado existente.

De novo os recortes nos centros de ensino público están enriba da mesa, o Partido Popular quere avanzar no camiño de seguir desmantelando o ensino público. Na vez de ir diminuindo as ratios profesor@s/alumn@s, ou cando menos manter o mesmo persoal actual, opta por poñer en risco o correcto funcionamento dos centros educativos.

O BNG considera inaceptábeis estes recortes, pois non teñen xustificación. Imposibilitan un ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade e seguen a poñerlle a alfombra vermella ao ensino privado.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para tomar a decisión de eliminar profesorado nos centros educativos de Cambados no vindeiro curso?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2022 09:41:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/07/2022 09:41:44



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A garantía da plena inclusión social das galegas e galegos é un deber de todos os poderes públicos, neste sentido, o acceso ao mercado laboral en igualdade de condicións establécese como un aspecto fundamental para acadala.

Por outra banda, o traballo de diferentes axentes sociais, como son as entidades do terceiro sector de acción social a prol da garantía da igualdade de oportunidades, é tan necesario e imprescindible como o levado a cabo polos poderes públicos.

Por ese motivo e conscientes da idoneidade da simbiose entre Administración e entidades sociais no relativo ás políticas activas de emprego, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publica cada ano unha orde de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.

O obxecto destas axudas de cooperación institucional é a contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social, a fin de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

En conclusión, esta orde de axudas é un bo exemplo de como a colaboración da Xunta coas entidades sen ánimo de lucro, contribúe ao desenvolvemento e aproveitamento do potencial económico e social da Comunidade, así como favorece a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno: A canto ascendeu o investimento de 2022 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:12:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:12:34

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/07/2022 12:12:50

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:13:01

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:13:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:13:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:13:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade establece a obriga dos Estados Partes da salvagarda e promoción do exercicio do dereito ao traballo das persoas con discapacidade, adoptando as medidas pertinentes, incluída a promulgación da lexislación oportuna.

Neste sentido, o Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle, no seu artigo 39 “Axudas á xeración de emprego das persoas con discapacidade”, o fomento do emprego das persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas que faciliten a súa inclusión laboral.

Atendendo a este deber legal xunto co compromiso de lograr unha sociedade á que todos contribuímos, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, publica cada ano unha orde de axudas para centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade a través de tres programas: programa I de axudas ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego; programa II de axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica nos centros especiais de emprego e programa III de axudas ao mantemento do custo salarial das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

A canto ascendeu o investimento en 2022 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos Centros Especiais de Emprego?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:16:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:17:06

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 12:17:20

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:17:34

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:17:48

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:18:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:18:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A economía social constitúese como un modelo económico beneficioso para a sociedade e a contorna na que se enmarca este tipo de actividades empresariais.

Proba da importancia deste sistema é a resiliencia que demostraron as entidades circunscritas a este modelo, pois destrúen arredor dun 6% menos de emprego que o resto das organizacións e os datos sitúan o peso da actividade xerada pola economía social en Galicia na contorna do 7% do PIB.

Consciente da importancia da economía social, a Xunta de Galicia está a despregar unha ambiciosa axenda a prol das entidades que a conforman a fin de garantir a súa viabilidade e potenciar os seus resultados.

Neste sentido, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no marco da Estratexia galega de economía social 2019-2021, impulsou a finais do 2021 o Bono Consolida e o programa Transforma Economía Social.

Dúas novas liñas de apoio para mellorar a competitividade e a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional mediante fórmulas de economía social.

Concretamente, o Bono Consolida ten como finalidade o afianzamento de entidades de economía social mediante tres liñas de apoio que inciden na transformación dixital, na profesionalización e desenvolvemento estratéxico e na mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns.

Por outra banda, o Bono Transforma Economía Social, impulsa a recuperación de negocios en crise ou sen opción a remuda xeracional mediante fórmulas de economía social, apoiando ás persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade destes negocios mediante a creación dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral, que lles permita manter os postos de traballo e a actividade económica.



En conclusión, é preciso continuar reforzando a Economía Social, xa que as empresas deste modelo son unha aposta segura de creación de emprego estable e de calidade, así como de vinculación co territorio.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como apoia a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á Economía Social en Galicia e que novidades presenta?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:21:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:21:48

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 12:22:04

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:22:19

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:22:31

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:22:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:22:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As empresas de inserción laboral, empregan unha fórmula que combina a viabilidade económica empresarial con metodoloxías que fan posible a inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

Polo tanto, estas iniciativas empresariais dan resposta a unha necesidade social esencial como é a inclusión sociolaboral da poboación galega ao tempo que executan unha obriga de servizo público na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sabedora da importancia destas iniciativas de economía social, a Xunta de Galicia mantén liñas de colaboración con estas empresas que, por unha banda fan posible o mantemento do seu funcionamento e por outra, favorecen a integración sociolaboral dun colectivo tan vulnerable como son as persoas en situación ou risco de exclusión social.

Neste sentido, destacan as axudas destinadas a apoiar a contratación de persoas desempregadas en situación ou en risco de exclusión social por parte das empresas de inserción laboral de Galicia.

Trátase, en concreto, dun programa destinado a financiar o custe salarial das persoas contratadas por estas empresas e a beneficiar a todas as empresas de inserción laboral rexistradas en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que orzamento destinou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a actividade das empresas de inserción laboral para promover o emprego de persoas en situación ou risco de exclusión social?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:25:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:25:42

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 12:25:56

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:26:07

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:26:18

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:26:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:26:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

Un dos piares principais da economía galega é o constituído polos traballadores e traballadoras por conta propia, que representa máis de 207.000 postos de traballo, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística e, xunto coas microempresas, supoñen o 97% do tecido produtivo de Galicia.

Trátase pois dun colectivo que, desde as administracións públicas, precisa dunha especial atención para o seu impulso e fortalecemento, tendo en conta o contexto derivado da covid-19.

En resposta a esta situación, o executivo autonómico puxo en marcha unha batería de medidas, como os sucesivos plans de rescate, co obxectivo de amortecer os efectos da pandemia entre os autónomos e autónomas de Galicia.

Tamén outras iniciativas como o Programa de Mentoring, promovido pola Xunta de Galicia en cooperación coa Fundación Ronsel, que persegue a redución dos riscos das persoas traballadoras autónomas na súa actividade profesional, proporcionando ferramentas que permitan a transformación e adaptación dos seus negocios ás necesidades do mercado e ao marco de pandemia no que nos atopamos.

Trátase dun proxecto que se demostrou eficaz na súa anterior edición e que permitiu incorporar, por primeira vez, a titorización entre as políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas.

O Programa de Mentoring exemplifica o esencial do acompañamento aos nosos autónomos na consolidación e pulo dos seus negocios e proxectos, representando o compromiso do goberno galego co traballo autónomo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance da primeira edición do Programa de Mentoring de apoio ao emprego das persoas autónomas?



Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:28:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:29:13

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 12:29:30

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:29:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:29:54

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:30:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:30:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Dentro desta normativa o artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico sinalando que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión de biomásas das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2.

Nese marco, a Consellería de Medio Rural ofrece ás entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa contra incendios financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma e para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con Fondos Feader.

Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planifícanse a través dun único programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local, programa que é revisado polo Distrito Forestal o que pertenza o Concello.

As entidades locais a súa vez, comprométese a dispor de brigadas compostas de 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable ou coordinador do funcionamento das mesmas as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal que pertenza a entidade local.



Sendo gastos subvencionables nas accións de vixilancia e extinción, pola Xunta de Galicia, os custes salariais, os recoñecementos médicos e probas de esforzo previas a contratación, e os cursos de formación impartidos con anterioridade ao inicio dos traballos da brigada. Cursos que poderían ser impartidos polos centros de formación da Xunta de Galicia.

O grupo de expertos de apoio a Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais no documento elaborado en xullo do ano 2019 propuña reformular o modelo municipal de brigadas, co fin de que as mesmas se dedicaran principalmente a prevención, a presentación dun novo modelo de convenio con condicións máis atractivas e períodos de traballo mais longos. Reformulación que non se ten levado a cabo polo Goberno galego.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista tamén ten advertido á Consellería sobre a falla de dispoñibilidade de xefes de brigada, polo que en moitos casos os concellos non foron quen de constituílas e noutros que se constituíron quedaron inoperativas por baixas ocasionadas nesta categoría profesional. Esta é unha problemática que tampouco está a ser solucionada polo Goberno galego.

A maior abundancia os convenios de colaboración subscritos dende o ano 2016 o 2020 foron dotados polo Goberno galego, en concreto pola Consellería de Medio Rural, coa mesma contía económica tódolos anos, obviando a subida do SMI que se produciu dende o ano 2018 ata 2022, e provoca a imposibilidade de que a dotación orzamentaria cubra o custe das nóminas e abono de cotas á Seguridade Social das persoas traballadoras contratadas. Facer constar ademais que a Consellería arrastra anualmente un retraso inxustificado na transferencia das cantidades conveniadas.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que o modelo que sigue a Consellería de Medio Rural non é axustado á realidade dos incendios, que necesita a creación dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado para facer fronte ás circunstancias que a consecuencia do abandono que sofre o rural galego así como as condicións meteorolóxicas que acompañan o cambio climático que estamos a sufrir.



Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego reformular o modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios entre Xunta de Galicia e as entidades locais, conforme indicaba o grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:28:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/07/2022 11:29:22

Martín Seco García na data 27/07/2022 11:29:53



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia propia da nosa comunidade, a promoción do emprego.

Con este obxectivo, a Xunta de Galicia leva anos traballando para mellorar as condicións de empregabilidade das galegas e dos galegos, ao tempo que segue a impulsar medidas para fortalecer a súa inclusión social e laboral, especialmente entre aqueles colectivos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión social.

Para facer máis efectivo este mandato legal, o Goberno galego traballa cóbado con cóbado coas entidades locais a fin de ofrecer un apoio laboral de proximidade, especialmente para as persoas desempregadas.

Ao abeiro desta premisa, a Xunta de Galicia promove convocatorias periódicas de distintos programas para fomentar a contratación nos concellos galegos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

A canto ascende o investimento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:47:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:47:48

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 12:48:07

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:48:17

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:48:29

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:48:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:48:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A promoción das condicións favorables para o progreso social e económico, así como a realización dunha política orientada ao pleno emprego, deben marcar a axenda dos poderes públicos, tal e como establece o artigo 40.1 da Constitución Española.

En consecuencia, e no marco das súas competencias, a Xunta de Galicia está a seguir unha folia de ruta que persegue a plena inclusión laboral de todas as galegas e galegos, con medidas específicas para aqueles colectivos como mulleres, persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social ou persoas mozas, todos eles colectivos que aínda se atopan con maiores trabas á hora de acceder ao mercado de traballo.

Galicia precisa contar con todos os seus activos para seguir medrando nas mellores condicións.

Así están en marcha, por exemplo, iniciativas como o programa Galicia Emprega, de apoio a formación e contratación de persoas pertencentes aos anteditos colectivos; os obradoiros de emprego, para persoas mozas; o programa Emega, para mulleres emprendedoras ou as axudas á creación e mantemento de emprego en empresas de inserción laboral e en centros especiais de emprego, para persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Non obstante, tendo en conta a situación socioeconómica actual e as súas consecuencias directas no mercado de traballo, e á fin de dar resposta a quen atopa maiores dificultades, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade artellou un marco de actuación integral para impulsar e mellorar a inclusión laboral das galegas e galegos que máis o precisan a través do Plan Emprega Muller, do Plan Emprega Xuventude e do Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións concretas compoñen os Plans Emprega da Consellería de Emprego e Igualdade?



Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:55:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:55:53

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 12:56:09

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 12:56:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 12:56:32

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 12:56:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 12:56:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

O impulso do emprego inclusivo debe constituír unha prioridade para calquera goberno democrático que teña como principio reitor a consecución e garantía da verdadeira igualdade de oportunidades de todos os seus cidadáns e cidadás.

Neste sentido, instrumentos normativos como a Constitución Española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, entre outros, establecen o deber dos poderes públicos de garantir que o exercicio dos seus dereitos sexa pleno e efectivo, tamén os relativos ao ámbito laboral.

Este obxectivo cobra aínda máis importancia si se teñen en conta os resultados de enquisas como “O Emprego das Persoas con Discapacidade 2020” ou a “Enquisa de Poboación Activa”, elaboradas polo Instituto Nacional de Estatística, que poñen de manifesto a persistencia de diferencias no acceso e permanencia no mercado de traballo por colectivos determinados de persoas, como son as persoas con discapacidade.

Por ese motivo, e dentro das súas competencias, a Xunta de Galicia, ademais de poñer en marcha medidas de actuación ordinarias para o acompañamento da poboación activa, tamén dispón de apoios específicos para a mellora da empregabilidade daquelas persoas cuxa inclusión laboral supón máis dificultades como é o caso das persoas con discapacidade e/ou daquelas en situación ou risco de exclusión social.

Neste sentido, destacan iniciativas como o programa Galicia Emprega que desde hai anos establece unha liña de apoio exclusiva para favorecer a contratación destes colectivos.

Sen embargo, tendo en conta a situación socioeconómica actual e as súas consecuencias, os avances sociolaborais que aínda temos por diante, e sendo consciente da necesidade e importancia de seguir derribando barreiras, neste senso, a Consellería de Emprego e Igualdade artellou un marco de actuación integral que engloba as actuacións de fomento e mellora da cualificación profesional e



empregabilidade das persoas con discapacidade e/ou en situación ou risco de exclusión social a través do Plan Emprega Colectivos Vulnerables.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os obxectivos e actuacións concretas do Plan Emprega Discapacidade Exclusión Social?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 12:59:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 12:59:48

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/07/2022 13:00:05

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 13:00:16

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 13:00:30

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 13:00:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 13:00:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

O traballo é un dereito básico, tal e como recoñece a Constitución Española no seu artigo 35 e, polo tanto, precisa da actuación dos poderes públicos para a súa promoción, protección e garantía.

Este compromiso faise aínda máis necesario nun contexto como actual, no que a covid19 está a causar un gran impacto no mercado de traballo do conxunto do Estado.

Aínda hai galegos e galegas en situación de desemprego. Por ese motivo, é fundamental investir na súa formación xa que esta é unha peza clave que reverte directamente no incremento das súas oportunidades laborais.

Neste sentido, desatacan os programas de axudas e subvencións que a Xunta de Galicia convoca a longo do ano, a fin de promover actividades formativas orientadas á formación profesional e á adquisición de coñecementos e competencias no ámbito laboral.

Deste xeito, o Executivo galego adiántanse ás necesidades detectadas polos servicios públicos de emprego e ás demandas do mercado laboral.

Asemade, tamén parece idóneo que as medidas formativas que se poñan en marcha, teñan en conta o contexto actual, fortalecendo a súa flexibilidade para facilitar o desenvolvemento dos cursos nun escenario de pandemia a través de recursos como a teleformación e a aula virtual que garanten a continuidade da formación en circunstancias tan cambiantes e estritas como as actuais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a axenda da Xunta de Galicia a prol da formación para o emprego?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 13:05:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 13:05:58

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/07/2022 13:06:15

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 13:06:26

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 13:06:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 13:06:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 13:07:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

Galicia dispón dunha ampla rede de técnicos de emprego que está especializada no impulso de novas actividades económicas no ámbito local e rural.

O Goberno galego está a potenciar o papel desta rede, financiando a contratación dos axentes, a través dunha convocatoria de axudas de carácter anual.

Este persoal xoga un cometido fundamental como motor do emprendemento e a creación de emprego, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas. En concreto, os axentes de emprego prestan asesoramento para axudar a emprendedores e empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, contribuíndo, deste xeito, a fixar poboación nestes concellos, un dos principais retos do Goberno.

Entre as funcións dos axentes de emprego destacan a identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores; a difusión dos recursos e oportunidades laborais entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; o apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento; e a implantación de políticas activas de emprego.

A rede distribúese fundamentalmente en concellos e entidades sen ánimo de lucro onde estes axentes prestan os seus servizos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento desta rede de apoio ao emprego e ao emprendemento?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 13:07:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 13:07:47

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 13:08:01

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 13:08:12

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 13:08:26

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 13:08:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 13:08:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A economía social tense demostrado como un motor de crecemento económico sustentable, xerador emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio, no que as entidades que a conforman xogan un papel decisivo.

Coñecedor desta realidade, o Goberno galego leva anos traballando intensamente para situar esta forma de entender a economía no lugar que lle corresponde. Neste sentido cabe destacar a recente aprobación dunha orde de axudas co fin de consolidar a rede Eusumo e dun programa de axudas para apoiar o funcionamento das entidades máis representativas da economía social en Galicia.

A primeira medida ten como obxectivo fomentar a economía social a través de actividades formativas, divulgativas, de investigación ou de asesoramento, das entidades adheridas a rede Eusumo, que actualmente está conformada por 223 entidades (entre deputacións e concellos, cooperativas, sociedades laborais, confrarías de pescadores, empresas de inserción laboral, centros especiais de emprego, asociacións empresariais, universidades, fundacións e cámaras de comercio).

A segunda iniciativa procura un axeitado desenvolvemento das asociacións e organizacións máis destacadas da economía social, co fin de favorecer a súa consolidación, a través de apoios para financiar os gastos de funcionamento das entidades beneficiarias, dando así resposta a un dos retos da Estratexia galega de economía social 2019-2021.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións ten previsto desenvolver a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito da economía social no ano 2022?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 13:09:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 13:09:37

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/07/2022 13:09:51

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 13:10:04

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 13:10:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 13:10:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 13:10:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A base dunha política económica e social xusta debe pasar por un emprego de calidade, xa que está demostrado que non hai mellor ferramenta para unha verdadeira inclusión social que o emprego.

Por ese motivo, faise necesario impulsar políticas orientadas á promoción do emprego que favorezan a inserción no mercado de traballo.

Neste sentido, nacen actuacións como as unidades formativas para persoas desempregadas da Consellería de Emprego e Igualdade, que xa van pola quinta convocatoria.

O obxecto deste programa é a concesión de axudas para o financiamento de accións formativas para o emprego en unidades formativas nas empresas con compromiso de contratación dirixidas, prioritariamente, ás persoas traballadoras desempregadas.

Esta iniciativa, coa que se financia o cen por cen da formación, ofrece unha segunda oportunidade ás persoas que están fora do mercado laboral ao tempo que atende as demandas do tecido empresarial galego, subministrándolle traballadores cunha maior cualificación.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que accións, como as unidades formativas para persoas desempregadas, está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas traballadoras desempregadas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 26/07/2022 13:11:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2022 13:11:33

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 26/07/2022 13:11:45

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 13:11:58

María Corina Porro Martínez na data 26/07/2022 13:12:10

López Sánchez, Rosalía na data 26/07/2022 13:12:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 13:12:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os Montes Veciñais en Man Común son unha forma de copropiedade xermánica que contan cunha regulación específica que establece que son bens indivisibles, inalienable, imprescriptibles e inembargables dada a súa especial natureza colectiva, dándolle así un carácter de semipúblicos, inda que sempre respectando que son bens privados.

Destacar que teñen capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e defensa dos seus dereitos, así como sobre a súa administración e disposición.

Como xa debatemos na Comisión 7.^a, o Grupo Parlamentario Socialista, entende que convén desenvolver, nesta lexislatura, unha actualización da lexislación reguladora dos MVMC (Lei 13/1989) coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual dos mesmos.

Por outra banda a recomendación nº 46 do Ditame emitido polo Parlamento indica que a Administración galega debe proceder a creación dun Consello de Comunidades de Montes Veciñais para a representación das comunidades, a defensa dos seus intereses específicos e a interlocución coa Administración, cunha composición maioritaria de representantes elixidos polas comunidades de montes, garantindo unha distribución territorial equilibrada. Este consello configuraríase como un órgano consultivo e de asesoramento da Administración forestal e debería emitir informe en cuestións que as afecten directamente, entre outras:

- Modificacións normativas que afecten os montes veciñais en man común.
- Procedementos de clasificación.
- Declaracións do estado de grave abandono ou degradación.
- Na xestión cautelar destes montes por parte da Administración.
- No proceso de cancelación ou finalización dos convenios e consorcios de repoboamento, e na configuración dos contratos temporais de xestión pública.



Así mesmo a propia Consellería de Medio Rural ten anunciado que vai a proceder a actualización da lei de MVMC.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego a proceder á creación do Consello de Comunidades de Montes Veciñais?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:30:35

Martín Seco García na data 27/07/2022 11:30:45



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) celebra o Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo o 28 de abril co fin de promover a prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en todo o mundo.

Trátase dunha campaña de sensibilización cuxo obxectivo é centrar a atención a nivel internacional sobre as novas tendencias no ámbito da seguridade e a saúde no traballo e sobre a magnitude das lesións, enfermidades e mortes relacionadas co traballo. A campaña para o 2022 céntrase na participación e o diálogo social para acadar unha cultura de seguridade e saúde positiva. O lema é "Actuar xuntos para construír unha cultura de seguridade e saúde positiva".

Coa celebración do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo a OIT promove a creación dunha cultura de prevención en materia de seguridade e saúde para os mandantes da OIT e todas as partes implicadas neste campo.

Esta organización insta a promover unha cultura preventiva de seguridade e saúde e a cumprir coas súas obrigacións e responsabilidades, co fin de prever as mortes, lesións e enfermidades relacionadas co traballo e permitir ás persoas traballadoras regresar con seguridade aos seus fogares ao final de cada día de traballo.

Nesa data os sindicatos alzan a voz en recordo e recoñecemento público de todas as persoas traballadoras falecidas ou vítimas dunha enfermidade por causas laborais. Esta data tamén serve para denunciar e poñer en evidencia que os danos derivados do traballo son evitables e que tanto as empresas como as administracións teñen grandes responsabilidades nesta materia.



Indican tamén que a seguridade no traballo ten que ser un obxectivo de primeira necesidade, e que actualmente a sinistralidade laboral, aínda dista moito dos rangos que poidan considerarse aceptables.

Por todas estas razóns este grupo parlamentario presentou anteriores iniciativas sobre esta problemática en setembro de 2021.

Segundo a Estatística de Accidentes de Traballo, resumo de principais resultados, datos Avance xaneiro-décembro 2020/2021 Galicia publicado polo ISSGA, constan rexistrados un total de 25.939 accidentes laborais con baixa en xornada laboral, un 18,3 % máis que no exercicio anterior. Deles, a maioría aconteceron durante a xornada laboral (26.402) e o resto (2.589) foron *in itinere*. E dos cales temos que lamentar o falecemento de 48 persoas en sinistros relacionados coa súa actividade laboral.

Como primeira causa de mortalidade figuran por infartos e outras patoloxías. A segunda causa foron as caídas e golpes con esmagamento contra obxectos inmóbiles. Este tipo de accidentes causaron a morte de 9 persoas traballadoras, o 18,75 % do total. Os atrapamentos e amputacións provocaron seis mortes e os golpes contra obxectos en movemento, 5. Tamén se produciron mortes por contacto cun axente cortante, por afogamento e sepultamento e por contacto coa corrente eléctrica, lume ou sustancias perigosas.

En números totais, o sector coa cifra máis numerosa volveu a ser a dos servizos, con 18 mortes, na construción faleceron 12 persoas traballadoras, na industria 10 e na agricultura, 5. No mar foron 3 as persoas falecidas.



Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:36:41

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 11:36:51

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 11:36:59



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo o Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais, na súa medida 59 recomenda recuperar o uso das queimas controladas fóra do período de máximo risco para a redución do combustible acumulado no monte.

Para tal efecto, indican que impulsaranse programas de lume controlado polos distritos forestais en colaboración coa poboación das zonas afectadas.

Ademais recoméndase regular de forma detallada as normas técnicas e funcionais para a realización de queimas agrícolas e forestais, axilizando o procedemento para autorización daquelas.

Non podemos obviar que en relación a esta actuación as Directrices para a redacción do Anteproxecto de Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, sinalan que se debe contemplar unha planificación anual de queimas prescritas a nivel de distrito forestal. Esta planificación, vencellada coa planificación preventiva anual a esa escala, debe atender a aspectos preventivos, risco de posibles lumes de alta intensidade, histórico de incendios, vulnerabilidade á erosión causada tras un incendio, dificultade de execución, superficie a tratar, finalidade de mantemento de ecosistemas, etc.

A nova lei, segundo entende este grupo parlamentario, debe mellorar a cobertura legal e apoio administrativo fronte á responsabilidade derivada de posibles escapes do lume que poidan causar dano a bens e persoas. Complementariamente, débese mellorar a formación, a dispoñibilidade de medios para esa función e a determinación das fiestras de prescrición.

Débese tamén contemplar o uso axeitado de queimas prescritas en determinados hábitats para favorecer a súa rexeneración e conservación (por exemplo matogueiras da Rede Natura) especificando claramente as características destes ecosistemas.



É necesaria a existencia dunha normativa ou instrucións técnicas específicas sobre o emprego de queimas prescritas.

Débese analizar as queimas prescritas como ferramenta preventiva na xestión do combustible. Sendo básico fomentar estratexias de xestión alternativas ás queimas como a compostaxe ou a trituración para restos forestais, agrícolas e de xardinaría.

Analizando a normativa actual sobre as queimas controladas e a actuación da Administración galega, é necesario resaltar a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia que fixa no seu artigo 35 o seguinte:

Artigo 35. Autorización de queimas controladas:

1. No caso en que sexa preciso, por razóns de idoneidade técnica, realizar o control da biomasa forestal por medio de queimas controladas, será necesaria a autorización da consellería competente en materia forestal, para o cal se terán en conta os riscos derivados da vulnerabilidade do terreo en relación coa erosión, pendente e superficie a queimar.
2. A realización de queimas controladas en terreos agrícolas e forestais e zonas de influencia forestal solo será permitida, nos termos que se establezan regulamentariamente, previa autorización expresa e coa presenza de persoal técnico autorizado para a xestión de queimas controladas e con equipos de extinción de incendios. As autorizacións a que se refire este apartado serán outorgadas pola consellería competente en materia forestal.
3. Sen acompañamento técnico adecuado, a queima controlada será considerada como lume intencionado, aos efectos da gradación da sanción que poida corresponder.
4. A realización de queimas controladas solo estará permitida fóra da época de perigo alto e cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa baixo o moderado.
5. As queimas controladas só poderán realizarse de acordo coas normas técnicas e funcionais que se definirán regulamentariamente por orde da consellería competente en materia forestal.



6. Así mesmo, en caso de que as queimas controladas se desenrolasen en terreos cualificados como espazos naturais protexidos, segundo a normativa sectorial de aplicación, será necesario o informe previo da consellería competente en materia de conservación da natureza.

E no Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do plan forestal de Galicia a 2021-2040, cara a neutralidade carbónica, no seu Eixo IV. Recursos Forestais e cadea Monte -Industria indícase:

IV.1. FOMENTO DE RECURSOS FORESTAIS NON MADEIREIROS

IV.1.1. Programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastoriles. Apoio e seguimento dos aproveitamentos promovendo as rozas ou recuperando as queimas controladas, sempre evitando os períodos de máximo risco de incendio.

En relación o anteriormente exposto existe para este grupo parlamentario dende o ano 2009 unha inoperatividade regulamentaria sen que a Xunta de Galicia procedera a publicación ata o momento do regulamento para a realización de queimas prescritas ou controladas.

Nin se coñecen os criterios que a Consellería de Medio Rural segue na actualidade para facer estas actuacións, pois a sociedade galega non entende como se prohiben facer queimas de restos agrícolas ou forestais, e o Goberno galego segue facendo queimas que en máis de unha ocasión se converten en incendios forestais por as condicións climáticas nas que se executan.

Sabedores de que na primavera é a época de reprodución de moitas especies de fauna non se explica como se fan as referidas queimas en zonas cualificadas como espazos naturais protexidos.

Tampouco se coñecen as limitacións establecidas por esta Consellería como pode ser no caso dos aguiluchos cenizos e pálidos que comezan as súas primeiras postas a mediados de abril en zonas de matogueira baixa, ambas catalogados como “vulnerables” aínda que cos seus respectivos plans de conservación abandonados nalgún caixón da Xunta de Galicia dende hai anos.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que escolle a Consellería de Medio Rural a realización de queimas controladas en zonas onde sería viable a roza por medios mecánicos?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:37:38

Martín Seco García na data 27/07/2022 11:37:47



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No mes de marzo de 2021 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba unha batería de iniciativas sobre o proxecto do parque acuático de Monterrei, sinalábamos que no ano 2016, o entón candidato do PP á Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, na presentación do seu programa en Ourense, apostaba pola creación do referido parque acuático como unha das actuacións a levar a cabo na próxima lexislatura na provincia dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa saúde a través do deporte.

Anunciaba o presidente da Xunta de Galicia, como compromisos asumibles con Ourense para o mandato 2016-2020 a construción dun gran hotel balneario na cidade e por outra banda converter o complexo de Monterrei, que se encontra no concello limítrofe de Pereiro de Aguiar, nun gran parque acuático e que estas dúas iniciativas se converterían nos dous grandes polos de atracción para a cidadanía e para o turismo.

Pero unha vez revalidada a Presidencia da Xunta de Galicia, aquela promesa electoral non acabou de arrancar e foi a entón secretaria xeral para o Deporte, Marta Miguez, a que anunciaba en agosto do 2018 que as instalacións serían remodeladas tras un estudo de viabilidade por parte dunha consultora especializada no deseño de parques acuáticos.

Daquela o Goberno galego aseguraba que barallaba “un investimento próximo aos 6 millóns de euros e unhas dimensións ao redor dos 35.000 metros cadrados”.

Case cinco anos despois do primeiro anuncio, concretamente o 22 de marzo de 2021, o presidente da Xunta de Galicia Núñez Feijóo xunto co presidente da Deputación Provincial de Ourense Manuel Baltar, participaban na inauguración da mellora das instalacións deportivas de Monterrei, no Concello de Pereiro de Aguiar e recoñecía que a Xunta de Galicia non contará ata maio co proxecto



construtivo das instalacións acuáticas prometidas, que se irán executando en fases sucesivas non concretadas. O inaugurado supón pouco máis da décima parte do gasto total duns 10 millóns de euros que Xunta de Galicia e Deputación de Ourense levan anunciando anos que investirán no Complexo de Monterrei.

Así mesmo, en 2018 en diversas iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista na Deputación Provincial de Ourense, cofinanciador ao 50 % do investimento coa Xunta de Galicia, cuestionaban a localización do parque acuático dentro do recinto deportivo de Monterrei, ao supoñer a demolición do recinto das piscinas e deportivas existentes, e a súa substitución polas novas, polas limitacións de superficie do recinto actual, ademais de denunciar a problemática no tráfico da zona que supoñería, ao non deseñarse unha ampliación para aparcamentos, ni novos accesos, e vaticinaban que os importes das entradas existentes nas piscinas de Monterrei de 2 €, aumentarían ata 12 € no futuro parque acuático, o que implicaría que os usuarios habituais do contorno, especialmente familiar, non poderían acudir de forma frecuente ás mesmas polo elevados prezos.

O Grupo Parlamentario Socialista propuxo ampliar os terreos do parque de Monterrei, co fin de situar o parque acuático nos mesmos, e evitar a desaparición das actuais piscinas, dispoñendo ademais de terreos suficientes para construír un gran aparcamento.

Desta maneira, a construción da nova zona deportiva, agora rematada, implica a demolición das anteriores, e mesmo a redución do número de pistas, por exemplo de tenis, deberá ir seguida da reforma da parte acuática do complexo, que segundo a promesa electoral deberá converterse nun parque acuático.

Así mesmo a propia Xunta de Galicia limitouse a salientar que o obxectivo é que as obras das piscinas infantil e familiar estean finalizadas en 2022, engadindo que posteriormente ata o ano 2024, desenvolveranse outras tres fases máis para levar a cabo distintas infraestruturas relacionadas co lecer.

E este grupo parlamentario preguntou en abril de 2021 ao Goberno galego en Comisión sobre o retraso na construción do parque acuático e pola previsión temporal e orzamentaria para a construción do mesmo.



Mais de un ano despois coñecemos a través dos medios de comunicación que a Xunta rescinde o contrato das obras no parque acuático de Monterrei pola súa parálise e confirma que as piscinas de Monterrei no abrirán no período estival do 2022, quedando os veciños e veciñas de Ourense sen as piscinas de maior afluencia da provincia, preto de 80.000 persoas usuarias.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal foi o motivo para construír o parque acuático sobre as instalacións (piscinas e deportivas) xa existentes no recinto de Monterrei?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:41:20

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 11:41:28

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 11:41:39

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 11:41:48

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 11:41:59

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/07/2022 11:42:09



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ou mércores 15 de xuño iniciábase un lume en Larouco, municipio pertencente a comarca de Valdeorras as 20,59 horas, concretamente na parroquia de Seadur, que segundo a Consellería do Medio rural afectaba a 120 hectáreas.

Posteriormente, no mesmo municipio o xoves 16 sobre as 07.26 horas outro incendio afectaba a parroquia de Freixido e segundo estimacións publicadas nos xornais afectaba a 140 hectáreas. Lumes que se viron avivados polas altas temperaturas e polo vento.

As chuvias que se rexistraron na noite do sábado 18 na provincia de Ourense axudaron a extinguir de maneira definitiva o incendio forestal que se penetrou tamén no parque natural de O Invernadoiro. Segundo informou a Consellería do Medio Rural, a superficie afectada foi de 5,6 hectáreas de monte na parroquia de Pradoalbar, en Vilariño de Conso. Estes tres incendios forestais súmanse aos extinguidos o 17 de xuño nos municipios ourensáns de Entrimo e Lobios. Ambos calcinaron 0,06 e 2,5 hectáreas, respectivamente, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Os dous, segundo os primeiros indicios, foron provocados por raios.

En relación os incendios acaecidos en Galicia temos que sinalar que aínda tendo os mellores profesionais do país, chegan situacións que poden desbordar ao dispositivo contra Incendios, a intencionalidade sumada ás condicións peculiares de Galicia, con ventos secantes de compoñente nordés como vento preparador de incendios, todos os veráns poñen a proba extrema os servicios de emerxencia implicados.

O cambio climático tamén ten moito que dicir, cunha infraestrutura preventiva orientada a defendernos dos incendios que propaga o vento de nordés, pero en outubro do 2017, a peor vaga desta última década, foi o vento de suroeste o que carbonizou 62.000 ha, activando a situación 2 para toda a provincia de Ourense e parte de Pontevedra, con desaloxos e confinamentos en decenas de núcleos de poboación, e que nos deixou o amargo recordo de persoas veciñas falecidas.



Tendo presente que Galicia é, dende sempre, a Comunidade máis afectada do Estado por incendios forestais tanto en porcentaxe de superficie afectada, número de incendios e tamén número de Grandes Incendios Forestais (GIF >500 ha) está máis que demostrada a necesidade dunha política activa de prevención, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e asegurar as vías de comunicación para evitar atoamentos en época estival, que é cando aumentan a poboación dos nosos concellos pola afluencia turística.

As claves para reducir os efectos dos incendios, aínda que complexas, pódense resumirse nunha serie de obxectivos concretos:

- Manter o rural habitado e vivo.
- Unha boa xestión e ordenación forestal.
- Unha política activa de prevención contra incendios.
- Un servizo de prevención contra incendios profesionalizado, único e permanente.
- Unha adecuada asunción de competencias por parte da Xunta de Galicia en materia de prevención e autodefensa.

A Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios de Galicia fala na súa exposición de motivos que a planificación preventiva debe ser un elemento estrutural fundamental deste sistema, que sigue unha serie de criterios básicos, control da biomasa en zonas estratéxicas, construción e mantemento de faixas de protección de zonas poboadas, reforzar as infraestruturas de prevención, entre outras que cita dita norma.

O servizo nos últimos anos sufriu un cambio de siglas, no que antes era SPDCIF, Servicio de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, agora esqueceuse da “Defensa Contra Incendios” e na teoría chámano de “Prevención”, falamos de na teoría, porque na práctica semella xusto ao revés.

A Consellería aproba o PLADIGA -documento de planificación preventiva- xusto antes da época de alto risco e non antes da época de traballos forestais de prevención.



A formación do persoal é unicamente destinada á extinción e cero á prevención.

Non se fai análise e estudos retrospectivos do territorio e dos grandes incendios para aprender dos erros cometidos no pasado, cando os expertos demostran que os GIF son recorrentes e cíclicos, volvendo a sorprendernos sempre nos mesmos lugares e moitas veces nas mesmas épocas.

Tendo máis dun 35 % do persoal contratado unicamente por 6 meses ao ano é inviable acadar uns obxectivos razoables e eficaces na citada “prevención”.

As accións fundamentais que realizaba o SPIF viñan sendo habitualmente o mantemento de puntos de auga e da infraestrutura de defensa e acceso aos montes conveniados, sinaladamente cortalumes e pistas forestais. O aumento incontrolado de vexetación provoca que haxa que potenciar de forma exponencial os traballos sobre o territorio, sobre todo o territorio e non só sobre os montes xestionados pola Administración, resultando necesario dispór dun SPIF permanente, único e profesional, ocupado durante todo o ano nas tarefas de control da biomasa e do establecemento das faixas de seguridade na interfaz urbano-forestal.

Ademais, a afección cada vez máis habitual ao risco da vida das persoas nos incendios forestais medrou de maneira exponencial polo aumento da masa forestal improdutiva e a acumulación continuada de combustible altamente inflamable debido ao cambio climático e ás altas temperaturas que xa se están a acadar nunha boa parte de Galicia, especialmente na meridional. Orixinándose cada vez incendios máis potentes e de moi difícil control polo operativo, que requiren dunha política activa de prevención durante todo o ano, e sobre todo dunha planificación anticipada, dun sistema de alerta temperán eficaz, e non, como sempre acaece, baixo a improvisación habitual da Consellería do Medio Rural.



Sendo a planificación, outra das materias suspensas por parte da Consellería, e crendo na necesidade dunha planificación a medio prazo con organizacións e obxectivos concretos, por iso a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a porcentaxe e o estado actual de execución dos traballos en materia de prevención de incendios forestais correspondente ao exercicio deste 2022?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Eduardo Ojea Arias

Martín Seco García

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:43:49

Eduardo Ojea Arias na data 27/07/2022 11:43:59

Martín Seco García na data 27/07/2022 11:44:06



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A silicose é unha enfermidade producida pola inhalación mantida da sílice cristalina, que estivo vinculada dende tempo atrás a minería, unha área laboral onde se conseguira frear a súa incidencia.

Mentres en Galicia a presenza desta enfermidade está relacionada coas actividades extractivas da lousa e pedra, cunha presenza mais notable nas comarcas do sur de Lugo, en Valdeorras e en Porriño.

Concretamente a comarca de Valdeorras e a zona española que ocupa o primeiro lugar en canto a volume de produción de lousa extraída, nesa comarca prodúcese arredor do 80 % de lousa galega e Galicia vén a representar o 60 % do existente no mercado nacional. Estimándose que o sector da lousa ocupa 2.400 postos directos e 10.000 inducidos.

A lousa é un sector vital e estratéxico para Valdeorras, tamén para a Provincia de Ourense, dinamizador do entorno rural e polo dinamismo que achega a outros sectores económicos .

Por outra banda, o Instituto Nacional de Silicose destacaba o crecente número de casos que se acercaban as súas instalacións situadas en Oviedo, procedentes de Galicia, en concreto nas áreas con canteiras de loseta e pedra.

Como anteriormente referimos a silicose afecta aos traballadores e traballadoras onde teñen contacto con partículas de sílice en suspensión por elo son os traballos en canteiras, graveras e areneiras onde a presenza de persoas afectadas teñen unha maior densidade, así o aseguran os sindicatos con presenza no sector e tamén estudos realizados no sector da lousa por parte do INS.

Segundo o informe “Novos casos de silicose no sector da lousa” realizado polo INS que comezaba no ano 2008 e finalizaba no ano 2018, sinalaban a evolución dos casos durante a década que abarcou o estudo, o número de persoas afectadas pasaba de 14 no 2008 a 126 no 2018.

O Instituto detectaba 126 novos casos en 2018, 92 en 2019 e 70 en 2020. Referente a este último ano, segundo os datos dos 41 traballadores en activo



diagnosticados con neumoconiosis simple, 37 proceden do sector da lousa . De eles catro presentan enfermidades intercurrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC). Outros tres traballadores deste grupo proveñen do sector de granito, desenrolan o seu labor en naves de elaboración, e un deles presenta EPOC como enfermidade intercurrente.

Dos nove traballadores en activo diagnosticados con neumoconiosis complicada, seis proceden do sector da lousa. E outro das persoas traballadoras deste grupo pertencente o sector do granito, un deles traballa nunha canteira e outro nunha nave de elaboración. A persoa traballadora restante traballa na construción.

A súa vez, 18 dos 20 pensionistas que padecen a enfermidade traballaron nas pizarreiras. Os rexistros que manexa o INS indican que a provincia de Ourense concentra o maior número de casos do Estado, moi por diante de León e Asturias.

Os sindicatos e as mutuas das empresas, proporcionan informes sobre o estado da persoa afectada pola silicose, ese traballador debe desprazarse o INS onde se avalía o seu estado.

Si ben , antes acudían o centro de referencia de Oviedo, con médicos profesionais expertos en materia de silicose, na actualidade acoden o Hospital Universitario de Asturias (HUCA) , o cal engloba na actualidade o Instituto Nacional de Silicose, unidade de referencia nacional para enfermidades respiratorias de orixe laboral.

A maior parte dos traballadores e traballadoras son remitidos a Oviedo polas xestións feitas polos sindicatos do sector de maneira gratuíta.

Ante a situación actual, na que nos encontramos en que na última década os casos de silicose se multiplicaron por dez e a enfermidade afecta cada vez a traballadores mais mozos, os empresarios e o sindicato UGT asinantes do Convenio Colectivo de Tráballo de Lousa de Galicia para os anos 2020 – 2023, publicado no DOG en data 17 de xullo de 2021, no seu artigo 46 recolle de forma textual :

“por outra banda y en relación ca silicose, as partes asinantes do presente convenio, se comprometen a instar ante as administracións pertinentes da Xunta de Galicia a creación de un centro de referencia u organismo similar de ámbito galego, para a diagnose, detección , valoración, seguimento e tratamento da silicose, para os traballadores e traballadoras do sector da lousa “

O Grupo Parlamentario Socialista recolle esta reivindicación realizada polos sindicatos e pola patronal nos últimos anos, trasladada agora o convenio colectivo



antedito, co fin de evitar os traslados das traballadoras e dos traballadores a Oviedo, con todo o coste que elo conleva, e dada a incidencia que temos na nosa comunidade autónoma, especialmente en Valdeorras e en Porriño, entendendo necesaria cando menos a creación de dúas unidades de referencia dentro da rede do Sergas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da alta incidencia de silicose na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:46:37

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 11:46:46

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 11:46:54



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na provincia de Ourense o día 30 de xaneiro de 2022, rexistrábanse varios incendios, concretamente no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xures rexistraba na tarde do domingo dous incendios forestais activos nos concellos de Entrimo e Calvos de Randín. Ambos entraron desde Portugal e a superficie arrasada ascendía a 98 hectáreas, de acordo coas estimacións recollidas no parte de incendios ofrecido pola Consellería do Medio Rural ás 18:00 horas.

O foco máis grande é o rexistrado en Entrimo, concretamente na parroquia de Venceáns, que afecta a 50 hectáreas. Para o seu control, mobilizáronse tres axentes, tres brigadas, unha motobomba e dous avións.

En Calvos de Randín, outro lume activo na parroquia de Randín leva queimadas sobre 40 hectáreas do Parque do Xures. Nel, traballaron dous axentes, unha brigada, unha motobomba e un helicóptero.

Mentres tanto, o terceiro dos incendios que afectou ao devandito parque, rexistrado na madrugada do domingo no concello de Muíños, concretamente na parroquia de Prado de Limia, quedou extinguido as 16:06 horas da tarde. Segundo a Consellería do Medio Rural, tamén entrou desde Portugal e calcinou unha superficie de oito hectáreas de monte raso.

Á parte dos que afectan o Parque Natural do Xures, permanece activo un lume no municipio ourensán de Baltar que supera as 20 hectáreas queimadas na parroquia de Abades. Para o seu control, mobilizáronse tres axentes, tres brigadas e dúas motobombas.

Ademais, está xa estabilizado desde as 17:45 horas outro incendio forestal no mesmo municipio, pero na parroquia de Vilamaior da Boulosa. Neste caso, afecta a unhas 40 hectáreas e implicou a mobilización de tres axentes, catro brigadas, unha motobomba e un helicóptero.

Finalmente, pouco antes das 18:00 horas da tarde quedou extinguido outro lume da Gudiña, na parroquia de O Tameirón, que se iniciaba en dous focos pola mañá



e que calcinou unhas 60 hectáreas -45 de monte raso e 15 de arboredo-. Neste foco, traballaron un axente, catro brigadas, unha motobomba, un helicóptero e un avión.

En relación cos recorrentes lumes que suceden no parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés a comisión de expertos sinalaba que *“deberíanse activar e mellorar os protocolos de actuación conxunta e axuda mutua con Portugal, facilitando o coñecemento e a comunicación entre os mandos intermedios, o intercambio de información e a realización de talleres onde se avalíen e analicen conxuntamente pasadas intervencións para mellorar a cooperación”*. Cooperación que tildamos hoxe en día de case inexistente.

Por outra banda, atendendo a desestacionalización dos lumes, o Grupo Parlamentario Socialista cree necesaria a prolongación da contratación anual de todo o persoal discontinuo que melloraría a prestación do servizo público, que debe focalizar gran parte dos seus esforzos na prevención e noutros labores de emerxencias no rural, apostando polo incremento do tempo da prestación do persoal de 9 meses de xeito inmediato e polo incremento paulatino do de 6 meses a 9.

En relación con esta situación de incendios na provincia de Ourense, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera necesario o Goberno galego, atendendo a desestacionalización dos lumes, a prolongación anual da contratación do persoal discontinuo do SPIF?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 11:47:42

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 11:47:52

Eduardo Ojea Arias na data 27/07/2022 11:48:04





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2022 12:08:21
Nº Rexistro: 38246
Data envío: 27/07/2022 12:08:21.221

Martín Seco García na data 27/07/2022 11:48:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Adrian Pardo López, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para o ano 2022 incrementouse nun 7,7%, ata chegar aos 18,5 millóns de euros. Un ano máis, a partida máis cuantiosa será a destinada á Campaña de Verán que se complementará con programas de lecer educativo máis alá do verán.

O pasado ano, como xa ocorreu en 2020, as circunstancias derivadas da crise sanitaria da Covid-19 facían moi necesario ofertar un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos mozos e mozas que lles permita beneficiarse, coas máximas garantías de prevención e hixiene, dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos.

Así, a oferta de 2021 comprendeu actividades que se levaron a cabo coas adaptacións necesarias en canto a limitacións de aforo máximo nas instalacións xuvenís ofertadas, reforzo das medidas hixiénico sanitarias e incremento das rateos monitor/participante para unha prestación do servizo máis eficiente e con todas as garantías.

A consellería de Política Social e Xuventude presentou o pasado 11 de maio a maior campaña de verán da historia con máis de 10.800 prazas para multitude de actividades. A campaña terá como lema “O verán que queres contar” e amplía en tres mil as prazas ofertadas o ano pasado e en mil as que había antes da pandemia.

Inclúe campamentos en 36 instalación diferentes, 45 campos de voluntariado, programas de intercambio bilateral con outras comunidades, minicampamentos en establecementos turísticos e estancias en instalacións xuvenís.

Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia da Campaña de Verán 2022 baixo o lema O verán que queres contar?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 27/07/2022 12:21:27

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 12:21:34

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 12:22:41

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 12:22:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 12:23:31

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 12:23:35

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 12:25:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 12:25:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Adrian Pardo López, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

A consellería de Política Social e Xuventude comezou a elaborar a estratexia de voluntariado a inicios deste ano e convidou a todos os axentes implicados no ámbito para que realizaran as súas achegas para que a nova follla de ruta recolla con fidelidade os retos de futuro.

A conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, presidiu a reunión do Observatorio de Acción Voluntaria na que se acordou iniciar a elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2027, que ten como finalidade recoller e amplificar o impulso solidario dos galegos. A traxectoria do voluntariado galego é ascendente, pois nos últimos anos multiplicouse por 30 o número de experiencias de voluntariado certificadas pola Xunta de Galicia.

A base das novas liñas estratéxicas será o estudo que realizou a Xunta hai uns meses sobre o perfil do voluntariado en Galicia. Este documento permite realizar un retrato fiel das entidades que dan vida a esta actividade, das súas preocupacións e as súas prioridades.

Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

1. Que previsións ten a Xunta de Galicia en relación á nova estratexia de voluntariado?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 27/07/2022 12:29:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 12:29:12

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 12:29:58

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 12:30:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 12:30:40

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 12:30:44

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 12:31:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 12:31:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A Comisión Europea reconece que, en todos os países da UE, a participación das mulleres no mercado laboral é inferior a dos homes, de feito, esta institución sinala que estas tenden a traballar menos horas, en sectores con salarios máis baixos e a ocupar postos de menor categoría que os homes, o que se traduce na existencia de diferencias laborais e salariais entre xéneros.

De feito, a nivel nacional, o peso das mulleres no total do paro rexistrado é maior ao dos homes, chegando ao 58,73%, segundo os datos publicados polo SEPE en decembro de 2021.

Pero tamén é certo que, en Galicia e para o mesmo mes, a pesar de que a cifra de mulleres desempregadas (87.841) foi a máis baixa de toda a serie histórica (maio 2005), esta segue a ser superior ca dos homes.

Por ese motivo, é imprescindible seguir traballando por unha igualdade real e efectiva, en todas as esferas da vida, incluída a laboral, e coa implicación de toda a sociedade, especialmente a dos poderes públicos.

Neste sentido, destaca o labor da Xunta de Galicia, que no ámbito das súas competencias, está a desenvolver numerosas iniciativas como o programa Emega para fomentar o emprendemento feminino e ofrecer unha oportunidade de inserción e mellora no ámbito laboral das mulleres; ou os diferentes plans estratéxicos para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que contemplan numerosas actuacións no ámbito laboral, entre outras ferramentas.

Non obstante, a pesar das medidas previstas, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, consciente da necesidade de seguir impulsando actuacións para promover a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, garantir a súa permanencia no



emprego e fomentar que as condicións profesionais melloren progresivamente ata equipararse coas dos homes, vén de anunciar o Plan Emprega Muller.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións concretas contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/07/2022 10:47:08

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 10:47:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 10:47:40

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 10:47:54

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 10:48:06

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 10:48:20

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 10:48:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 10:48:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero establece entre os seus principais eixos de actuación a necesidade de intensificar a asistencia e protección dos menores e sinala que a “protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas a súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero”.

Facendo propios os compromisos acadados no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta de Galicia artellou indemnizacións económicas dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Durante o pasado ano o Goberno autonómico concedeu indemnizacións a tres mulleres vítimas da violencia de xénero que resultaron gravemente feridas e a dous descendentes que quedaron orfos a causa desta lacra.

As contías ascenderon a 7.000 euros de indemnización e completáronse cunha asistencia integral a todos eles, no marco das medidas que a Comunidade brinda para apoiar a mulleres e aos menores na súa recuperación.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

A canto ascende a última convocatoria das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero?



Santiago de Compostela, 27 de xullo 2022

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/07/2022 10:53:48

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 10:54:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 10:54:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 10:54:34

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 10:54:46

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 10:54:59

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 10:55:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 10:55:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispoñendo no seu artigo 39 apartado 1 que “a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e máis a tentar axudalas a romper coa situación de violencia”.

Por outra banda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste sentido, a Xunta vén de publicar a convocatoria 2020-2021 das axudas periódicas de entre 200 e 800 euros mensuais coas que o Goberno autonómico apoia ás vítimas da violencia de xénero co obxecto de que gañen independencia económica dos seus agresores e consigan saír da situación de perigo.

Ademais, anunciáronse as axudas de pago único para apoiar ás vítimas con especiais dificultades para a busca de emprego e a liña destinada a garantir que as mulleres que sofren violencia de xénero e/ou os menores ou persoas dependentes delas, perciban as indemnizacións que lles corresponden polos danos ou perdas ocasionadas pola situación de violencia, decretada mediante sentenza xudicial.

Todos estes instrumentos perseguen garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero contan cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, e deste xeito poidan rachar o círculo da violencia de xénero.



Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as actuacións previstas para promover a autonomía económica das vítimas de violencia de xénero e a canto ascende seu importe?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/07/2022 10:55:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Noelia Pérez López na data 27/07/2022 10:56:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 10:56:28

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 10:56:42

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 10:56:54

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 10:57:08

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 10:57:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 10:57:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A loita contra a violencia de xénero debe marcar a folia de ruta da acción política dos diferentes poderes públicos do noso país e da nosa Comunidade.

Neste sentido destaca o firme compromiso da Xunta de Galicia demostrado coa posta en marcha de diferentes medidas de detección, prevención e acompañamento, en ámbitos como o sanitario, económico ou laboral, entre outros, todas elas, encamiñadas a erradicar esta lacra social.

Un dos eixos fundamentais desta actuación é a procura da independencia económica das vítimas, xa que esta é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero logren unha maior estabilidade persoal, social e laboral, podendo romper deste xeito co círculo da violencia.

Para impulsar á estabilidade económica destas mulleres, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ven artellando actuacións como as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas (concellos, grupos de municipios, consorcios ou mancomunidades), no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Con que medidas conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo 2022



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/07/2022 10:58:14

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 10:58:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 10:58:42

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 27/07/2022 10:58:58

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 10:59:09

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 10:59:21

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 10:59:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 10:59:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta en Pleno**.

A salvagarda dun mercado de traballo forte que teña en conta a realidade de todas as galegas e galegos é un firme compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, máis aínda se cabe no contexto actual marcado pola covid-19.

Neste sentido, destaca a adopción de numerosas iniciativas que velan polo impulso e a calidade no emprego e que dan resposta aos retos do novo escenario.

Así, chaman a atención os Plans de Rescate para persoas traballadoras autónomas, micropemes e sectores especialmente afectados polas restricións sanitarias, uns instrumentos que ofreceron unha resposta rápida e áxil a milleiros de profesionais do tecido produtivo da nosa Comunidade.

Ademais, sendo a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a responsable titular e directa da adopción de actuacións en materia laboral no marco das competencias autonómicas, tamén está a promover de xeito especial a igualdade, á fin de establecer un escenario que asegure as mesmas oportunidades sociolaborais para mulleres e homes, xogando a conciliación un papel esencial.

Pois a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, entendida como a compatibilidade do traballo remunerado co traballo doméstico, as responsabilidades familiares e persoais de cada individuo, así como a corresponsabilidade, son fundamentais para garantir unha sociedade xusta e igualitaria para todas as persoas, na que a participación no mercado laboral das mulleres e homes non dependa do seu xénero.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia defende unha contorna na que a conciliación e a corresponsabilidade estean presentes, tal e como demostran ferramentas como o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade ou ben os sucesivos Plans Estratéxicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Non obstante, e complementariamente a estes instrumentos de planificación, é preciso que a Xunta de Galicia promova axudas de carácter económico para fomentar a conciliación e corresponsabilidade das persoas traballadoras.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a folia de ruta da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para fomentar a conciliación, a corresponsabilidade e a igualdade laboral dos traballadores e traballadoras galegas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 27/07/2022 11:00:18

Noelia Pérez López na data 27/07/2022 11:00:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2022 11:00:47

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/07/2022 11:01:04

José Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2022 11:01:16

María Corina Porro Martínez na data 27/07/2022 11:01:28

López Sánchez, Rosalía na data 27/07/2022 11:01:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 27/07/2022 11:01:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais de Galicia 2010-2015, que contaba cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros, para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia, está moi lonxe de estar rematado.

Nestes anos o mesmo centrouse en grandes actuacións xudiciais coma o novo xulgado de Pontevedra ou a Cidade da Xustiza de Vigo, ambas tan necesarias e cuxas obras alongáronse tanto no tempo, e deixou de lado outras actuacións menores en edificios xudiciais, moitos dos cales presentan carencias graves.

No orzamento 2021 contempla un investimento de 285.000 € para obras menores en edificios xudiciais.

Cantidade que nos parecen moi insuficiente tendo en conta as necesidades que existen en moitos xulgados do noso país.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos nas nosas emendas parciais un aumento desta cantidade, que non foi aceptada polo Partido popular.

A finalidade deste aumento orzamentario era poder adaptar as dependencias xudiciais ás necesidades que xorden en cada un dos xulgados do noso país e que mellorarían as condicións nas que se atopan moitos deles, dando un servizo moito máis axeitado aos seus usuarios e usuarias, e aos traballadores e traballadoras da xustiza.

Entre outras necesidades, entendemos coma prioritaria a de dotar aos edificios xudiciais de salas de agarda en condicións, para que a espera poda facerse cun mínimo de comodidade e dignidade.



Ou a necesidade de dotar a estes edificios de lugares onde poidan agardar as persoas detidas ou presas que son trasladadas para asistir a xuízo, tanto por seguridade como por respecto a súa dignidade.

Do mesmo xeito, entendemos que tamén sería necesario a habilitación de prazas de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que teñen que trasladar a persoas detidas ou presas e custodialas durante toda a súa estancia no xulgado.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia, facer un informe sobre as carencias que presentan as infraestruturas xudiciais do noso país?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 12:52:50

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 12:52:57



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, aprobado o 13 de xaneiro de 2011, estableceu uns obxectivos para impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara un escenario máis sostible.

Posteriormente, coa publicación da Lei estatal 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e a posterior aprobación do Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 (PEMAR) o 6 de novembro de 2015, as comunidades autónomas tiveron que adaptar os seus plans.

Galicia no mes de decembro actualizou o seu PXRURG establecendo novos obxectivos en materia de reciclado e preparación para a reutilización, en cumprimento das obrigas comunitarias en materia de planificación recollidas na Directiva 2008/98/CE Marco de Residuos, e ampliou a vixencia do plan ata 2022.

Entre estes obxectivos atopábanse con carácter cualitativo a prevención e o reciclado e reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

E con carácter cuantitativo, antes de 2020, a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables deberá alcanzar en conxunto, como mínimo, o 50 % en peso.

Así, a partir da bolsa tipo de Galicia, a previsión das cantidades que se deberían destinar a preparación para a reutilización e reciclado en 2020 para a materia orgánica, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización tiña que ser de 245.261 toneladas.

A Plataforma Galega de Información Ambiental, Gaia, indica que no ano 2019, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización foi de 46.095 toneladas, cantidade moi lonxe dos obxectivos marcados.



Por outra banda, estableceuse tamén un esquema de desenvolvemento temporal do plan, que contemplaba 3 fases temporais (Inicio do Plan 2010-2013, Primeira Fase de Consolidación 2014-2017, e Segunda Fase de Consolidación 2018-2020), e unha Fase Final de Avaliación, que se prolongará durante os anos 2021 e 2022. Cuxos obxectivos están tamén moi lonxe de ser cumpridos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que nestes 10 anos non cumpriu os obxectivos marcados no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 12:54:15

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 12:54:24

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2022 12:54:35

Eduardo Ojea Arias na data 27/07/2022 12:54:48



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei galega 10/2003, do 26 de decembro, regula o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

Na actualidade, pasados case 18 anos, e necesario adaptar esta lei á normativa vixente a nivel europeo e estatal, en concreto ao Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, que cumpre o mandato recollido na disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa ao Convenio internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, xa que implica a consagración destes dereitos e a obriga dos poderes públicos de garantir que o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade é completo e efectivo, en de acordo co establecido no artigo 9.2 da Constitución.

Polo tanto esta lei precisa reformas para adaptala á nova normativa en extremos como:

1. Ampliación da aplicación desta lei non só ás persoas que a consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal (cans de asistencia xubilados, a vítimas de violencia de xénero) e necesidade de ampliar o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Necesidade dun desenvolvemento regulamentario que inclúa entre outros extremos:

- O relativo ao procedemento de acreditación, rexistro e identificación oficial dos cans de asistencia.
- Creación dun distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento, ou aos cans guía xa acreditados como tales.



Así mesmo e co fin de sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade de garantir accesibilidade a toda a poboación así como sobre a función que levan a cabo estes cans, dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que sería axeitado que pola Xunta de Galicia, se promocionen campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, cun maior fincapé en promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai reformar o Goberno galego a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 12:57:08

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:57:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2022 13:06:37
Nº Rexistro: 38274
Data envío: 27/07/2022 13:06:37.279

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:57:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A vertebración axeitada do territorio que asegure, cando menos, a equidade no acceso aos servizos públicos debera ser unha obriga de calquera administración de xeito que non existan discriminacións en función do lugar onde se habite.

Mais esa discriminación é o que se está a producir nalgunhas parroquias dos concellos de Outes e Muros nas que o transporte público non é compatible cos horarios dos centros de ensino de referencia de FP, ESO e Bacharelato de Noia. Isto provoca non só unha disfunción nos horarios senón tamén a imposibilidade de facer uso da Tarxeta Xente Nova por parte do alumnado, xa que as familias se viron na obriga de contratar un servizo discrecional de transporte que, lonxe da gratuidade da tarxeta, ten un custe de 54 euros por persoa.

Na actualidade, as liñas de transporte público que atravesan as parroquias de o Freixo e Cruceiro de Roo (Outes) non se corresponden cos horarios de entrada e saída dos IES Campo de San Alberto e IES Virxe do Mar de Noia. No mellor dos casos, o autobús deixaría os rapaces e rapaces nos institutos ás 7:50h (50 minutos antes da hora de entrada) e pasaría a recollelos unha hora despois da saída.

Semellante situación se produce no Concello veciño de Muros, mais neste caso aínda ten unha agravante máis xa que a liña discrecional só chega a Esteiro, polo que as familias que viven máis lonxe teñen que levar os nenos e nenas ata ese punto para poder coller o autobús.

Diante desta situación de discriminación que se produce mesmo entre familias que viven no mesmo concello, e sumándonos ás reivindicacións da veciñanza afectada, as deputadas que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a situación discriminatoria en canto a horarios e custes das liñas de transporte público que existe entre o alumnado dalgunhas parroquias dos concellos de Outes e Muros para acudir aos seus centros de ensino de referencia?





Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:21:48

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2022 12:22:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez o desastre natural, social, económico e humano derivado dos lumes acontecidos na Galiza nas últimas semanas e localizados, fundamentalmente, no sur de Lugo e no leste de Ourense evidenciaron as importantes carencias do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza. A adversidade das condicións climáticas que dificulta os labores de extinción, algo que na altura negou o Partido Popular e que agora semella recoñecer, con temperaturas superiores a 30º, ventos superiores aos 30 km/h e unha humidade inferior ao 30%, limitan a eficacia da intervención dos servizos de extinción, cuxo persoal fixo, e fai, extenuantes esforzos para a extinción dos incendios e reducir as súas consecuencias. Malia o extraordinario esforzo da cidadanía en xeral e das persoas adicadas a extinción e a atender as emerxencias, a realidade é que os lumes das últimas semanas arrasaron espazos naturais e patrimoniais de singular valor, tanto na serra do Courel, como na Comarca de Valdeorras ou no Parque Natural do Invernadoiro, no Macizo Central ourensán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da relevancia das políticas da Xunta de Galiza encamiñadas ao abandono do rural e a inexistencia de actuacións dirixidas á unha reordenación territorial, o incumprimento (a pesares do tempo transcorrido dende a súa aprobación) de parte importante da Lei 5/2007, de 7 de maio de emerxencias de Galiza, ou do Plan Territorial de Emerxencias de Galiza (Platerga), de cuxa aprobación vai xa máis de 13 anos no que algo mudaron as circunstancias e a realidade prevista no mesmo; son factores que limitan a eficacia da intervención do persoal do servizo de emerxencias e salvamento, e que en nada axudan a evitar os efectos devastadores dos lumes e as súas consecuencias naturais, económicas e sociais. Os lumes que aínda estamos a sufrir no sur de Lugo e na provincia de Ourense arrasaron case 40.000 has., entre as que se inclúen espazos protexidos e de inestimábel valor natural, vivendas e núcleos de poboación provocando a necesidade de evacuar a centenas de familias.

Xunto coa urxente necesidade de adoptar inmediatamente medidas para paliar as consecuencias polos desvadores lumes, cumpre actuar para evitar que se podan reproducir no futuro. A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades segue sen ser unha realidade, os GES non compren a súa finalidade orixinal existindo “zonas de sombra” ás que os servizos de emerxencias tarda máis de 20 ou de 30 mnt.. en chegar, existindo, asemade, importantes carencias de persoal e medios materiais para cumprir as súas funcións en condicións de seguridade, ao tempo que pervive unha grande diversidade nas condicións laborais das traballadoras, en moitos casos sen dispor da formación técnica necesaria para atender os sinistros aos que deben enfrontarse. A realidade é que a poboación galega segue carecendo dun verdadeiro sistema integral e integrado de emerxencias, de carácter público, coordinado e cun mando único operativo, con cobertura eficaz en todo o territorio e para toda a poboación, e segue a sufrir as consecuencias de tal ausencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou o Goberno Galego nesta lexislatura para dotar a poboación galega dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputadoz e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/07/2022 13:05:44

María González Albert na data 27/07/2022 13:05:49

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2022 13:05:59



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O cada vez maior abandono no que se atopa a atención primaria en Galicia déixase ver de maneira máis notoria no ámbito rural, onde a súa cidadanía dispón de centros de saúde avellentados, listas de agarda interminables e profesionais cansos que mesmo teñen que asumir especialidades sanitarias que non lles corresponden.

Un destes casos é o do concello coruñés de Ordes, que conta cun centro de saúde cun Punto de Atención Continuada (PAC) que carece dos recursos infraestruturais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades da poboación que asiste, algo inasumible como capital de comarca que é.

O centro precisa dunha reforma integral e mesmo dunha ampliación, para a que conta con espazo suficiente, ademais da dotación dun heliporto nunha parcela anexa ao centro, unha vella demanda do propio concello. En caso dunha urxencia, na actualidade o helicóptero ten que recoller as persoas doentes no campo de fútbol da vila, que deben chegar a ese punto nunha ambulancia que moitas das veces non está dispoñible.

A maiores, e como vén sucedendo nos centros de saúde de toda Galicia, a veciñanza está a soportar listas de agarda interminables, con esperas de dúas semanas mesmo para as consultas que veñen derivadas do propio PAC, algo case lóxico dado que só tres médicos están a cubrir as vacacións no centro de saúde de Ordes.

Tamén o PAC, que atende as urxencias das 23.550 persoas adscritas a ese centro dos municipios de Ordes, Frades, Mesía, Tordoia e Trazo, presenta unhas carencias de persoal continuadas no tempo, con quendas nocturnas cun só facultativo de maneira que ás veces -cando é precisa unha atención domiciliaria puntual- as urxencias quedan sen cobertura.

Noutra orde de cousas, o Grupo Municipal Socialista leva anos reclamando para o centro de saúde a implantación do servizo de radioloxía dixital, co que se lle reducirían os longos tempos de espera ás persoas doentes remitidas dende o centro de saúde ordense ao centro de referencia compostelán. Este novo servizo, programado no Goberno de Pérez Touriño pero paralizado á chegada do PP ao Goberno galego, só implicaría o equipamento e a persoa técnica que o atendese, xa que o informe podería facerse dende o CHUS.

Diante desta situación, que dá conta da mala xestión da sanidade pública pese aos esforzos dos e das profesionais sanitarios, preguntamos:



Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Ordes está a ser satisfactoria?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:22:51

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:23:06

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:23:17



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais dependente da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía resolveu en agosto de 2021 dous expedientes relativos á mina da Casalonga, un referido ao plan de restauración e o segundo acerca da titularidade da estrada que cruza a canteira. Nos dous casos, as resolucións foron favorables ás demandas da actual propietaria da mina da Casalonga, a empresa de xestión de residuos Toca y Salgado (Toysal).

En concreto, tratase das resolucións:

. Resolución de autorización da actualización do plan de restauración da concesión de explotación ‘Casalonga’ núm. 6996, situada no termo municipal de Teo, provincia da Coruña. De 11/08/2021

. Resolución pola que se declara a necesidade de ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación ‘Casalonga’ núm. 6996, no termo municipal de Teo da provincia da Coruña. De 17/08/2021

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que opina o Goberno galego das acusacións veciñais e do propio Goberno municipal de Teo de trato de favor a Toysal ao aprobar un plan de restauración que non recolle o estado actual da canteira e o inicio dunha expropiación dun viario que é de uso veciñal desde hai anos?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:24:01

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 12:24:15

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 12:24:27

Martín Seco García na data 27/07/2022 12:24:46

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2022 12:25:04



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellaría de Cultura, Educación e Universidade anunciaba este verán o inminente comezo das obras para a rehabilitación do IES de Lamas de Abade, que durarán cinco meses cun orzamento aproximado de 800.000 euros.

As obras incidirán na necesaria mellora enerxética das instalacións coa impermeabilización da fachada e a substitución da cuberta, ademais da renovación das carpinterías exteriores, das baixantes e das luminarias. Ademais, acometeranse obras de mellora da accesibilidade e outras menores como o pulido de terrazo, o cambio das tubaxes ou a instalación de novos falsos teitos.

Na presentación desas obras aos medios de comunicación, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, enmarcaba esta acción nun “novo modelo de centros escolares post-covid que baseamos na folla de ruta que é o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, coa que acadaremos espazos máis amplos e saudables, máis sustentables e mellor integrados na contorna, espazos accesibles e inclusivos e centros educativos intelixentes, deseñados para os retos tecnolóxicos de futuro, con polos creativos e adaptados para o ensino dixital e mixto”.

De acordo a esta nova estratexia, que fala de espazos amplos e saudables deseñados para os retos tecnolóxicos no futuro, atopámonos co paradoxo de que as instalacións de Formación Profesional do IES Lamas de Abade -con ciclos medios e superiores das Familias de Sanidade e de Imaxe persoal e Laboratorios e talleres de FP- son pequenas, inseguras e obsoletas, mais nada se anunciou para solucionar esta situación pese ás denuncias reiteradas da dirección e o profesorado do centro.

Sorprende que o Goberno galego reivindique a Formación Profesional como opción educativa estratéxica de cara á recuperación económica logo da crise provocada pola pandemia á vez que permite que as instalacións dos seus centros permanezan nun estado precario que dificultan un ensino de verdadeira calidade pese aos esforzos do profesorado.



A maiores, este verán coñeciamos o acordo do Real Padroado de Santiago de Compostela que achegará á cidade un importante orzamento para investimentos e que, entre outros, contempla novos usos para o antigo Hospital Psiquiátrico de Conxo, nomeadamente convertelo nun Polo de Formación Profesional Biosanitario.

Deste xeito, aproveitando que a Xunta de Galicia vai realizar obras de envergadura no IES Lamas de Abade e que nada novo se coñece sobre o futuro dos estudos de FP nese centro, parece oportuno reclamar que se inclúa a necesaria reforma dos laboratorios de FP e unha ampliación das instalacións para a mellora da calidade formativa e poder ofertar así novos itinerarios.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia o estado das instalacións e espazos de Formación Profesional no IES lamas de Abade de Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:26:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2022 12:26:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Cada 25 de novembro, o Grupo Parlamentario Socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, coa convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o PSdeG considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia, e en Galicia temos dado pasos nestes últimos tempos recoñecendo, por exemplo, a violencia vicaria ou a dixital como formas de violencia de xénero.

Pero tamén consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco lexislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade. No PSdeG desexamos unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e a trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga.

Por todo isto, as deputadas que asinan, preguntan:



Considera necesario que a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, impulse que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:33:22

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:33:36



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A definición das características que debe reunir unha unidade familiar para ser considerada familia monomarental ou monoparental correspóndelle a cada comunidade autónoma, que debe establecer os requisitos necesarios para obter esta condición.

En Galicia a Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia estableceu a condición especial desas unidades familiares como merecedoras de protección específica por parte dos poderes públicos. Mais para facer eficaces as políticas dirixidas ás familias monomarentais e monoparentais é esencial definir a súa tipoloxía e coñecer cantas existen no noso país e cal é a súa situación.

Unha ferramenta que pode ser de utilidade para tal fin é o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia, que está recollida na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e que fixaba un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para a súa elaboración.

Neste pasado mes de xullo a Xunta anunciaba que estaba ultimando xa ese decreto, para o que contaba coa colaboración da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) de Galicia, pero catro meses despois aínda nada sabemos del a pesar de que tiña que estar rematado no mes de agosto, tal e como obriga a lei.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Para cando está prevista a publicación do Decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e regulará a definición desas unidades familiares?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:34:12

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:34:29

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:34:41

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:34:55



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*, así como o artigo 14 da *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, establécese a obriga de implantar unha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o fomento desta no inclusión nas relacións sociais, culturais e artísticas.

A lexislación establece claramente o uso non sexista da linguaxe, entendendo por tal a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

Consecuencia desta normativa, dende a Xunta de Galicia se vén elaborando un informe de impacto de xénero, onde se examinan a perspectiva de xénero e á linguaxe inclusiva, no articulado das leis, con anterioridade a súa aprobación polo Parlamento de Galicia.

Isto fai que o que na actualidade, con carácter xeral non se inclúa unha linguaxe sexista na nova lexislación galega pero aínda así son múltiples os exemplos deste tipo no noso ordenamento xurídico.

Coma a normativa en vigor sobre o “Valedor” do Pobo de Galicia, que mantén tal nome incluso logo da aprobación de varias modificacións lexislativas. Denominación que contrasta co feito de que, tanto no pasado como na actualidade, tal institución estea ocupada por unha muller.

Ou as leis autonómicas que regulan a varios colexios profesionais, como a de “podólogos”, de “educadores sociais” ou de “protésicos”; ou a lei de confrarías de “pescadores”; ou, no ámbito da sanidade, a relativa a historia clínica “dos” pacientes.

Son expresión que compre modificar e substituír por outras que eviten formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea



en harmonía co principio de igualdade de sexos. Así o recolle mesmo o artigo 97 das directrices de técnica normativa aprobadas en Galicia.

Faise pois convinte tomar as medidas precisas para contribuír dende a Xunta de Galicia a instaurar unha política de igualdade, para o cal a nosa linguaxe debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva e non androcéntrica, estando libre de estereotipos sexistas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que a linguaxe utilizada no noso ordenamento xurídico galego debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica, e libre de estereotipos sexistas?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 12:58:52

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:59:01

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:59:13

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 12:59:21



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Goberno local de Noia leva anos sen aprobar o seu Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), un retraso aparentemente motivado por Augas de Galicia, que non é quen de autorizar a modificación da concesión para poder dispor dunha nova captación de auga no río Vilacoba, tal e como recoñeceu o Goberno galego en resposta á pregunta escrita 15281.

A solicitude realizada polo concello de Noia realizouse o 9 de setembro de 2020, tempo suficiente para que a Demarcación Centro de Augas de Galicia resolva o expediente.

Por iso, preguntamos:

Cando ten previsto Augas de Galicia tramitar o expediente de modificación da concesión dunha nova captación de auga no Concello de Noia, da que depende a aprobación do PXOM?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:35:41

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2022 12:35:55



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O patrimonio histórico arquitectónico, ten unha gran importancia cultural, e xoga un papel crave para entender o pasado, pois é tanxible, obxectivo e measurable, e aí radica o seu valor, por elo a súa protección es vital para toda civilización.

É fiel reflexo da historia dun lugar e por iso ten que conservarse. A da ponte de Pontesampaio en Pontevedra reúne sobradamente estes requisitos.

Esta ponte construída na Idade Media, cruza o río Verdugo, e une as parroquias de Arcade (concello de Soutomaior) e Pontesampaio (concello de Pontevedra).

Foi construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais.

Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época.

No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarenis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dioceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega



derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.

O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas, o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular e case non ten iluminación.

Ao anterior hai que sumar os danos no seu pretil que case cada ano sofre, derivado do tráfico rodado.

O propio Goberno respondía en marzo de 2016 a unha pregunta deste grupo parlamentario sobre o estado de conservación da ponte, que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “aceptable”, adxectivo que non compartimos nin de lonxe, só con ver o estado aparente desta ponte.

Dende o Grupo Socialista, creemos que a Xunta de Galicia ten a obriga de conservar o noso patrimonio histórico arquitectónico como parte da nosa cultura e da nosa historia, e neste caso non o está a facer.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Asume o Goberno galego a obriga de conservar o noso patrimonio histórico arquitectónico como parte da nosa cultura e da nosa historia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Noa Díaz Varela

Noelia Otero Lago

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 13:00:38

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:00:46

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 13:00:56



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Grupo Parlamentario Socialista pedía no mes de novembro de 2021 explicacións á Consellaría de Emprego de Igualdade acerca do irregular procedemento de organización do acto de conmemoración do XXV aniversario do programa Emega, no que as mulleres solicitantes das axudas, sen aínda saber se eran beneficiarias delas, foron convocadas a asistir por unha empresa de organización de eventos que empregaba datos de contacto que non foran facilitados loxicamente para ese fin.

Nesas mesmas chamadas telefónicas suxeríaselles que sería o mesmo día da celebración cando saberían se lles foi concedida esta axuda, polo que existiu un profundo malestar e confusión ao respecto xa que parecía que a concesión da axuda dependería da asistencia ou non ao citado acto.

Non tendo o Grupo Socialista ata agora maior pretensión en afondar nin perder máis tempo neste asunto, temos que manifestar a nosa máis absoluta estupefacción diante da resposta á pregunta 25038 recibida pola Consellaría de Emprego e Igualdade, na que non se contesta a ningunha das cinco preguntas formuladas.

Esta opacidade na información preocúpanos por canto semella que non errabamos ao formular as nosas dúbidas acerca dun irregular proceso que non debe volver producirse.

Por iso, volvemos preguntar:

Considera lexítimo o Goberno galego a utilización dos datos privados de persoas solicitantes a unha subvención pública para convidar a un acto lúdico sen que previamente se concedesen as axudas, como aconteceu co XXV aniversario do Programa Emega?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:36:41





Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:36:55

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:37:06

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:37:16



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desgraciadamente ningún espazo está libre de violencias machistas. Nin sequera un servizo público tan esencial como o de saúde, ao que acudimos con confianza buscando axuda profesional cando nos atopamos nun estado de vulnerabilidade. As violencias machistas atentan contra a xustiza e a igualdade, sendo o abuso sexual unha das súas formas máis repugnantes. E se xa de por si é intolerable, cando se produce no eido do sector público adquire unha gravidade engadida á que non podemos permanecer alleas.

Recentemente soubemos que o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Padrón vén de incoar un procedemento para investigar os supostos abusos sexuais denunciados por dúas mulleres usuarias do centro de saúde desa localidade por parte dun médico de Atención Primaria no verán de 2020.

A raíz do inicio deste procedemento coñecemos que unha das dúas denunciadas presentara unha queixa formal na Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, da que nada soubo transcorrido xa un ano e medio. Polo que parece, a Inspección do Sergas finalmente si decidiu abrir un expediente sancionador que está en trámite.

Ademais, ao anunciarse o inicio deste expediente, outras tres mulleres manifestaron a súa vontade de testificar como testemuñas pos feitos semellantes aos denunciados acontecidos algúns uns anos atrás e que foran postos en coñecemento do Sergas no seu día. De feito, unha fíxoo no ano 2019 e outra recentemente, en 2021, pero sen novas acerca da súa resolución.

Sen pretender interferir nun proceso xudicial en marcha, ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle que xa existisen queixas sobre supostos abusos sexuais por parte deste médico no ano 2019, que supostamente continuaron ata datas moi recentes, sen que nada se fixese por parte do Sergas fronte a acusacións de tal gravidade.



Por iso, preguntamos:

Tomou o Sergas algún tipo de medida inmediata cando foi coñecedor de supostos abusos sexuais contra varias pacientes por parte dun médico do centro de saúde de Padrón?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:40:26

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:40:40

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:40:50



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero a asistencia xurídica inmediata e gratuíta en todos os procedementos, tanto xudiciais como administrativos, que teñan relación coa situación de violencia, incluso para formular a denuncia.

O Real decreto-lei 141/21, de 9 de marzo aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que vén modificar o Real decreto anterior 3/2013, do 22 de febreiro, e regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/96 de 10 xaneiro, asistencia xurídica gratuíta.

Establecendo un marco de regulación e harmonización na materia sen prexuízo da posibilidade de desenvolver normativas específicas e máis restritivas nas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Así en Galicia temos desenvolvido este dereito no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, establecido por Decreto 134/2017, de 7 de decembro.

En toda a normativa anterior se regula o dereito da muller vítima de violencia de xénero, a ter asistencia xurídica e defensa con carácter gratuío independentemente da súa capacidade económica.

No artigo 30 deste regulamento autonómico establece uns requisitos complementarios para garantir a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero e de vítimas de trata de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos como son que esta a leven a cabo avogados/as especializados/as.

Tamén establece a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan regular o acceso aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.



Ase mesmo, no artigo 32 establece que a asistencia ás vítimas nos procedementos penais de violencia de xénero, a prestará o mesmo avogado/a dende que se requira dita asistencia e ata a finalización do procedemento, abarcando ademais tódolos procesos penais, civís, contencioso-administrativo e sociais, así como procedementos administrativos, que teñan causa directa o indirecta na violencia padecida.

Este mesmo dereito asistirá tamén aos causahabientes en caso de falecemento da vítima.

Dende o Grupo Socialista entendemos que estas garantías non chegan. Os datos estatísticos dinos que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas, e polo tanto dende a administración é necesario seguir incrementando estas garantías que ofrezan as mulleres vítimas unha maior seguridade e confianza no sistema xudicial.

E por iso polo que formulamos esta iniciativa, na que solicitamos que dende a Xunta de Galicia, previo acordo no Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, se establezan unha serie de medidas que van contribuír a mellorar esa protección á que a administración está obrigada, en concreto:

- Engadindo como requisito de obrigado cumprimento para os letrados que queiran acceder ou manterse na quenda especial de violencia de xénero, non ter sido condenado por sentenza firme por un delito de violencia de xénero.
- E por outra banda, engadindo á unidade de actuación letrada establecida nos casos de asistencia a vítimas de violencia, a defensa nos procedementos posteriores que estean vinculados coa condena inicial por violencia de xénero, tanto sexan de carácter penal ou de calquera ámbito, como pode ser procedemento por quebrantamentos de condena, acoso, ameazas e demais, sen que se estableza o prazo máximo dun ano.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que é necesario implementar máis medidas dende a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 13:02:24

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:02:32

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 13:02:43

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 13:02:50



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Museo de Arte Contemporánea Galega Carlos Maside do Castro de Osedo, en Sada, atópase nun preocupante estado de deterioro agardando dende hai anos pola súa declaración como ben de interese cultural pola Xunta de Galicia.

Nin os acordos parlamentarios nin as solicitudes por parte de institucións e colectivos culturais parecen ser suficientes para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoe dunha vez por todas ese expediente, cuxos trámites se iniciaron en 2018.

Diante deste inexplicable atraso, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada (A Coruña) vén de elaborar un manifesto no que denuncian “a pasividade que pon en risco o noso patrimonio cultural”, ademais do incumprimento por parte da Xunta de Galicia da Lei de patrimonio cultural.

Xunto co manifesto, esta asociación cultural recolleu miles de sinaturas de apoio, que foron presentadas no Parlamento nunha xornada na que o Grupo Parlamentario Socialista tivo a oportunidade de manter unha xuntanza con ela.

O Museo Carlos Maside, concibido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo como espazo de reivindicación dos autores e autoras das vangardas galegas que permanecían exiliados tras a Guerra Civil, alberga un dos fondos máis importantes da pintura galega contemporánea, con obras de autores como Castelao, Laxeiro, Urbano Lugrís ou Luís Seoane.

No ano 2018 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural anunciaba o inicio dos trámites para proceder á incoación da súa declaración como ben de interese cultural (BIC). Ese mesmo ano o Consello da Cultura Galega animaba a declaralo BIC canto antes e a Consellaría de Cultura completaba o inventario da colección co obxecto de frear a deterioración das obras.

Na actualidade o edificio, memoria e historia do noso país, permanece pechado salvo visitas puntuais baixo demanda, o que está a acrecentar os graves problemas de humidade que comezaron xa a afectar parte da obra depositada no museo.

Catro anos máis tarde do inicio dos trámites, non parecen existir razóns técnicas que xustifiquen o atraso na incoación dese expediente e por iso preguntamos:



Cales son as verdadeiras razóns para non incoar de inmediato o expediente BIC do Museo Carlos Maside?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:41:36

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:41:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Pleno**.

O centro sociosanitario Hestia Santa María, foi rehabilitado para este uso no ano 1999.

Ofrece servizos como recurso de hospitalización para atender a enfermos crónicos ou convalecentes que precisen unha atención especializada e personalizada, formando parte da rede sanitaria pública galega.

A atención sociosanitaria comprende o conxunto de coidados destinados a aquelas persoas enfermas, xeralmente con carácter crónico, e persoas con discapacidade que, polas súas características especiais (persoas con demencia, enfermidades neurolóxicas, maiores, persoas con enfermidades terminais avanzadas, e coidados paliativos), pódense beneficiar da actuación simultánea dos servizos sanitarios e sociais para potenciar a súa autonomía, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social.

Hai uns días a Consellería de Sanidade informou ao centro, que non poderá continuar por «deficiencias estruturais e non asistenciais».

Esta decisión obriga a recolocar con urxencia a medio centenar de doentes e a aplicar un ERTE para as 32 persoas traballadoras.

Santa María estaba en fase de renovación da autorización hospitalaria —forma parte do Sergas— e se ata o de agora se rexía por uns criterios socio sanitarios, agora tería que facelo polos hospitalarios, un cambio legal que o pon contra as cordas e lle obriga a cerrar por non poder cumprilos.

A noticia do peche do sanatorio, pillou por sorpresa a moitas familias, que estes días están pendentes de saber cal é o destino dos seus familiares, que na maioría dos casos, son grandes dependentes.

O Sergas está a levar a cabo o traslado dos doentes, sen que a día de hoxe moitos saiban onde van ir os seus familiares.



Pontevedra non conta cunha alternativa sociosanitaria polo que algúns están volvendo ao hospital de orixe, outros a centros de irmáns misioneiros, ao Hestia de La Robleda e tamén para as casas de familiares, pero hai quen non ten fogar.

As familias aínda están asimilando esta nova situación que foi de súpeto sen que puidesen ter capacidade de resposta, nunha actitude por parte do Sergas dunha total falla de sensibilidade, cara a estas persoas en situación de vulnerabilidade e os seus familiares.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego dotar Pontevedra dalgún centro sociosanitario de carácter público?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 13:04:07

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 13:04:15

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 13:04:24



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como 'Lei Ángeles Alvariño' e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Toca agora, máis de medio ano despois da súa aprobación, coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, rematado hai máis dun ano o II programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia, nada se sabe da súa avaliación (e, por tanto, eficacia) nin da terceira edición deste programa necesario e que suporía unha acción máis que sumar ao novo texto lexislativo para continuar avanzando na igualdade real no ámbito da ciencia. O único coñecido é que a Unidade Muller e Ciencia, responsable da súa posta en marcha, ten consignados este ano novamente un orzamento de 46.000 euros, unha cantidade nada significativa para o que debería ser un ambicioso programa de estímulo.



Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que accións concretas levou xa a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei 13/2021 do 20 de xullo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:43:03

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:43:15

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:43:24

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:43:35



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Xulgado de garda da Coruña, situado no soto do edificio dos xulgados de Instrución da Coruña, sitos na rúa Capitán Juan Varela, presenta numerosas deficiencias que provocan que non se cumpra nin de lonxe a garantías que a lei prevé tanto para os traballadores como para as vítimas de delitos.

Así, facendo unha enumeración destas carencias, destacamos as seguintes:

- Este xulgado carece de sala de agarda para as vítimas de delitos, no seu defecto hai na entrada uns bancos para facer a espera.
- Non existen servizos públicos, polo que os usuarios, en caso de necesidade, teñen que usar os servizos privados dos e das funcionarias.
- Non conta este xulgado con sala de vistas, tendo que celebrarse as mesmas nas salas dos xulgados de Instrución sitas na 3ª planta.
- Non conta o edificio con prazas de aparcamento para os funcionarios que prestan o servizo de garda.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia como administración competente ten que facer o investimento necesario para que este xulgado poda cumprir os requisitos mínimos para dar un tratamento de calidade e digno a tódolos/as usuarios/as, así como garantir que o espazo de traballo dos profesionais traballadores da administración de xustiza é axeitado para desempeñar a súa función.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree o Goberno da Xunta de Galicia que o Xulgado de garda da Coruña cumpre os requisitos para garantir a súa seguridade, privacidade e dignidade?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 13:15:20

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 13:15:28



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria do Sergas prevé a construción no Concello de Teo dun gran centro de saúde na Ramallosa, unha acción coa que en principio desaparecerían os equipamentos de Cacheiras e Os Tilos, unha urbanización esta segunda na que viven 2.350 persoas e que dispón desa instalación sanitaria dende o ano 1994.

Diante do peche do seu centro de saúde, a veciñanza dos Tilos comezou unha protesta para mantelo aberto tendo conta que dá cobertura a moitas persoas usuarias que se deberían desprazar ao novo centro uns 8 quilómetros nun percorrido que conta cun transporte público deficitario.

Curiosamente a esta reivindicación parece sumarse -xunto con todos os grupos municipais- tamén o popular, tanto no Concello como no Parlamento, cando foi precisamente un alcalde popular quen en 2005 cedera os terreos municipais para a construción do centro na Ramallosa e foi tamén un goberno popular na Xunta quen elaborou o Plan de infraestruturas sanitarias.

Hai que lembrar ademais que foi o Grupo Parlamentario do Partido Popular o que votou en contra da iniciativa socialista que instaba a Xunta de Galicia a “modificar o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria de maneira que a construción do novo centro de saúde de A Ramallosa non supoña o peche do centro de Os Tilos”.

Non parecen moi lóxicos estes cambios de parecer de última hora cando o proxecto inicial, plasmado nun documento oficial, parecía estar claro para o Sergas: o novo centro emprazaríase na Ramallosa e este substituiría os centros de saúde dos Tilos e Cacheiras.

Semella que estamos diante dunha nova disputa electoral coa que a veciñanza de Teo vai continuar desprovista de instalacións sanitarias de calidade debido aos vaivéns duns gobernos que non parecen ter claras agora as súas prioridades.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:



Que foi en realidade o que fixo mudar de opinión o Sergas sobre o emprazamento do futuro centro de saúde de Teo tendo en conta que o Plan de infraestruturas o emprazaba na Ramallosa e que xa supoñía o peche das instalacións dos Tilos e de Cacheiras?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:44:29

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:44:44

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:44:55



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellaría de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia está na actualidade tramitando a modificación do Plan de restauración da concesión de explotación ‘Miramontes nº 6770.1’. Esta instalación leva sendo un foco de conflito permanente coa veciñanza da zona polos múltiples impactos ambientais que xera na zona como fedores, lixiviados, contaminación de regatos, verteduras incontroladas ou tráfico intenso de camións.

Neste novo plan propónse o recheo dos ocos da explotación mineira con materiais naturais escavados e con áridos reciclados procedentes de plantas de valorización externas á explotación, así como a utilización de tecnosolos. Renúnciase dese xeito á fabricación de áridos reciclados dentro da explotación que se pretendía no anterior Plan de restauración, aínda que mantendo os outros parámetros do proxecto. Precisamente esa renuncia serve como xustificación, segundo os redactores do proxecto, para que non sexa necesario someter o dito plan a un novo procedemento de avaliación ambiental, algo que resulta alarmante.

Seguindo a liña marcada na declaración institucional aprobada no Pleno municipal de Santiago de Compostela do 19 de decembro de 2019 de ‘Rexeitamento do desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes’ na que o Concello instaba a Xunta de Galicia a extremar as garantías medioambientais no referente a Miramontes, o Grupo Municipal Socialista entende que coa lexislación autonómica vixente os plans de restauración de explotacións mineiras están servindo como unha vía para ampliar os usos desas explotacións converténdooas en vertedoiros.

Baixo a nomenclatura ‘plan de restauración’, este tipo de actuacións contribúen ao incremento dos efectos medioambientais adversos que se están a producir, neste caso concreto na zona de Grixoa, coas instalacións xa permitidas: contaminación do aire e malos cheiros, un elevado tráfico de camións pesados coa conseguinte contaminación por fumes e ruídos ademais dun elevado risco para a seguridade viaria, e potencial contaminación das augas subterráneas.

Hai que sinalar ademais que os plans de vixilancia ambiental desas instalacións detectaron incumprimentos na explotación e na planta de tecnosolos que derivaron na incoación de procedementos sancionadores por parte da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



Recentemente e por iniciativa do Grupo Socialista, o Pleno do Concello de Santiago acordou por maioría instar o Goberno galego a non permitir a instalación dun novo vertedoiro en Miramontes aprobando a modificación do Plan de restauración sen que exista un informe de impacto ambiental favorable.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Está disposto o Goberno galego a aprobar a modificación do plan de restauración da explotación de Miramontes, en Santiago de Compostela, sen solicitar un novo informe de impacto ambiental?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:45:46

Pablo Arangüena Fernández na data 27/07/2022 12:46:01

Paloma Castro Rey na data 27/07/2022 12:46:19



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Trala consulta informativa realizada por unha empresa sobre a posible rehabilitación da antiga canteira de Niveiro con residuos non perigosos, existe unha gran preocupación no concello coruñés de Val do Dubra. A pesar de que o proxecto conta cun informe negativo do propio concello, parece que a empresa mantén o seu propósito.

Existen dúbidas e moita preocupación polas consecuencias que ese proxecto podería causar, como o excesivo tráfico pesado, o ruído e os cheiros e a afectación á calidade das augas, nuns concellos onde a agrogandeiría é a súa principal actividade.

Para a súa tramitación última son preceptivos diversos informes da Xunta de Galicia, que si podería autorizar a restauración ambiental desa vella canteira de áridos, pero convén saber de que maneira se efectuaría para non dar lugar a un vertedoiro que conta coa oposición veciñal e da corporación do concello de Val do Dubra.

Por todo isto, e facendo nosa a preocupación do grupo municipal socialista de Val do Dubra e o seu interese pola máxima transparencia con respecto a este proxecto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

En que estado se atopa o expediente de restauración da antiga canteira de Niveiro?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:47:12





Martín Seco García na data 27/07/2022 12:47:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2022 12:47:43



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. A sanidade é un deles.

O cada vez maior abandono no que se atopa a Atención Primaria en Galicia déixase ver de maneira máis notoria no ámbito rural, onde non está garantida a cobertura de profesionais, non se ofrecen moitas especialidades asistenciais e existe unha certa parálise na construción e/ou reforma de novos centros de saúde necesarios. Este abandono repercute de maneira global en todos os concellos, pois provoca a saturación dos centros de saúde de referencia, que cada vez carecen dunha maior falta de espazos e de recursos humanos.

Un destes casos é o do concello coruñés de Negreira, que conta cun centro de saúde cun Punto de Atención Continuada (PAC) que dá acubillo tanto á súa veciñanza como a dos concellos limítrofes da Baña ou Brión e que carece dos recursos suficientes para dar resposta ás necesidades da poboación que asiste, algo inasumible como capital de comarca que é.

Mais pese a esas deficiencias, fundamentalmente de espazo físico, é o Concello de Negreira quen asume todos os gastos de mantemento e conservación, o que supón un gasto aproximado de 70.000 euros, entre o persoal de limpeza, electricidade, material de limpeza e desinfección, lavandería ou o gasóleo de calefacción.

Esta falla de espazo está a provocar graves disfuncións no centro, que afectan á normal organización do traballo e á correcta asistencia das persoas doentes. Así, a traballadora social de recente incorporación tivo que ser emprazada na zona do PAC -ao igual que a matrona ou a sala de analíticas-, tendo que modificar os seus horarios para poder realizar a desinfección necesaria antes de comezar co servizo de urxencias.

Ademais, as mulleres de Negreira teñen que se trasladar ata Brión para realizaren a preparación do parto por non ter unha sala axeitada no seu concello. Máis



recentemente, houbo que declinar o ofrecemento para o centro de saúde dunha enfermeira adxunta ao servizo de pediatría por parte do Sergas por non atopar espazo onde situala.

Se a iso se lle suman salas de agarda comúns para todos os servizos da Atención Primaria, en interior e practicamente sen ventilación, resulta un centro deficitario e con nulas opcións de mellora. Esta situación levou ao Concello, xa que logo, a estudar diversas posibilidades de reempazamento de servizos e mesmo ampliacións, pero todos os informes técnicos fan inviable calquera desas operacións.

A Xunta de Galicia ten en marcha o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria, que consiste en diversas actuacións de mellora e/ou construción de novos centros de saúde en numerosos concellos galegos, pero entre eles non figura o de Negreira a pesar de que moitos dos que figuran no Plan comparten as mesmas necesidades e contan co mesmo numero de tarxetas sanitarias.

O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 incluía como obxectivo estratéxico de actuación no ámbito da saúde o reto ‘Renovar e modernizar os edificios da rede de Atención Primaria para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos e das profesionais’ orientado ao resultado de ‘Contar con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e cuns estándares de confort axeitado’. Isto tamén aparecía reflectido na Estratexia Sergas 2020, que contemplaba dentro da súa Liña Estratéxica 20 o proxecto de ‘Reforma, ampliación e modernización de centros de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia para mellorar a atención sanitaria prestada aos usuarios do sistema e ás condicións e medios de traballo dos profesionais”.

Por todo o exposto, consideramos necesaria a construción dun novo centro de saúde en Negreira que dea resposta ás novas necesidades asistenciais da súa cada vez maior poboación asistencial. Para este novo centro, o Concello cederíalle ao Sergas unha parcela municipal emprazada a carón do actual centro de saúde.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera necesario o Goberno galego a construción dun novo centro de saúde no concello de Negreira?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:48:29

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:48:45

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:48:55



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta informaba o pasado 24 de febreiro de que dende o ano 2009 destinara 1.766.170 euros en diferentes liñas de axuda para custodiar, protexer e mellorar o patrimonio documental galego nos 379 arquivos do Sistema de arquivos de Galicia, que inclúe tanto os municipais como os das universidades ou de entidades sen ánimo de lucro. Estas contas resultan nun investimento medio anual total de 135.859 euros; ou dito doutro xeito, 4.660 euros por arquivo en 13 anos.

Segundo o informado, as axudas distribuíronse nun 60 % aos arquivos da Administración local, un 30 % aos arquivos sen fin de lucro e preto do 10 % aos universitarios e foron destinadas “á mellora das instalacións e á dotación de ferramentas de xestión documental integrais que permitiron dixitalizar a súa xestión e gañar seguridade na conservación dos datos asociados aos fondos, ademais de restaurar e recuperar fondos de gran valor que estaban danados e en moi mal estado de conservación”.

Na nota de prensa emitida tras o Consello afirmábase: “Todo este apoio se enmarca no traballo da Xunta por fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia ao abeiro da Lei do patrimonio cultural de Galicia e da Lei de arquivos e documentos. Ademais das accións de protección, conservación e difusión que exerce a Xunta sobre o patrimonio da súa titularidade ou baixo a súa custodia, estanse a levar a cabo accións de fomento que benefician os fondos patrimoniais de carácter documental de arquivos e entidades alleos á Xunta, tanto públicos como privados, que forman parte do Sistema de arquivos de Galicia”.

Ao Grupo Socialista sorpréndelle esta afirmación, que pretende manifestar unha preocupación do Goberno galego nesta materia, tendo en conta o estado de precariedade no que se atopan os arquivos públicos de Galicia tanto en materia de persoal como de espazos e recursos, consecuencia da ausencia dunha política arquivística a medio e longo prazo.

Proba diso é a inexistencia do plan de arquivos ao que obriga a disposición transitoria segunda da Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia, que leva xa sete anos de atraso e do que nada se di neste informe recente. Tamén é proba desa despreocupación o voto en contra á iniciativa presentada polo Grupo Socialista en materia de arquivos nas que ademais dese plan se reclamaba a introdución da perspectiva de xénero, a convocatoria urxente de prazas de arquivistas, a creación dos arquivos centrais das



consellarías ou a inclusión nas Contas de 2022 dunha partida orzamentaria suficiente para solucionar o problema de espazos físicos.

Fronte a estas peticións o único que nos atopamos foi unha negativa e a conseguinte inacción, ademais dun pírrico orzamento anual para os arquivos de arredor de 135.000 euros. É por iso que consideramos necesario coñecer cales foron os investimentos concretos en cada un dos arquivos ao longo de todo ese período e como reverteron no funcionamento do propio arquivo.

Por todo o exposto as deputadas que asinan preguntan:

Considera suficiente o Goberno galego para a salvagarda da memoria documental de Galicia un investimento de 1.766.170 euros ao longo de 13 anos para os 379 arquivos do Sistema de arquivos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:49:40

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:49:54



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Goberno galego denegou nese curso académico 2021-2022 a numerosos institutos de ensino secundario do rural galego a posibilidade de que o alumnado poida recibir presencialmente materias como Latín, Debuxo técnico, Historia da Arte, Grego ou Francés, se non hai polo menos cinco estudantes matriculados ou matriculadas nestas materias aínda que no centro haxa profesorado dispoñible.

As materias mencionadas son optativas en bacharelato e puntúan no exame de acceso á Universidade, así que polo tanto se produce unha discriminación no acceso ao ensino superior xa que estes estudantes non poderán escoller nin as materias que máis lle conveñan nin en moitos casos tampouco poderán acceder á carreira que desexan.

A Xunta de Galicia sostén que mantén os mesmos criterios que anos anteriores sobre o mínimo de alumnado esixido para impartir unha materia e que o sistema ofrece a posibilidade de que os estudantes cursen a materia noutro centro ou por vía telemática.

Mais a realidade é que ata o de agora a Xunta permitía que os centros que o solicitasen puidesen ofrecer estas materias con carácter excepcional aínda que non se chegase ao mínimo de estudantes establecido sempre que o centro contase con profesorado con dispoñibilidade horaria. Por outra banda, non todo o estudantado ten facilidades para moverse a outros concellos nin as conexións de rede axeitadas para poder seguir unha clase en liña en óptimas condicións.

Esta situación, lamentablemente estendida por todo o noso rural, afecta tamén ao IES de Becerreá, que leva dende comezos de curso afectado pola redución da materia de francés, coa conseguinte discriminación do seu alumnado a respecto de concellos próximos. O inaudito é que o centro si dispón da profesora titular desa materia e con dispoñibilidade horaria para impartila. A maiores, o IES de Becerreá é o único de toda a comarca, co que coa eliminación desta materia se está discriminando a toda unha comarca.



Sumándonos á reivindicación de toda a comunidade educativa, que leva dende comezos de curso manifestándose por un rural digno e vivo, preguntamos:

É consciente o Goberno galego da discriminación que supón para o alumnado rural galego no acceso á educación superior non permitir impartir determinadas materias optativas en Bacharelato?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:50:30

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2022 12:50:45

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:51:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A creación de novos públicos é fundamental para a supervivencia da cultura dun país. Só se somos quen de ofrecer produtos culturais de calidade e atractivos para o público máis pequeno poderemos asegurar a súa continuidade no tempo. De aí que para o reto de deseñar políticas públicas eficaces sexa importante coñecer cales son as preferencias e a valoración que a rapazada galega e as súas familias lle dan á oferta cultural galega.

Neste senso, o Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega vén de publicar o informe *Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos* para coñecer a valoración que outorga a poboación á oferta cultural en Galicia, á oferta para menores de 16 anos e á realizada e producida en galego tamén para eses menores.

O estudo arroxa datos significativos:

- a valoración global (de 0 a 10) da oferta cultural xeral en Galicia é dun 6,15, enfocada a menores de 16 anos dun 5,56 e descende a un 5,01 cando se refire á oferta en galego.
- da oferta en galego para menores de 16 anos, o único que a maioría da poboación percibe como suficiente é a oferta de libros en lingua galega.
- os produtos e servizos en galego valorados como insuficientes son o cine, os contidos audiovisuais, os xogos e videoxogos e os espectáculos
- percíbese unha tendencia a valorar peor a oferta cultural nas áreas rurais. Canto menor é o grao de urbanización, máis escasa se ve a oferta en galego de espectáculos, cine en sala, contidos audiovisuais e xogos.

O CCG conclúe que “todos os achados do traballo apuntan a que a escasa oferta cultural en galego para a rapazada incide nun menor consumo nesta lingua”, malia que “se detecta unha demanda importante en practicamente todos os produtos analizados”.

O Consello da Cultura Galega xa sinalara en anteriores informes a escaseza de oferta de produtos e servizos en lingua galega nalgúns ámbitos da cultura, nomeadamente no espazo dixital, e aconsellaba reforzar políticas públicas destinadas a potenciar o tecido de medios de comunicación e plataformas dixitais de cultura en lingua galega.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:



Como valora o Goberno galego o informe *Oferta, demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos* do Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:51:39

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:51:52



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

O Goberno do Estado aprobou o Real decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, que contempla medidas concretas no ámbito da atención ás vítimas de trata e explotación sexual, conscientes de que o desprazamento masivo de mulleres, nenas e nenos leva aparellado un risco de trata con fins de explotación sexual, alertado por diversos organismos internacionais.

Unha destas medidas ten que ver co recoñecemento da acreditación de vítima de trata e explotación sexual, incluídas as mulleres que foxen do conflito armado en Ucraína. En concreto, o artigo 47 do Decreto establece que esa condición vai poder ser acreditada polos servizos públicos encargados da atención integral ás vítimas e ás entidades sociais debidamente recoñecidas polas administracións públicas especializadas na materia, que no caso galego é a secretaria xeral de Igualdade da Consellaría de Emprego e Igualdade.

No segundo apartado do artigo 47 explíctase que esa acreditación dará acceso aos dereitos de información e derivación a recursos asistenciais establecidos na normativa estatal e no artigo 12 do Convenio de Varsovia, e, no caso de cumprir o resto de requisitos, ao Ingreso Mínimo Vital.

O mesmo decreto de medidas urxentes promove ademais na súa disposición adicional trixésima terceira que as comunidades autónomas e as entidades locais poidan destinar os fondos de anos anteriores non comprometidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a pór en marcha todos os proxectos ou programas preventivos e asistenciais necesarios, así como calquera outro que, no contexto da crise humanitaria derivada do conflito bélico, teña como finalidade garantir a prevención, protección e a atención ás mulleres refuxiadas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan::

Ten previsto a Consellaría de Emprego e Igualdade acollerse á nova oportunidade que abre o Real decreto-lei 6/2022 para que servizos públicos ou entidades



sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:52:36

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:52:50

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:53:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A industria do libro galego constitúe o primeiro sector cultural do país, declarado estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia, e que leva unha década sufrindo multitude de problemas con descenso notables de produción e tamén dos índices de lectura en Galicia.

A crise da pandemia incidiu agravando notablemente a súa situación, tal como puxeron de manifesto no seu día a Asociación Galega de Editoras (AGE), a Federación de Librerías de Galicia (AELG) e a Asociación de Escritores e Escritoras en Linga Galega (AELG). E a maiores, a esta crise hai que lle sumar na actualidade as consecuencias da invasión de Ucraína, que está a afectar de maneira moi preocupante o prezo do papel.

O sector do libro sufriu ademais nesta última década unha forte redución das axudas e subvencións públicas nas últimas lexislaturas, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o descenso de axudas a bibliotecas públicas e a falla de apoio ás librarías, entre outros asuntos.

O último barómetro ‘Hábitos de lectura e compra de libros 2021’, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España, reflicte unha realidade preocupante nos hábitos de lectura dos galegos e galegas. O informe segue demostrando que Galicia está por baixo da media estatal na porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (64,4 % media estatal, 61,9 % en Galicia), situándose entre as últimas comunidades autónomas, de maneira que o noso país está a case 15 puntos da comunidade con maior índice de lectores.

No documento de traballo do Consello da Cultura Galega (CCG) ‘O sector do libro galego perante a crise da covid-19’ apúntase unha situación semellante: o descenso no consumo privado de libros. As familias gastan moito menos en libros non de texto que antes de 2008 e cada vez menos. Apunta tamén o informe un descenso moi importante no gasto das adquisicións en bibliotecas e na dotación dos principais programas de fomento do libro e da lectura, que sufriron grandes recortes nos últimos anos, nalgúns casos con descensos de máis do 50 %.



Por outra banda, a lei 17/2006 establece na súa disposición adicional primeira que a Xunta de Galicia deberá presentar un plan de fomento da lectura no que, ademais de reflectir obxectivos e medidas, se determine unha periodización e o orzamento necesario para o seu desenvolvemento. Mais dezaseis anos despois Galicia segue sen contar con ese plan de dinamización da lectura a pesar dos múltiples anuncios do Goberno galego neste sentido.

A mesma lei determina no seu artigo 4 a elaboración, previa audiencia dos axentes do libro ou en colaboración con eles, plans e programas de actuación ademais de investigacións e estudos sobre os diversos aspectos que rodean o libro e a lectura para poder aplicar políticas eficaces. Mais dende a súa aprobación non se realizou ningún por parte do Goberno, fóra dos estudos que realizan as entidades do sector e que semellan non ser tidos en conta pola Xunta de Galicia.

Todo o exposto evidencia o desleixo, a despreocupación e a falla de apoio do actual Goberno galego para co sector do libro, e por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego o cumprimento e desenvolvemento que está a facer da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:53:51

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:54:06



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Co gallo da celebración do Día da Familia e tras o discurso do Sr. Rueda no debate de investidura situando a familia como un dos tres eixos vertebradores do seu Goberno, a delegación galega da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) emitía un comunicado no que, entre outras cuestións, demandaba da Xunta de Galicia unha definición do modelo de familia monomarental, a creación do Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e medidas que favorezan a conciliación e a crianza.

Este modelo familiar é cada vez máis numeroso en Galicia, e en maior medida son as mulleres as que deciden ser nais sen necesidade de que exista outro proxenitor. Por iso dende o Grupo Socialista entendemos que para que non exista unha maior discriminación, as políticas do Goberno galego debe pór o foco noutros modelos familiares, que foxen dos tradicionais.

En efecto, a lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, xa recollía que as familias monomarentais e monoparentais son de “especial consideración”, e a lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, inclúe un artigo dedicado a este modelo familiar:

Artículo 40. Especial consideración das familias monoparentais.

- 1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.*
- 2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*

Mais pasado xa máis dun ano da aprobación desta lei non se materializou ese plan de apoio a estas familias e moito menos o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais Galegas, algo que puxo xa de manifesto en varias ocasións o Grupo



Parlamentario Socialista e que non atopou unha resposta satisfactoria da Consellaría de Política Social.

Con respecto ao rexistro, a Xunta aduce que están á espera da aprobación da lei estatal de diversidade familiar e así evitar “conflitos” entre a normativa estatal e autonómica. Pero, tal e como explica a MSPE, isto non foi impedimento para modificar os criterios de acceso ao certificado de familia monoparental ou monomarental.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cando pensa o Goberno galego dar cumprimento á Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:55:38

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:55:52

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:56:01

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:56:10



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Para afrontar os retos da cultura galega co horizonte en 2021, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsaba en 2019 a Estratexia da Cultura Galega (ECG), un documento traballado co sector que contiña as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia durante os vindeiros anos.

Os obxectivos xerais da ECG son:

- Fortalecer a industria cultural, para que cree máis riqueza e postos de traballo.
- Estender a produción e distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia para favorecer a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.
- Asegurar os servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos etc.
- Propiciar canles estables que favorezan unha maior colaboración entre as administracións públicas nas políticas culturais e unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.

Eses obxectivos poñen o foco en dez retos prioritarios:

- Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.
- Estimular a produción cultural (profesional e afeccionada) e a súa distribución.



- Facilitar o acceso á cultura (ampliación de públicos, inclusión social) e favorecer a participación da sociedade no seu financiamento.
- Promover a cooperación institucional e a boa gobernanza da cultura (administración autonómica, local e provincial; novas sinerxías educación-cultura; Xacobeo; medios de comunicación públicos): corresponsabilidade, coherencia, eficiencia, participación, racionalización dos recursos, vertebración do territorio.
- Consolidar o tecido industrial creativo.
- impulsar a salvagarda e a difusión do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.
- Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia (posicionamento da marca ‘Cultura de Galicia’, proxección da Cidade da Cultura, vínculos coa Galicia exterior).
- Potenciar o posicionamento da cultura galega no marco da sociedade dixital.
- Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas no ámbito da cultura.
- Continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como colaborador do emprendemento, da tecnoloxía e da programación da cultura galega.

O documento sustenta os piares básicos da ECG21 no libro, o audiovisual, as artes escénicas, a música, as artes plásticas e visuais, o patrimonio cultural e as institucións da memoria (bibliotecas, arquivos, museos e fundacións de autor). En cada un destes ámbitos propóñense numerosas medidas para “reforzar a dinamización da lectura, impulsar o libro como elemento estratéxico de mercado, favorecer a proxección exterior da industria audiovisual, crear novas canles de negocio para a música, consolidar unha oferta escénica ampla e de calidade, propiciar novos procesos de creación e de difusión das artes plásticas e visuais, así como potenciar a conservación do patrimonio cultural”.

Segundo reza o extenso documento, durante a súa execución disporase dun procedemento e dos instrumentos de seguimento que permitan determinar o grao en que os contidos se están a se desenvolver e a súa eficacia, ademais de servir



para “intervir con flexibilidade para se adaptar ás novas circunstancias que se presenten”. Para isto, asegúrase que se elaborará un informe anual, durante o seu período de vixencia, que conterá toda a información significativa sobre o avance da posta en marcha das súas previsións e que, ademais de a todos os sectores da cultura galega, será enviada ao Parlamento de Galicia.

Pasado xa o horizonte temporal para o desenvolvemento desta estratexia, de vital importancia para a industria e os axentes culturais do noso país, convén saber cal é o grao de execución en función dos indicadores expostos, a súa eficacia e a posible actualización daquelas medidas que non se desenvolvesen ata o de agora.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Cal é o grao de execución da Estratexia da Cultura Galega (ECG21), que tiña o horizonte no ano 2021?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:57:00

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:57:14



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia segue sen resolver o problema de transporte que sofren as familias con rapaces e rapazas en idade escolar de O Freixo, Cruceiro de Roo e San Cosme, no Concello de Outes, e de Tal e Esteiro do Concello de Muros, onde o transporte público non é compatible cos horarios dos centros de ensino de referencia de FP, ESO e Bacharelato de Noia.

Isto provoca a imposibilidade de facer uso da Tarxeta Xente Nova por parte do alumnado, xa que as familias se viron na obriga de contratar un servizo discrecional de transporte que, lonxe da gratuidade da tarxeta, ten un custe de 54 euros por persoa.

En resposta a esta deputada en marzo deste ano, a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade asumía a afectación a esas familias baseado nun estudo que xa foi discutido pola Valedora do Pobo por falla de obxectividade:

“O Goberno galego valora todas as peticións e suxestións que recibe relacionadas coas liñas de transporte por estrada da súa competencia, xa sexa de concellos, colectivos ou particulares, e, de feito, en moitos casos concréntanse nun reforzo de liña, na variación de traxectos ou na modificación de horarios. No caso concreto ao que se refire a pregunta, a liña Noia-Muros, tras ponderar a variación de horarios proposta, concluíuse, e así lle foi trasladado aos afectados no seu día, que, dado que se trata dun servizo de longo percorrido, o impacto da modificación solicitada era elevado e os beneficios, limitados, posto que non se lograba establecer un servizo óptimo para os alumnos afectados”.

Asumindo que o impacto da modificación solicitada pode ser elevado, non se entende non obstante que a Xunta de Galicia permaneza impasiva a un problema que é consciente que existe e que vai ter unha maior afectación no futuro polo incremento de menores en idade escolar que van precisar dese servizo de transporte. Sería desexable valorar o establecemento dunha nova liña entre Muros e Noia que dea resposta a todas as necesidades e deste xeito ademais de dar un servizo óptimo se poderían aforrar paradas da actual liña regular Santiago-Noia.



Diante dunha actitude discriminatoria por parte do Goberno galego, e asumida tamén pola propia Valedora do Pobo, non se explica que, pola contra, a Xunta moi recentemente si accedese a modificar a liña entre O Pino do Val e Noia para incluír no seu trazado A Picota e así facilitar o transporte ao alumnado de secundaria mazariacán, por suposto unha decisión que o Grupo Socialista non discute.

Do mesmo xeito, parece razoable restablecer o servizo compartido do transporte público para facilitar a mobilidade de todas as persoas do concello de Outes.

Diante desta situación de discriminación que se produce mesmo entre familias que viven no mesmo concello, e sumándonos unha vez máis ás reivindicacións da veciñanza afectada e do grupo municipal socialista de Outes as deputadas que asinan preguntan:

Ten prevista a Xunta de Galicia solucionar o problema de transporte que afecta a alumnado dos concellos de Outes e Muros?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:57:58

Patricia Otero Rodríguez na data 27/07/2022 12:58:11

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 12:58:26



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Centro Hospitalario Universitario de Ourense, diante do que semella un incremento de mulleres vítimas de submisión química, puxo en marcha a comezos deste ano o primeiro protocolo en Galicia destinado a identificar posibles casos. Dende a súa posta en marcha, este protocolo activouse seis veces nese centro hospitalario; case todas con mulleres menores de 30 anos.

A pesar de que o número de casos non é polo de agora alarmante, as persoas expertas si advirten de que se trata dun problema que vai en aumento, relacionado moitas das veces con agresións sexuais xa que unha característica común desta submisión é a amnesia anterógrada: a vítima non lembra nada a partir dun momento determinado.

As persoas expertas inciden na importancia de que as mulleres que crean que foron vítimas de submisión química o denuncien para poder activar o protocolo que determine se efectivamente foi así e poder perseguir o delito.

O Sergas anunciou que o protocolo que existe en Ourense se vai estender a todas as áreas sanitarias de Galicia previa consulta ao Observatorio Galego sobre a Violencia de Xénero. Unha vez aprobado, no Grupo Parlamentario Socialista consideramos conveniente a realización dunha campaña de información nos centros hospitalarios e de Atención Primaria sobre esta cuestión.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia o incremento de casos de submisión química a mulleres que advirte o persoal sanitario?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 12:59:10

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 12:59:24

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 12:59:34

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 12:59:45



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Secretaría Xeral de Igualdade resolveu o 11 de abril de 2022 as solicitudes de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, un procedemento de concorrencia competitiva cunha dotación total de preto de 1,4 millóns de euros.

Estes programas teñen como finalidade fomentar a igualdade de oportunidades para contribuír á redución da dobre discriminación en que se atopan as mulleres en situación de especial vulnerabilidade para dotalas dunha maior autonomía e independencia co fin de mellorar a súa situación persoal, social e laboral, polo que deberán incluír unha atención personalizada e especializada de cara á integración social e laboral das participantes, e responder a un dos seguintes tipos:

a) Programa de recursos integrais específicos para mulleres xestantes ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade, con fillas ou fillos menores de tres anos.

O programa debe incluír unha atención integral e especializada a mulleres xestantes e lactantes en situación de especial vulnerabilidade a través de accións dirixidas a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva, co fin de evitar que unha situación desexable se poida converter nun factor de exclusión.

Os programas que se presenten a esta modalidade deben conter información sobre recursos integrais específicos para elas e as súas fillas e fillos; de acompañamento social e de apoio psicolóxico para a superación de cargas emocionais provocadas pola dita situación; de adquisición de competencias e habilidades persoais e sociais, e para a mellora da empregabilidade, así como servizos ou medidas de apoio na busca ou para o mantemento do emprego.

b) Programa de recursos integrais de atención personalizada e especializada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou a varios colectivos en que conorra a dita situación.



O programa debe incluír unha atención personalizada recollida en proxectos de integración individuais en que se plasmen intervencións específicas. Debe ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, como elemento básico da atención especializada que deben recibir as mulleres en situación de vulnerabilidade pertencentes ao colectivo ou colectivos a que se dirixe, co obxecto de mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais de cara á súa integración en termos de igualdade.

Unha vez resolta esta convocatoria, e a partir dunha análise pormenorizada realizada polo Grupo Socialista, advertimos certas cuestións que non parecen responder aos obxectivos marcados e que tampouco cumpren coa legalidade vixente establecida polas leis galegas 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes e a 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, recollidas no Decreto lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Do mesmo xeito, existen asociacións pro-vida que reciben cada ano estas subvencións da Xunta de Galicia que basean os seus proxectos de acompañamento a mulleres xestantes ou a nais en situación de vulnerabilidade en argumentos antiabortistas fundamentados en estudos que en absoluto teñen base científica.

Finalmente, comprobamos como nas bases destas axudas non existe a perspectiva de xénero que si se esixe noutras iniciativas como proxectos ou proposicións de leis. Como resultado, varias das asociacións que recibiron estas axudas nin empregan a linguaxe inclusiva nin moito menos aplican unha perspectiva de xénero nin accións dirixidas á necesaria igualdade pretendida.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que todas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que reciben subvención para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade están a cumprir cos obxectivos establecidos?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:00:27

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 13:00:41

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 13:00:51

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 13:01:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 10 de xuño tivo lugar o derrubamento do escenario principal do festival O Son do Camiño, cando se estaban efectuando os labores de montaxe e preparación do evento previsto para os días 16, 17 e 18. O accidente provocou varios feridos, algúns hospitalizados e un aínda na unidade de coidados intensivos.

Por iso, as deputadas que asinan, preguntan:

Que inspeccións e medidas de control realiza a Xunta de Galicia da seguridade e condicións laborais dos eventos que patrocina baixo a fórmula do Xacobeo?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:02:24

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 13:02:38



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención sanitaria no Barbanza adoecen de falta de atención por parte da Consellaría de Sanidade, que prexudica esta comarca ao non garantir a cobertura de profesionais. Isto repercute de maneira global en todos os concellos xa que provoca a saturación dos centros de saúde máis próximos.

O Concello de Porto do Son sofre dende hai anos este abandono no seu servizo de pediatría, que funciona de maneira deficitaria ao non cubrir as baixas ou licenzas da súa única profesional. En todo ese tempo as consultas pediátricas foron ás veces atendidas de maneira telefónica e outras unhas poucas horas á semana ata que se resolveu a cobertura da praza vacante.

Mais nestes momentos, cando a pediatra non acode ao centro por causas xustificadas, a veciñanza de Porto do Son ten que ir deambulando dun centro a outro da comarca para ser atendida, moitas das veces convidada a agardar á tarde para poder acudir ao PAC de Ribeira ou desviada a outros centros de saúde nos que os e as profesionais xa se manifestaron contrarios a esta decisión pola imposibilidade de prestar atención pediátrica a máis doentes cos mesmos recursos.

Esta situación de desatención do servizo de pediatría, froito da mala xestión do Sergas, provocou numerosas mobilizacións ao longo destes últimos anos que aínda seguen sen resposta.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como pensa garantir o Goberno galego a axeitada cobertura pediátrica dos nenos e nenas do concello de Porto do Son?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:03:15

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 13:03:30





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2022 13:22:56
Nº Rexistro: 38321
Data envío: 27/07/2022 13:22:56.510

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 13:03:39

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade son problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde e que se agravan se cabe en Galicia dada a nosa dispersión poboacional e as dificultades de infraestruturas e de comunicación no rural. O fortalecemento da atención primaria é, xa que logo, unha necesidade imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación.

Mais a realidade é que nos últimos tempos estamos asistindo a un cada vez maior abandono da atención primaria, nomeadamente nos pequenos núcleos de poboación, poñendo en serio risco a atención sanitaria da veciñanza. A comarca do Barbanza non é allea a esta desatención e precarización do servizo de saúde, sendo xa moitas as advertencias que a este respecto ten realizado o grupo socialista no Parlamento galego sen apenas éxito.

Aos problemas crónicos da atención sanitaria desa comarca arrastrados dende hai anos, co peche recente de centros como os de Taragoña e Cabo de Cruz, súmase agora a ausencia do facultativo no Centro de Saúde de Palmeira (Ribeira), con máis de 1.200 persoas usuarias, xa que o Sergas non está a cubrir a tempo completo a baixa do médico que opera nese centro.

A solución dada polo Goberno autonómico é cubrir esa ausencia, que se prevé longa, cun facultativo do centro de saúde de Ribeira de maneira intermitente: algunhas horas ao día certos días á semana. Iso implica non só un grave prexuízo para as persoas usuarias senón tamén que outros servizos asociados como a enfermaría ou analíticas non se ofrezan ou se faga de maneira intermitente.

Esta situación de desprotección, desatención e abandono levou a que a propia veciñanza se organizase nun movemento de reivindicación, que conta co apoio de entidades en defensa dunha sanidade pública de calidade, así como tamén do grupo municipal socialista, que fai súas as demandas veciñais.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Vai garantir o Sergas de inmediato a cobertura total do cadro de persoal sanitario que lle corresponde ao Centro de Saúde de Palmeira?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:04:18

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 13:04:32

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 13:04:41



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os centros de día son recursos sociais dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores e/ou con dependencia, de xeito que son ademais unha valiosa ferramenta de conciliación familiar. Dadas as particularidades poboacionais e xeográficas do noso país, estes centros convértense nun recurso imprescindible en todo o noso territorio pero máis aínda en concellos pequenos do ámbito rural galego por canto presentan uns maiores índices de avellentamento e son as mulleres as que soportan a carga total dos coidados.

É o caso do concello de Touro no que, dunha poboación total de 3.516 (datos INE, 2019), o 33,7 % son maiores de 65 anos. En concreto, 657 mulleres e 530 homes que non dispoñen de ningún recurso social destas características e para o que o Grupo Socialista reclama dende hai anos o establecemento dun centro de día neste concello.

O Partido Popular, que goberna a Xunta de Galicia, incorporaba no seu programa electoral como un compromiso de goberno o “impulso da apertura de casas do maior naqueles concellos galegos que non contén cun centro de día, para lograr que o 100 % do territorio galego conte con servizos de conciliación específicos para o coidado das persoas maiores”.

En resposta a unha pregunta escrita formulada en xaneiro de 2021 por este grupo parlamentario, a Xunta volvía informar da súa intención de pór en marcha máis casas do maior por toda a xeografía galega sen especificar se Touro sería un dos concellos beneficiados. En todo caso, e á vista de que máis dun ano despois a situación segue a ser igual de deficitaria neste recurso de atención ás persoas maiores. Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego a necesidade dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:05:23

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 13:05:35

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 13:05:44



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Hospital da Barbanza leva anos sufrindo unha situación de precariedade laboral que se fai insostible e que está a afectar -e aínda o fará máis de non se atopar unha resposta inmediata- a calidade asistencial do servizo, tal e como denunciou moi recentemente o seu persoal facultativo especialista, que reclama a cobertura inmediata e axeitada das diversas incidencias laborais que se presentan neste centro, así como o correcto dimensionamento do seu cadro de persoal.

Nesa denuncia pública poñían de manifesto o déficit de persoal para gardas de presenza, localizadas e segundas localizadas, con servizos nos que o número de facultativos é inferior ao necesario para cumprir a normativa de 48 horas semanais.

Denunciaban ademais, entre outras moitas disfuncións, que persoal especialista con praza fixa ou interinos nese centro está traballando no CHUS sen que a súa vacante sexa cuberta ou que en tres anos o número de internistas do hospital pasase de 14 a 7. A respecto disto, as e os internistas advirten que a grave situación que sofre na actualidade este hospital se vai agravar no verán como consecuencia da cada vez maior falla de facultativos nos centros de saúde.

Hai que lembrar así mesmo que a falla de profesionais médicos provocou xa en maio o peche das consultas de medicina interna, sen data previsible para a súa reapertura a causa desa falla de persoal.

Diante desta situación, o Grupo Socialista entende e fai súas as demandas dos e das profesionais do hospital da Barbanza acerca dun correcto dimensionamento do seu cadro de persoal e da necesaria protocolarización da organización das horas de traballo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas.

Considera a Xunta de Galicia que o cadro de persoal do Hospital do Barbanza está correctamente dimensionado?





Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/07/2022 13:06:31

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 13:06:45

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 13:06:55



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación das infraestruturas e deseño organizativo do área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, vive unha permanente anomalía. Isto derívase de incluír, dentro do sistema público, a asistencia de máis de 130.000 cidadáns a través do centro concertado coñecido como Povisa titularidade de fondos estranxeiros de investimento internacional e de que o hospital Álvaro Cunqueiro teña vendida a metade da súa titularidade en mans tamén de fondos de investimento de orixe difuso. Durante anos, este escenario provoca unha atención desigual, xa que mentres unha parte do área sanitaria ten como referencia un hospital con media titularidade vendida a empresas privadas, aínda que con persoal público e sistema de garantías público, outra parte da poboación ten como referencia un centro integramente de titularidade privada con persoal non propio do sistema público e que non se vincula aos criterios de garantías de calidade asistencial do sistema público.

O centro Povisa, de maneira específica, supón unha alteración dos criterios de funcionamento doutras áreas sanitarias, que non asignan como centro de referencia da poboación a un hospital concertado. Neste caso, a anomalía é moito máis chamativa. Este acordo do Sergas con Povisa, renovado en diversas ocasións nos últimos anos, aporta un canon de preto de 80 millóns de euros ao ano ao centro concertado, ademais dos incrementos por servizos que se cobran de maneira extraordinaria e que elevan dos 100 millóns de euros anuais o volume de investimento que o sistema público aplica en Povisa.

En 2008 o proxecto do novo hospital de Vigo incluía un volume de construción que permitiría afrontar unha progresiva transición de toda a poboación ao actualmente denominado Hospital Álvaro Cunqueiro, por entón proxectado sen



cotitularidade privada. O proxecto foi modificado polo Goberno entrante en 2009, que con Núñez Feijoo á cabeza freou este proxecto, diminuíno e abriu a entrada de capital privado na financiación. Isto permitiu a continuidade de Povisa como centro de referencia, sen que o sistema público puidese afrontar a integración de toda a poboación en centros públicos a todos os efectos.

Durante os anos seguintes entraron en xogo as dinámicas empresariais e a sanidade do área de Vigo estivo permanentemente no mercado, pois a cotitularidade privada do HAC foi vendida como tamén o foi o centro Povisa, a última delas foi coñecida nos recentes días e farase efectiva en breves semanas. Deuse a circunstancia de que durante un tempo a cotitularidade do HAC e a titularidade plena de Povisa estivo nas mesmas mans privadas, o fondo estranxeiro Centene Group. Así, a mesma empresa que se aproveitaba do déficit de infraestruturas do área sanitaria era a mesma que podía bloquear un novo investimento nesas infraestruturas.

Na primeira sesión de outubro (2019) do Pleno do Parlamento o Goberno da Xunta de Galicia, a través do Conselleiro de Sanidade e a preguntas de distintos grupos da oposición, non esclareceu a situación xurdida despois desa venda, e tampouco promoveu ningunha nova solución para a excepcionalidade que se produce no área sanitaria de Vigo con este centro.

Coa venda coñecida nos últimos días, evidénciase novamente que a garantía sanitaria para a cidadanía do área de Vigo está a depender de movementos empresariais e non de criterios sanitarios. A Xunta de Galicia, non en tanto, evidencia a súa intención de permitir e incluso favorecer esta situación, ao non tratar de afrontar solucións que transformen a situación.

A realidade está en que hoxe non toda a poboación galega ten como centro hospitalario de referencia un centro público atendido por persoal público e co



mesmo sistema de garantías de calidade asistencial que marca o sistema público, o que debe ser resolto.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Sergas a situación de asistencia sanitaria desigual que se da no área sanitaria de Vigo mediada pola presenza de empresas privadas?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/07/2022 14:19:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/07/2022 14:19:08

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/07/2022 14:19:20

Noelia Otero Lago na data 27/07/2022 14:19:29

Marina Ortega Otero na data 27/07/2022 14:19:38



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da Covid-19 afectou de xeito moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación ou laboral.

Este mes de agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nas e nos máis mozos que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Ante esta situación, compre poñer sobre a mesa todo tipo de medidas para ofrecer ás mozas e os mozos galegos oportunidades no plano laboral, no acceso á unha vivenda digna pero ao mesmo tempo ofrecer de xeito inmediato solucións en materia de transporte. Neste contexto de crise, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova. Agora que son xa máis de 100.000 as usuarias e usuarios da mesma, e nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega, compre dar sentido ás políticas en materia de transporte público e mocidade.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta Xente Nova detallado por provincias, concellos e anos dende o seu inicio no ano 2016?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 10:00:31





Julio Torrado Quintela na data 28/07/2022 10:00:48

Marina Ortega Otero na data 28/07/2022 10:00:59



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Pleno**.

Catro de cada dez adolescentes reconece que recibe mensaxes de contido erótico ou sexual a través de redes, chats, internet ou videoxogos, mentres que polo menos un de cada dez reconece que lle teñen chegado proposicións sexuais por parte dunha persoa adulta. O uso masivo das novas tecnoloxías deriva así mesmo en episodios de ciberacoso segundo o informe realizado por Unicef España que representa ata o momento o maior estudo sobre esta temática ata a data no noso.

O responsable do estudo, o profesor de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio Rial Boubeta, advirte que estamos ante un dos grandes desafíos como sociedade da década, ou do século, porque para as nosas e nosos mozos usar a tecnoloxía é vivir.

Case o 60 % de adolescentes levan o móbil a clase todos os días e oito de cada dez están rexistrados en tres redes, pero a súa vez seis de cada dez teñen varios perfís na mesma rede social, un deles ‘branco’ para que vexan aos seus pais. Entre as conclusións máis salientables deste informe atopamos as seguintes:

- Sexting taxas realmente preocupantes: o 8% manifesta enviar fotos ou vídeos persoais de carácter erótico ou sexual (sexting activo) e máis do triplo (o 26,8 %) manifesta recibilos (sexting pasivo).
- Grooming: o 57,2 % aceptou algunha vez a un descoñecido nunha rede social e o 21,5 % chegou a quedar en persoa con xente que coñeceu exclusivamente a través de Internet. Un de cada dez adolescentes recibiu unha proposición sexual por parte dunha persoa adulta na internet. Un de cada 3 (35,4 %) accedeu a webs de contido pornográfico.

A Dark Web posúe un alto grao de popularidade entre os adolescentes: o 44,4 % di saber o que é e o 4,7 % afirma mesmo acceder a esta nalgunha ocasión, maioritariamente mozos.



Cífrase nun 33 % a porcentaxe de adolescentes que estarían a desenvolver un uso problemático da internet e as redes sociais. Esta porcentaxe é maior entre as mozas e incrementábase de xeito significativo en 3.º e 4.º de ESO.

Os niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida son sempre inferiores entre as e os adolescentes que presentan un uso problemático da internet. A taxa de depresión é máis do triplo. Os niveis de benestar emocional, integración social e satisfacción coa vida, son inferiores entre quen presenta unha posible adicción aos videoxogos. A taxa de depresión grave é case o triplo.

Á vista dos resultados do informe, a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso debe ser unha prioridade, debido a que se detectaron taxas de vitimización sensiblemente máis altas que as que ofrecen as estatísticas oficiais. É necesario tamén tomar medidas para reducir as preocupantes cifras de sexting, contacto con descoñecidos ou posibles casos de grooming, así como abordar o uso problemático das redes sociais e posibles adicións a videoxogos.

Gobernos, familias, institucións, mestras e mestres, empresas e a sociedade en xeral temos diante de nós a responsabilidade de fomentar unha boa hixiene dixital.

Actualmente un gran número de soportes tecnolóxicos convertéronse en imprescindibles para os e as adolescentes, pero se hai unha ferramenta que destaca sobre as demais, esa é Internet, xa que tanto desde un soporte informático como desde a telefonía móbil ten unha presenza cada vez máis alta en todos os ámbitos da nosa sociedade.

Internet posúe unha infinidade de posibilidades pero do mesmo xeito unha serie de riscos, xa que aínda que é certo que pode ser unha gran ferramenta de comunicación e información, tamén é certo que constitúe un espazo no que un uso inadecuado pode dar pé a manifestacións de violencia.

Requírese por tanto unha maior formación e información tanto desde os centros educativos como desde os pais e nais, non nas cuestións puramente tecnolóxicas, senón naqueles espazos educativos que poidan garantir unha boa interacción entre os/ as usuarios/ as e Internet. Como dicíamos as posibilidades que ofrece a rede son moitas e é necesario adquirir aprendizaxes que garantan un desenvolvemento ético-moral que permita utilizalas de forma adecuada.



A violencia existiu desde sempre pero as manifestacións e canles para levala a cabo cambiaron e evolucionaron co tempo. Actualmente coa existencia das TIC apareceron novas formas de violencia como, Grooming; acoso sexual a menores través da rede, Sexting, envío de imaxes (fotografías ou vídeos) con contido sexual por medio do móbil, a pornografía infantil, delitos informáticos, fraudes, seitas, cyberbullying (acoso entre iguais na rede).

Neste contexto, en Galicia a nivel educativo contamos cun protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso ou a Guía sobre identidade dixital de 2017 elaborada por persoas expertas no marco da Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020. Tendo en conta que o uso das novas tecnoloxías aumentou de xeito exponencial en tempo e por idade de iniciación, e polo tanto estes riscos que reflicta o informe de Unicef, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos arredor do uso das novas tecnoloxías por parte da mocidade que reflicte este estudo?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 10:26:43

Noa Susana Díaz Varela na data 28/07/2022 10:26:49



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No barrio de Bouzas viven máis de 5.500 persoas que levan anos agardando pola posta en marcha do centro de saúde na vila. Este ano, as veciñas e veciños asistiron a innumerables visitas de responsables do Goberno da Xunta que un tras outro foron dando falsos prazos sobre a apertura da infraestrutura e cambiando á baixa as previsións de persoal e de cupo. Despois de moitos atrasos e incumprimentos, o conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña anunciaba que o centro de saúde estaría finalizado en abril e abriría antes deste verán. Ao mesmo tempo, Comesaña trasladaba que o centro de saúde tería tres consultas médicas con capacidade para tres facultativos pola mañá e outros tres pola tarde, cunha posibilidade de atención de 3.900 pacientes en cada quenda.

Poucos meses despois, foi a conselleira de Infraestruturas a que atrasaba as previsións e situaba cara finais de verán a apertura do centro.

Finalmente e co verán practicamente rematado, as novas que reciben dende o Sergas na Asociación Veciñal apuntan a novos atrasos e a un novo recorte no cupo e nos profesionais que atenderán o centro, situando nun único médico a previsión de apertura

Ante os reiterados anuncios incumplidos, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A que se deben os novos atrasos nas datas anunciadas de apertura do centro de saúde de Bouzas?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2022





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 10:39:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/07/2022 10:39:44

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2022 10:39:53

Marina Ortega Otero na data 28/07/2022 10:40:03



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A crise económica e social xerada pola pandemia afectou de xeito moi directo e preocupante á mocidade, entre outros nos procesos de emancipación ou laboral que xa viñan sendo preocupantes abondo.

O pasado mes de agosto, UGT-Galicia co gallo do Día da Xuventude presentaba unha radiografía do mercado laboral galego que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Case 320.000 mozas e mozos entre 15 e 34 anos vense na obriga de ter que vivir cas súas familias, son case o 67 % da poboación nesa franxa de idade. Estamos ante o dato máis alto desde que hai rexistros segundo a enquisa continúa de fogares do INE.

No contexto da Unión Europea recoméndase aos Estados membros que presten apoio político e financeiro ás organizacións xuvenís, así como aos consellos da xuventude, locais, autonómicos e nacionais, para promover o seu necesario papel na democracia. O Goberno da Xunta de Galicia no ano 2011 suprimía o Consello da Xuventude de Galicia (Conxuga), un dos entes autónomos máis antigos que existía no organigrama da Xunta de Galicia.

O Consello veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apostando por campañas de prevención e sensibilización, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as galegos en diversos espazos de participación no ámbito nacional e tamén internacional.

A vixente Lei galega 6/2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, creou o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia anunciado a bombo e prato como a nova e definitiva ferramenta para aumentar



esa participación, pero por desgraza a realidade é que pouca ou case nula actividade e contido lle teñen dado.

No DOG do 28 de maio de 2014 publícase o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia que terá os seguintes fins:

- a) *Representar a xuventude galega a través da súa condición de membro de pleno dereito no Comité Galego de Políticas de Xuventude.*
- b) *Emitir os informes que afecten a xuventude e lle sexan solicitados polo Comité Galego de Políticas de Xuventude ou polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.*
- c) *Emitir informe sobre o impacto na xuventude dos proxectos de disposicións normativas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten a mocidade.*
- d) *Analizar, con carácter permanente, a situación da xuventude en Galicia, facilitando así a toma de decisións, e especialmente as problemáticas que incidan maiormente na xuventude galega, a través do Observatorio Galego da Xuventude.*
- e) *Elevar anualmente ao Parlamento unha memoria en que se reflicta a situación da xuventude como grupo social e, ao tempo, propoñer as medidas legais que xulgue necesarias.*
- f) *Contribuír á institucionalización do movemento asociativo xuvenil de Galicia, consolidando, por un lado, o xa existente e, por outro, promovendo a creación de asociacións xuvenís de distinta natureza.*
- g) *Garantir a participación activa e dinámica da xuventude en todas as ordes da vida social, educativa, laboral, política, económica, deportiva, de lecer, de tempo libre e cultural de Galicia.*
- h) *Representar a xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España, así como noutros organismos de ámbito estatal, europeo e internacional*
- i) *Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros consellos da xuventude do Estado.*
- j) *Elevar propostas de acción á consellería competente en materia de xuventude.*
- k) *Defender os intereses da xuventude presentando ante os organismos públicos e privados correspondentes as medidas tendentes a facer efectivos os intereses que corresponden á xuventude.*

Sete anos e medios despois da súa aprobación e ante os incumprimentos e a ausencia de contido e actividade do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, as deputadas de deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:



Que informes ten elaborado o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 10:41:00

Marina Ortega Otero na data 28/07/2022 10:41:08

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2022 10:41:19



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Delegación do Goberno vén de amosar por carta á conselleira de Vivenda, Ánxeles Vázquez, a preocupación pola ausencia dos xestores de rehabilitación na Comunidade unha vez publicada no DOG a primeira convocatoria de axudas autonómicas financiadas cos fondos do Plan de Recuperación. Trátase do Plan de Rehabilitación Enerxética en edificios situados en municipios do reto demográfico, que conta con 3,8 millóns de euros dispoñibles ao que se deberán sumar estes anos novas convocatorias e para as que o Goberno xa aprobou para Galicia 230 millóns de euros.

Esta figura, que o Goberno de España creou é esencial para facilitar a xestión dos fondos, impulsar a tramitación de axudas e evitar que as importantes contías asignadas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia queden sen executar.

Neste sentido, son moitos os concellos interesados en contar con esta figura para a xestión das solicitudes e así poder axilizar os procedementos.

A posta en funcionamento desta figura, servirá para que as persoas que son donas dos inmobles coñezan as axudas dispoñibles, acelerar a tramitación e mesmo favorecer a creación de emprego vinculado a estas subvencións.

Ante a ausencia de información ao respecto e nun contexto de crise no que non se pode tolerar que queden fondos se executar como aconteceu co último Plan de



Vivenda 2018-2020 dotado con 82 millóns dos cales case a metade quedaron sen destino, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Existe por parte do Goberno galego a previsión de activar este mecanismo en Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Eduardo Ojea Arias
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 10:42:00

Eduardo Ojea Arias na data 28/07/2022 10:42:07

Patricia Otero Rodríguez na data 28/07/2022 10:42:15



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para o paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións. Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio Plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega mais, xa chegados ao ecuador do programa, na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país. Así, mentres algunha presta o HADO a todo o seu territorio, na de Santiago de Compostela e Barbanza ese servizo só lle corresponde a pacientes da capital galega e aos que habitan nunha área de ata 25 quilómetros da Unidade, deixando así fóra a núcleos como Rianxo, por exemplo.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 28/07/2022 11:35:38

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2022 11:36:08

Marina Ortega Otero na data 28/07/2022 11:36:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desenvolver políticas que fomenten a corresponsabilidade ten un impacto profundo na igualdade, pero tamén, como é lóxico, na economía e na calidade da sociedade. O ansiado cambio de paradigma no social, no laboral pero tamén no ámbito dos coidados debería condicionar as accións políticas e económicas futuras.

O obxectivo debe ser conseguir, a través de políticas transversais, a participación equilibrada entre mulleres e homes na vida familiar e no mercado de traballo coa reestruturación e reorganización dos sistemas laboral e educativo e dos recursos sociais, co fin de introducir a igualdade de oportunidades no emprego, variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.

Segundo o último Baremo do CIS a respecto desta cuestión, o 82 % das persoas coidadoras principais de menores de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5 % as avoas e só o 4,8 % os pais. Indica tamén que as mulleres empregan entre 4 e 5 horas diarias a tarefas domésticas, mentres que os homes empregan pouco máis dunha hora.

Co último estudo do IGE como referencia (2017), o 14,85 % das mulleres pedían redución de xornada no seu traballo para coidar algún menor de entre 0 a 12 anos, mentres que a porcentaxe de homes era do 5,06 %.

Todos estes datos, que coa pandemia aínda empeoraron e puxeron de manifesto a realidade da maioría das mulleres galegas, demostran que non podemos deixar de lado a clara relación entre a carga de traballo doméstico e a actividade laboral das mulleres.

Diante desta situación, que manifesta un escenario pouco alentador sobre a necesaria xestión corresponsable dos coidados, as Administracións públicas deberan focalizar os seus esforzos en asegurar políticas que favorezan que a carga de traballo non remunerado, doméstico ou de coidados, sexa compartida por todos os membros da familia, con obrigas non diferenciadas por xénero. Do contrario, o dereito a traballar fóra da casa seguirá sendo imposible para un gran número de mulleres.



Conscientes desta situación, na Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 os tres grupos parlamentarios acordaron instar a Xunta “a reforzar o apoio aos programas de conciliación e corresponsabilidade a fin de rematar coa discriminación, e así facilitar a igualdade no acceso ao emprego e no desenvolvemento da carreira profesional das mulleres galegas”.

Mais a realidade foi que nos orzamentos do exercicio 2022 o Goberno galego reduciu brutalmente o programa destinado a corresponsabilidade e conciliación, sendo unha das partidas que sufriu un dos maiores recortes (máis dun 25 % con respecto a 2021) de todas as contas. Tampouco tivo lugar a actualización do Plan de conciliación e corresponsabilidade, mandatada, por certo, por este mesmo Parlamento.

No século no que debemos centrar todos os nosos esforzos na corresponsabilidade e a xestión compartida dos coidados, primeiro chanzo da ansiada igualdade e paso previo á conciliación real, o Grupo Parlamentario Socialista entende que o Goberno galego debe asumir a responsabilidade que lle corresponde e dar resposta ao mandato do Parlamento galego impulsando unha repartición máis igualitaria entre mulleres e homes da carga dos coidados, coa aprobación de novas medidas que incentiven a corresponsabilidade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Contempla o Goberno galego elaborar este ano un novo plan galego de conciliación e corresponsabilidade logo de avaliar o que rematou en 2021?

Pazo do Parlamento, 28 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/07/2022 11:40:34

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2022 11:40:53


Noelia Otero Lago na data 28/07/2022 11:41:03





Marina Ortega Otero na data 28/07/2022 11:41:16





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-H6bLHnbEx-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

